# INDICE

## Sumario

INDICE....2
IDENTIFICACIÓN....5
1. ANÁLISE DO CONTEXTO....5
1.1. Identificación....5
1.2. Contextualización....5
2. ANÁLISE DO CENTRO....6
3. ANÁLISE DO ALUMNADO....8
BLOQUE I....10
1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO....10
2. MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS PARA TAL EFECTO....12
BLOQUE II....15
1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE....15
1.1. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN....15
1.2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO....16
1.3. IDENTIFICACIÓN, VALORACIÓN E INTERVENCIÓN DAS NECESIDADES....19
1.4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS....21
1.5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN....24
1.6. DESCRICIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE....25
1.6.1. Medidas de atención á diversidade....25
1.6.2. A nivel do Centro....25
1.6.3. A nivel da Aula....26
1.6.4. A nivel do alumnado....26
1.6.4.1. Reforzo educativo....28
1.6.4.2. Adaptación Curricular....28
1.6.4.3. Agrupamentos flexibles....29
1.6.4.4. Flexibilización....29
1.6.5. Medidas preventivas....29
1.7. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....29
1.8. TEMPORALIZACIÓN....33
1.9. AVALIACIÓN....34
1.10. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA....34
2. ANEXO DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA....35
2.1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA....35

2.2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS COMÚNS A TÓDOLOS PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN....36
2.2.1. Obxectivos xerais:....36
2.2.2. Obxectivos específicos:....37
2.3. COMPETENCIAS CLAVE....38
2.4. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E PRIORIDADES. CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DAAULA DE REFERENCIA....38
2.5. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROGRAMA OU ÁMBITO DE INTERVENCIÓN....39
2.6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS....46
2.6.1. Recursos persoais do centro:....46
2.6.2. Recursos persoais externos ao centro:....46
2.6.3. Recursos materiais:....46
2.7. COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS....47
2.8. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA....48
2.8.1. Programa de intervención nº :....48
2.8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación....48
2.9. MODELOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE....49
3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA....50
3.1. CALENDARIO E XORNADA ESCOLAR....50
3.2. ORGANIZACIÓN XERAL DE ESPAZOS....51
3.3. CRITERIOS DE CALIDADE....52
3.4. ADSCRICIÓN FUNCIONAL PARA O CURSO 2023/2024....53
3.4.1. Persoal docente: recollido no DOC....53
3.4.2. Persoal non docente:....53
3.4.3. Persoal de administración e servizos:....53
3.4.4. Ciclos e equipos....53
4. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO....53
5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO....54
6. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS....60
7. LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2023/2024....61
8. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA....64
8.1. PROXECTO PLURILINGÜE/ PROXECTO INFANTIL....64
8.2. PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR....68
8.3. PLAN DE FORMACIÓN EN CENTROS....79
9. PROXECTO LINGÜÍSTICO....79
10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA....89
10.1. INTRODUCIÓN....89
10.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA....90
10.3. PLAN XERAL PARA A POTENCIACIÓN DO USO DO GALEGO....90

10.4. PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO EN LINGUA GALEGA....91
10.5. OBXECTIVOS....92
10.6. ACTIVIDADES....94
10.7. CONCLUSIÓN....97
11. DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS....98
11.1. XOGO E EDUCACIÓN....98
11.2. VISITAS – SAÍDAS DIDÁCTICAS:....99
11.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS....100
12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA....107
12.1. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO E FAMILIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E AOS ALUMNOS/AS DE NOVA MATRÍCULA....107
12.2. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO 107
13. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR....109
14. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO....110
15. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA....110
**ANEXOS**....111
I. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC....111
II. PLAN DIXITAL....126
III. PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE: CONCRECIÓN ANUAL....127
IV. PROGRAMACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL....137
V. PROA+....142
VI. PLAN DE RECUPERACIÓN....158
VII. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO....163
VIII. PLAN DE IGUALDADE....167
IX. PLAN DE CONVIVENCIA....183
X. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN....213

# IDENTIFICACIÓN.

## 1. ANÁLISE DO CONTEXTO

### 1.1. Identificación

**Denominación:** CEIP Plurilíngüe Cardeal Quiroga Palacios

**Domicilio:** Rúa Villaldía 33-35 - 15706 - Santiago de Compostela

**Teléfono:** 981 543 181

**Fax:** 981 520 196

**Enderezo electrónico:** ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.es

### 1.2. Contextualización

O Centro está situado na zona de Monte de Conxo, no barrio do mesmo nome. Pertence á parroquia de Nosa Sra. da Merced. É unha zona de expansión urbanística nos últimos anos.

As rúas que están preto do Centro son: Monte de Conxo, Rúa de José Angel Valente, Ricardo Bescansa e Avenida de Ferrol, rúa Luis Pasín.

O barrio conta con dous centros socio culturais: a Asociación Cultural Aurelio Aguirre e o Centro socio-cultural de Sta Marta, que promoven diversas actividades e actos culturais ao longo do ano. Destas actividades participan alumnos e alumnas do Centro, así como algúns pais e nais.

Está en funcionamento unha gardería municipal da que recibimos alumnos para iniciar o 2º ciclo da E. Infantil; así como doutras garderías de carácter privado.

Próximos ao Colexio hai tres centros de Saúde: o Centro de Atención Primaria, o Hospital de Conxo e o Hospital Clínico.

Existe boa relación co Concello de cara á participación do noso alumnado nas actividades ofertadas por este, e tamén para o bo funcionamento do Centro. Tanto en setembro como en xuño hai unha semana de Escola de Verán.

# 2. ANÁLISE DO CENTRO

Centro de titularidade pública, creado no curso 1967/1968 e ubicación urbana.

Impártense os niveis educativos de Infantil e Primaria.

No presente curso 2023/2024 ten 23 unidades en funcionamento, sendo 7 de educación Infantil e 16 de primaria.

É un centro adscrito ao IES Eduardo Pondal.

Actualmente ten  alumnos: 142 no segundo ciclo de educación infantil e 361 en educación primaria, o que fai un total de 503 alumnos/as.

Conta con 37 mestres e mestras, repartidos en:

- 9 de infantil (7 titoras e 2 de apoio).
- 16 titores de primaria (2 deles con perfil de inglés e un con perfil de EF).
- Especialistas:
- 1 de música
- 3 de inglés
- 2 de EF
- 2 PT
- 2 AL
- 1 OR
- 1 de relixión católica.

O horario lectivo é de xornada continua, de 09:15 a 14:15 horas, ao cal engadimos horario de Madrugadores e Comedor.

O horario de atención ás familias por parte do equipo docente é os martes de 16:15 a 17:15 horas. Así mesmo, estará o horario do equipo directivo a disposición da comunidade educativa.

As linguas de aprendizaxe no noso centro son o galego e o castelán, tendo tamén o inglés como lingua de importante presenza ao ser un centro plurilingüe (a materia de Plástica impártese nesta lingua en primaria). O centro está integrado no programa de Plurinfantil, engadindo dúas sesións en inglés no horario semanal de E. Infantil.

Instalacións:

- Despachos (Dirección- Secretaría- Xefatura de Estudos- Departamento de Orientación-UACO)
- Espazo de Conserxería – espazo da ANPA
- Comedor
- Biblioteca de Centro / Aula de Informática
- 13 aulas de Primaria / 8 aulas de Infantil
- Aula de Relixión / Corredor de Música / PT / AL /
- Espazo de psicomotricidade
- As aula de música e relixión están nas novas dependencias (antigo CEFORE).

Para o tempo de lecer e distinto tipo de actividades, contamos con 3 patios de recreo: o de primaria (dividido en 3 partes independentes), o de infantil, o da entrada que está parcialmente cuberto e a parte dianteira do antigo CEFORE.

O Colexio utiliza o Pavillón Polideportivo Municipal para as súas actividades de Educación física.

Este Colexio está adscrito ao IES Eduardo Pondal, situado no mesmo barrio representado no Departamento de Orientación do citado instituto pola orientadora.

# 3. ANÁLISE DO ALUMNADO

O alumnado do Centro procede na meirande parte da área de Conxo e da zona de influencia: A Rocha, Vidán, Mestre Mateo, Santiago de Chile, Praza Praza Roxa, Avda. de Vilagarcía e un nutrido número de alumnos procedentes da zona do Milladoiro no Concello de Ames.

A maioría do alumnado que se incorpora en Infantil asiste previamente a diferentes garderías o que facilita moito a súa adaptación.

Contamos cun número importante de familias procedentes doutras culturas e países.

<u>Total alumnado e grupos</u>

| INFANTIL E PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| | **Curso** | **Alumnado** | **Grupos** |
| **Educación infantil** | 4º ed. Inf. | 42 | 2 |
| | 5º ed. Inf. | 44 | 2 |
| | 6º ed. Inf. | 56 | 3 |
| **Totais de educación infantil** | | **142** | **7** |
| **Educación primaria** | 1º | 72 | 3 |
| | 2º | 63 | 3 |
| | 3º | 67 | 3 |
| | 4º | 50 | 2 |
| | 5º | 50 | 2 |
| | 6º | 58 | 3 |
| **Totais de educación primaria** | | **361** | **16** |
| **Total xeral** | | **503** | **23** |

| COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO | | | |
|---|---|---|---|
| | **Catalogadas** | **En funcionamento** | **Diferenza** |
| **Educación infantil** | 6 | 7 | 1 |
| **Educación primaria** | 12 | 16 | 4 |

# BLOQUE I

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO.

- Potenciar as estruturas verticais e horizontais existentes no centro.
- Impulsar e poñer en marcha programas de innovación e formación que melloren o funcionamento do Centro.
- Favorecer o éxito escolar.
- Potenciar a aprendizaxe das instrumentais.
- Desenvolver Programas de Animación á lectura.
- Potenciar a utilización da biblioteca de aula e/ou de Centro.
- Inculcar hábitos de estudio correctos: Aprender a aprender.
- Unificar os criterios metodolóxicos.
- Impulsar a utilización das novas tecnoloxías.
- Favorecer unha cultura de avaliación.
- Facilitar a comunicación entre as familia e o Centro Educativo.
- Potenciar a introdución dos temas transversais.
- Contribuír á dinamización lingüística.
- Facilitar os recursos adecuados para o coñecemento das linguas oficiais ao alumnado procedente doutras comunidades e/ou países.
- Potenciar o coñecemento e uso dunha lingua estranxeira como vehículo de comunicación.

- Xestionar os recursos humanos e materiais para ofertar unha educación axustada ás demandas sociais.
- Promover a dotación de equipamento .
- Procurar a relación con centros do entorno e as institucións.
- Coordinar a actuación do equipo directivo e os distintos equipos de traballo.
- Dar a coñecer o Centro.
- Favorecer o proceso de adaptación.
- Favorecer a interculturalidade.
- Favorecer as relacións interpersoais de cara á mellora da convivencia.
- Impulsar o proxecto de integración proporcionando ao profesorado os recursos para atender á diversidade.
- Promover o respecto de toda a comunidade educativa así como o coidado das instalacións do centro e do seu contorno.
- Estimar a lingua galega como propia, dominándoa con coherencia tanto a nivel oral como na escrita, e como base de comunicación e asentamento de aprendizaxes posteriores.
- Estimular e desenvolver parámetros que potencien o uso das tres linguas do centro: galego, castelán e inglés, segundo a lexislación vixente para centros plurilingües.
- Desenvolver no alumnado actitudes sociais básicas para unha axeitada convivencia no marco da escola e da súa comunidade: favorecer a comunicación e o diálogo, a participación activa, o sentido crítico, a responsabilidade, o respecto polas ideas e traballos dos demais, a tolerancia e a cooperación, as actitudes pacíficas na resolución de conflitos.
- Incidir no respecto ao medio ambiente e a sostibilidade.

- Desenvolver no alumnado unha capacidade de razoamento acerca de cuestións sociais básicas: conservación do entorno, procesamento de residuos, reciclaxe de material de desfeito…
- Potenciar a utilización das TIC como recurso didáctico.
- Favorecer a atención personalizada do alumnado a partir do intercambio de información entre o equipo docente.
- Optimizar a xestión dos recursos económicos

## 2. MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS PARA TAL EFECTO.

- Potenciar a participación en concursos e actividades fóra do colexio (redacción, debuxo...).
- Potenciar a lectura en galego, castelán e inglés.
- Intentar a colaboración de todos os alumnos/as nas distintas tarefas do colexio (festas, festivais, magosto, deportes).
- Uso da biblioteca do colexio e das da contorna.
- Exposición virtuais no centro e de cara a toda a comunidade educativa dos traballos realizados polo alumnado.
- Asistencia a outros tipos de actividades fóra do centro relacionadas con temas transversais, obras de teatro, concertos, contacontos, exposicións…, a realizar en canto a situación socio sanitaria o permita.
- Elaboración de actividades centradas na colaboración entre todo o alumnado.
- Fomentar as campañas de reciclaxe para a protección do medio ambiente.

**OUTRAS ACTIVIDADES:** O equipo de extraescolares buscará alternativas para a celebración de magosto, Samaín, Nadal, Semana da Prensa, Letras Galegas,… No Día do libro realizaranse campañas de animación á lectura e encontros con escritores.

O equipo de Tic's non se encargará de ningunha das celebracións en concreto, pero colaborará en todas.

**Celebracións establecidas na orde calendario escolar a realizar:**

Como norma xeral as celebracións e conmemoracións levaranse a cabo nas aulas debido ás circunstancias nas que nos atopamos. Procurarase buscar outras maneiras para compartir e celebrar estas datas (virtualmente, con presentacións audiovisuais...)

- *11 de outubro* día pola igualdade de trato e a non discriminación, escollido polo centro para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.
- *20 de novembro,* Día Universal da Infancia: titorías
- *25 de novembro,* Día Internacional contra a Violencia de Xénero: extraescolares do 28 de novembro ao 5 de decembro, conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: titorías
- *3 de decembro,* Día Internacional das Persoas con Discapacidade: DO/extraescolares
- *10 de decembro,* Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: titorías/relixión/Valores 6º
- *24 de xaneiro,* Día internacional da Educación: titorías
- *30 de xaneiro,* Día Escolar da non Violencia e da Paz: extraescolares
- *23 de febreiro,* Día de Rosalía de Castro: titorías / EDLG/ biblioteca
- *Do 4 ao 8 de marzo,* Semana da Prensa: titorías, biblioteca, extraescolares e EDLG

- *8 de marzo*, Día Internacional da Muller: extraescolares, biblioteca e EDLG
- *15 de marzo,* Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: titorías
- *1 de abril,* Día das Artes Galegas: Arts, biblioteca e EDLG
- *7 de abril,* Día Mundial da Saúde: titorías
- *Do 22 ao 26 de abril,* Semana do Libro: Biblioteca e EDLG
- *2 de maio,* Día Internacional contra o Acoso Escolar: titorías/ DO
- *9 de maio,* Día de Europa: titorías
- *Do 13 ao 17 de maio,* Semana das Letras Galegas: Biblioteca e EDLG
- *5 de xuño,* Día Mundial do Ambiente: titorías.
- *14 de xuño* o día da LSE conxuntamente co día da xordocegueira: LSE, DO e EDLG.

Así mesmo unirémonos á conmemoración do "Banquete de Conxo", organizado polo Concello de Santiago, aínda sen datar.

Cando algunha das datas sinaladas anteriormente sexa sábado, domingo, festividade local ou período de vacacións, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior.

# BLOQUE II

## 1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

### 1.1. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Introdución

Vivimos nunha sociedade na que hai persoas diferentes, ben pola súa procedencia cultural, pola súa situación social ou polas características persoais. Dende a escola debemos dar resposta a esta diversidade, polo que se fai necesario ter unha certa marxe de autonomía e goberno. Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, a intervención educativa debe contemplar como principio fundamental a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, motivacións e estilo cognitivo dos nenos e das nenas, xa que é moi importante nestas idades o ritmo e o proceso de maduración. Polo tanto, e tendo en conta as propostas das diferentes administracións educativas, o noso centro facilitará a coordinación entre todos os membros da comunidade educativa, así como con axentes externos, para favorecer a atención á diversidade, e máis concretamente a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Enténdese como atención á diversidade segundo o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade en Galicia o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Nesta liña e tendo como marco lexislativo a Orde do 8 de setembro, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de

aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa educativa de referencia, proponse o Plan Xeral de Atención á Diversidade, definido no Decreto 229/2011 como o conxunto de actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

## 1.2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios conta cun total de 23 unidades, polo que, facendo referencia á Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia; presenta un Departamento de Orientación propio.

Partindo das necesidades orientadoras que presenta a comunidade educativa do centro e tendo en conta as propostas do curso pasado, intentaremos constituír un exercicio de participación e compromiso persoal coa orientación, entendida como un proceso de axuda que, máis alá de poñer a atención exclusivamente no alumnado, concibe a toda a comunidade educativa como unha organización. Para poder levar a cabo o desenvolvemento da planificación no presente curso 2023-24 e tendo en conta as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que figuran na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e innovación educativa; este Departamento terá o seguinte funcionamento:

- Reunións semanais e mensuais.
- Reunións con servizos e institucións externas ao centro.

- Asistencia ás xuntanzas do IES Eduardo Pondal (IES adscrito no mesmo barrio).

Do mesmo xeito, dita normativa, establece actuacións comúns para a totalidade dos departamentos de orientación, relativas á inclusión e á diversidade, á acción titorial, á convivencia e educación e valores, ó plan de orientación, plan anual e memoria anual; á avaliación e, finalmente, ó Drdorienta. Neste último caso, debe facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática co mesmo nome.

As demandas recibidas no Departamento de Orientación proceden tanto do profesorado como das familias, así as accións deste órgano de coordinación docente, están fundamentalmente dirixidas ao alumnado con necesidades específica de apoio educativo. Sen esquecer isto, a orientación debe ter unha intervención preventiva sobre todo á comunidade educativa, tendo en conta que o/a alumno/a está interactuando nun contexto formado por un grupo de sistemas que son a familia, o centro, a aula, o profesorado, a metodoloxía ou os compañeiros/as.

<u>Análise da contorna</u>

O centro localízase no Monte de Conxo, no barrio do mesmo nome, pertencente á localidade de Santiago de Compostela; unha zona de expansión urbanística nos últimos anos.

O barrio conta coa Asociación Cultural Aurelio Aguirre que promove diversas actividades e actos culturais ó longo do ano. Destas actividades participan alumnos e alumnas do Centro; así como algúns pais e nais. Está en funcionamento unha gardería municipal da que recibimos alumnos para iniciar o 2ª ciclo da E. Infantil; así como doutras garderías de carácter privado. Próximos ao Colexio hai dous centros de Saúde: o Centro de Atención Primaria e o Hospital de Conxo.

<u>Características do centro</u>

O centro CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, de titularidade pública, foi creado no curso 1967-1968. O seu enderezo é Rúa Villaldía 33-35; 15706; Santiago de Compostela (A Coruña) e con enderezo electrónico: ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.es.

No presente curso o centro ten 23 unidades en funcionamento, sendo 8 unidades de Educación Infantil e 15 unidades de Educación Primaria. Ademais do persoal docente, o centro conta con persoal non docente: dúas intérpretes de lingua de signos, unha mediadora da ONCE., un auxiliar de conversa, dúas persoas auxiliares coidadoras, unha administrativa, unha conserxe, dúas limpadoras e varios monitores e monitoras de transporte e comedor.

O calendario escolar axústase ao fixado pola Consellería de Educación na ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a xornada escolar segue o establecido na Programación Xeral Anual con horario continuo de 9:15 a 14:15 horas (nos minutos previos vaise recepcionando ao alumnado). Cómpre mencionar que se estende co servizo de Madrugadores xestionado polo concello (de 7:30 a 9:05) xunto co comedor, actividades extraescolares reguladas pola ANPA e a biblioteca que oferta o propio centro. Os martes o profesorado permanece no centro escolar dende as 16:15h ata as 18:45h, destinando este tempo a titorías e reunión de niveis, de equipos, de departamento de orientación e a claustros. O noso centro conta tamén con servizo de transporte, regulado no Real Decreto 443/2001, contando con 3 liñas.

<u>Análise do alumnado</u>

A maioría do alumnado que se incorpora á etapa de Educación Infantil asiste previamente a diferentes garderías da zona, o que facilita a súa adaptación. Destacar tamén un importante número de procedentes familias doutros países e culturas, o que fai que exista unha gran diversidade no centro educativo, estando presentes ata un total de 22 nacionalidades. Existe un importante número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que reciben atención por parte dos especialistas de pedagoxía terapéutica e/ou audición e linguaxe así como con profesorado con dispoñibilidade horaria.

As familias do centro

Atendendo ao nivel socioeconómico das familias do centro indicar que é medio. Moitas delas totalmente implicadas co centro, acoden as titorías cos mestres/as, preocúpanse pola evolución dos fillos/as, axúdanos a adquirir responsabilidades, rutinas,...

Así como temos casos de familias totalmente despreocupadas, que non responden ás medidas propostas polo centro de cara ao desenvolvemento dos nenos e nenas, non se implican, ou non acoden ou envían aos seus fillos/as ao centro, tendo que colaborar, nalgúns casos, cos servizos sociais do concello así como co de menores dada a tutela dos nenos/as coincidindo estes casos con familias en situacións de privación sociocultural.

## 1.3. IDENTIFICACIÓN, VALORACIÓN E INTERVENCIÓN DAS NECESIDADES

Para poder dar resposta á diversidade é necesario observar detidamente as necesidades que existen a nivel educativo; desta forma poderemos actuar tanto a nivel de aula e de centro, como a nivel das familias.

O Departamento de Orientación será o encargado de atender ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Estas son entendidas, segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; como aquelas que presenta o alumnado que, de forma temporal ou permanente, precisa apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais,

por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Para este curso 2023-2024 o noso centro conta cun total de 93 alumnado NEAE.

As necesidades serán valoradas sempre en coordinación e contando coa colaboración do equipo de docentes. Para a realización deste diagnóstico de necesidades utilizaremos diversos métodos e técnicas e instrumentos de traballo: observación, revisión de documentos, entrevistas, cuestionarios de necesidades, tests diagnósticos, revisión de expedientes e informes de avaliación, reunións cas titoras ou titores..

As conclusións extraídas deste estudo van xerar unha serie de necesidades nos distintos ámbitos, entre as cales podemos destacar:

**En canto ao alumnado:**

- Progresar en todos os ámbitos de desenvolvemento: comunicativo – lingüístico, perceptivo – motriz, cognitivo e socio – afectivo.
- Mellorar as habilidades sociais. Importancia das normas sociais.
- Traballar as emocións. Intelixencia emocional.
- Mellorar a atención (moito alumnado con déficit de atención).
- Educar para a solidariedade. Tolerancia e respecto. Concienciar ao alumnado sobre a diversidade.

**En canto ao centro:**

- Maior coordinación entre todos os profesionais, internos e externos, que atendan ao alumnado.
- Participar na elaboración dos obxectivos do centro e asumilos.
- Informar das medidas de atención á diversidade.
- Coñecer a nova normativa relativa á atención á diversidade.

- Potenciar a participación do profesorado nas distintas actividades que se leven a cabo no centro, partindo dun clima de traballo en equipo.
- Manter relacións fluídas coas familias.

**En canto ás familias:**

- Implicar ás familias nas actividades levadas a cabo dende o centro e dende o DO.
- Apoio e asesoramento na educación conxunta dos seus fillos e fillas.
- Mediar, con coñecemento de causa, en posibles situacións de conflito e informar á familia.

Na intervención das necesidades priorizarase a atención ao alumnado con maior dificultade, e aqueles casos nos que se esgotaran as medidas ordinarias de atención á diversidade. Atenderase preferentemente ao alumnado da seguinte forma:

1.º.Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.(NEE)

2.º.Alumnado con Adaptación Curricular Significativa.

3.º.Alumnado con informe psicopedagóxico que determine a necesidade da intervención especializada.

4.º.Alumnado que repita curso e non se prevé que acade os obxectivos de nivel co reforzo educativo.

5.º.Alumnado con Altas Capacidades

6.º.Priorizarase atención dos cursos inferiores aos superiores.

## 1.4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos vanse desenvolver nos seguintes eidos: a atención á diversidade e ao proceso de ensino-aprendizaxe, a acción titorial e o asesoramento en momentos

decisivos da escolaridade así como a coordinación coas familias. Sendo os obxectivos que nos propoñemos acadar os seguintes:

**Obxectivos referidos ao departamento:**

- Potenciar o desenvolvemento integral do alumnado.
- Promover a detección precoz de dificultades así como a atención temperá.
- Elaborar e recompilar documentos e material diverso necesario para o funcionamento do departamento.
- Cumprimentar os documentos de recollidas de datos: DrdOrienta e DrdAdi.
- Realizar valoracións psicopedagóxicas nos casos que así o precisen.
- Retomar as derivacións pendentes ao EOE así como as novas que poidan xurdir.
- Adquirir recursos bibliográficos, de diagnóstico e curriculares.
- Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do contorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, asociacións, etc.
- Fomentar a colaboración e apoio entre tódolos membros do equipo.
- Organizar dixitalmente a información relativa ao alumnado.
- Planificar e levar a cabo as conmemoracións asignadas ao departamento: 25 de novembro ( Día Internacional da eliminación da Violencia contra a Muller , 3 de decembro de 2021( Día Internacional das Persoas con Discapacidade), 2 de maio de 2022 ( Día Internacional contra o Acoso Escolar) e 14 de xuño (Día Nacional das Linguas de Signos Españolas).

**Obxectivos referidos ao alumnado:**

- Axustar a resposta educativa atendendo á diversidade.
- Colaborar na planificación e organización educativa do centro.

- Previr, detectar e colaborar nas estratexias de intervención adecuadas para o desenvolvemento integral do alumnado.
- Atender as demandas persoais de orientación, así como dar resposta ás necesidade específicas de apoio educativo que se presenten.
- Identificar e valorar as dificultades e potencialidades do alumnado, co fin de adoptar medidas preventivas e compensadoras.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

**Obxectivos referidos ao profesorado:**

- Coordinar a actuación de titoras e titores, especialistas en PT, especialistas en AL e profesorado de apoio a primaria, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado, facendo as propostas necesarias á xefatura de estudos.
- Asesorar e colaborar cos titores na elaboración de reforzos educativos ou adaptacións curriculares se é preciso.
- Colaborar e apoiar no desenvolvemento da acción titorial.
- Asesorar e completar a avaliación inicial do alumnado, que comeza a súa escolarización no centro, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que se consideren pertinentes.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos e medios, así como estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.

**Obxectivos referidos ás familias:**

- Colaborar coas familias na educación e atención dos seus fillos/as, especialmente daqueles que teñan algún tipo de dificultade.
- Potenciar a relación familia-escola.

- Buscar e proporcionar información para favorecer o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Asesorar e axudar a solicitar, se fose necesario, as axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para este curso académico.

**Obxectivos referidos ao persoal non docente:**

- Coordinar as actuacións necesarias coa ILE, coa mediadora da FOAPS e co persoal auxiliar coidador..

**Obxectivos referidos á colaboración con servizos e institucións externas ao centro:**

- Establecer canles de coordinación entre o DO deste centro e o DO do IES, de xeito que facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- Solicitar sempre que sexa preciso o asesoramento do Equipo de Orientación Específico en temas que se considere oportuno.
- Fomentar a colaboración cos Servizos Sociais do Concello así como con outras entidades que poidan axudar a unha mellor integración do alumnado.
- Realizar reunións con asociacións externas.

## 1.5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Seguindo o establecido na Circular 18/2007 e sen prexuízo das funcións establecidas na lexislación vixente para os servizos de orientación, estes departamentos deberán priorizar as seguintes accións:

- Actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo; así como asesoramento e colaboración na redacción do mesmo.
- Promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.
- Asesorar, colaborar e incorporar contidos no plan de acción titorial.

- Atender a toda a diversidade no centro: identificación temperá das necesidades, medidas de apoio e/ou reforzo e coordinación co orientador/a do Instituto de Educación Secundaria da zona.
- Aumentar a participación e implicación familiar.
- Propoñer medidas procurando diminuír o absentismo escolar o abandono temperá dos estudos.
- Ofrecer asesoramento ás persoas adultas.

## 1.6. DESCRICIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

### 1.6.1. Medidas de atención á diversidade

Enténdese, segundo o Decreto 229/2011 por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

### 1.6.2. A nivel do Centro

As medidas de atención á diversidade deseñadas desde o centro trátanse tendo como referencia aos currículos establecidos para as etapas de Educación Infantil e Primaria segundo a :

- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

No centro respóndese á atención á diversidade a través do seu Proxecto Educativo e todos os Plans e Proxectos que o conforman así como a PXA.

### 1.6.3. A nivel da Aula

Os e as docentes deberán acomodar o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, polo que deberá facer unha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos, dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe.

Para isto, é necesario que o titor/a coordine ao profesorado que incide no seu grupo que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo de aprendizaxe de cada un; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a; que observe as relacións que se establecen dentro e fóra aula; que demande o asesoramento preciso.

Intentarase priorizar aquelas actuacións que poidan utilizarse a nivel xeral, de xeito que todo o grupo poida beneficiarse delas e específicamente, o alumnado que máis o precise.

### 1.6.4. A nivel do alumnado

Seguindo o Decreto 229/2011 as medidas de atención á diversidade clasifícanse en:

Medidas ordinarias que son aquelas que non alteran os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos instrumentos de avaliación e dos tempos.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

f) Desdobramentos de grupos.

g) Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria

h) Programas de enriquecemento curricular.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar insuficientes e necesitarán a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificado do correspondente Servizo de Orientación:

a) Adaptacións curriculares.

b) Agrupamentos flexibles.

c) Apoio do profesorado de PT e AL

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

e) Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento

f) Atención educativa a aqueles alumnos que por razóns diversas, presentan dificultades para una asistencia continuada ao centro educativo.

g) Grupos de adquisición de linguas

h) Grupos de adaptación da competencia curricular.

*1.6.4.1. Reforzo educativo*

Medida Ordinaria que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos de alumnos e todo aquilo incluído no ámbito da metodoloxía; seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021.

Esta medida non suporá necesariamente medidas extraordinarias nin autorización para ser levadas a cabo. Son dirixidas a alumnado que, con estas modificacións poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Son elaboradas polo mestre titor/a que imparte a área ou materia na que o discente necesita o reforzo. Este comunicarallo ao equipo directivo é a familia do discente. Desenvolverase no contexto de aula ordinario e reflectirase no expediente académico do alumno/a como RE e farase constar cun comentario no informe ás familias.

*1.6.4.2. Adaptación Curricular.*

A Orde do 8 de setembro de 2021 defíneas como modificacións de un ou máis elementos prescriptivos do currículo como obxectivos, contidos e criterios de avaliación para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como por capacidades excepcionais. Van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os referentes serán os obxectivos xerais de etapa e realizaranse unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Precisarán a autorización de Inspección Educativa e deseñaranse por parte do mestre/a que imparte a área ou materia do alumno/a co asesoramento do responsable en orientación e de ser o caso do EOE.

*1.6.4.3. Agrupamentos flexibles.*

Esta medida, recollida no artigo 56 da Orde de atención á diversidade, é de carácter extraordinaria, por precisar autorización da Inspección educativa, coa finalidade de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe . Consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe.

*1.6.4.4. Flexibilización.*

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.

Para a aplicación desta medida extraordinaria será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas das previstas para a atención das necesidades específicas do alumnado. Compre ter en conta os prazos de tramitación tanto para a redución coma para ampliación do periodo de escolarización.

**1.6.5. Medidas preventivas**

Conformadas por todos aqueles programas e protocolos dirixidos a todo o alumnado coa intención de fomentar un óptimo desenvolvemento do currículo.

## 1.7. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade, e en especial ó alumnado con NEAE, deberá contar cunha dotación adecuada de material, de profesorado especialista (PT, AL, orientador...), espazos e tempos. En consecuencia, cando do alumnado con necesidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que

profesorado especialista se require para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade. A escolarización de alumnos e alumnas con NEAE requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes/as presenten.

Destacamos como unha liña base de organización as reunións do Departamento de Orientación, onde se coordinarán consensuadamente as intervencións e se establecerán os criterios para a organización de ditas intervencións. Así mesmo, consideramos como criterios de importancia a ter en conta á hora de organizar os recursos e as medidas de atención á diversidade os seguintes:

<u>En canto á organización dos recursos persoais:</u>

O centro conta coa seguinte dotación de persoal específico para atender ao alumnado con NEAE:

**Compoñentes do DO:**

- 2 mestras especialistas en Pedagoxía Terapéutica: Miriam García Sánchez e Iria García Fernández.
- 2 mestras especialistas en Audición e Linguaxe (tendo unha delas redución horaria por ser a secretaria do centro) : Marta Teresa Conde Valverde e Sara Sobrido García.
- A orientadora: M.ª del Pilar López Freire
- Coordinadora na etapa de Educación Infantil.
- Coordinadoras e coordinadores de ciclo na etapa de Educación Primaria.

O resto de mestras e mestres do centro: titores e mestres especialistas en Música, Educación Física ou lingua estranxeira (Inglés) deberán realizar e colaborar nas medidas curriculares que poidan favorecer a atención á diversidade de todo o alumnado.

Criterios para a organización dos recursos persoais:

- As intervencións poderán organizarse de forma individual ou en pequeno grupo e estarán vinculadas sempre ao currículo escolar.
- Poderán levarse a cabo tanto dentro como fóra da clase priorizando que sexa dentro por ser o contexto máis normalizado posible.
- Os apoios irán dirixidos a reforzar un desenvolvemento integral.
- Procurarase que os tempos de apoio nunha determinada materia se correspondan co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titora/titor- mestra/e de apoio- orientador.
- Horario e número de apoios será determinado polo departamento de orientación, sendo flexible en función da evolución do alumno/a.
- As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será adoptada pola xefa do D.O., en colaboración ca titora e co profesorado de apoio.

En canto á organización dos recursos materiais:

Teremos en conta que os materiais están intimamente relacionados con todos os elementos da acción educativa e especialmente coa metodoloxía e o tipo de actividades a realizar. Os recursos son facilitadores da aprendizaxe, non condicionantes del. A súa finalidade esencial é apoiar o labor de ensino, axudando á presentación de contidos, motivando e reforzando a aprendizaxe, guiando a actividade do alumno/a, provocando experiencias de aprendizaxe. Na selección do material didáctico teremos en conta que este sexa motivador, apoie a presentación dos contidos a aprender, estea ben estruturado.

En canto á organización dos tempos e dos espazos:

Tendo en conta a información de que dispoñemos sobre as características dos nosos alumnos/as, a análise da previsión de apoios realizada o curso anterior, os alumnos/as de nova matrícula susceptibles de apoio e o horario de asignación ao centro do profesorado especialista, farase unha primeira proposta dos alumnos/as susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado de PT e/ou AL e aqueles que van recibilo por parte do profesorado ordinario. En función das características de cada grupo-clase e das posibilidades reais que ofreza o centro, farase unha previsión dos tipos de apoio que conveña organizar (desdobres, agrupamentos flexibles, atención individualizada ou en pequenos grupos,…)

Os profesores especialistas en PT, AL e a orientadora, poderán e deberán orientar e achegar ao profesorado material e pautas adecuadas para atender aos alumnos/as.

As familias dos alumnos/as que van recibir algún tipo de apoio educativo, ben por parte do profesorado especialista ou ben por parte do profesorado ordinario, deberán ser previamente informadas polo profesor titor sobre as medidas que se van a adoptar co seu fillo/a e dos obxectivos que se pretenden conseguir.

Criterios para a distribución de espazos e tempos:

Os criterios xerais para decidir se os alumnos reciben a atención dentro ou fóra da aula, se será apoio individual ou en grupo ou se o apoio será previo, durante ou posterior á actividade da aula ordinaria, será unha decisión coherente, coordinada e consensuada entre o mestre ou mestra especialista, titor/a, profesor de área, Equipo Directivo e DO. En xeral os apoios:

- Realizaranse dentro da aula cando non supoña unha alteración do desenvolvemento da clase e/ou o alumno/a poida seguir en certa medida os contidos da aula.
- Realizaranse fóra da aula para traballar aspectos concretos das necesidades do alumno e/ou cando a conexión coa programación da aula sexa escasa.

- Realizaranse en pequeno grupo cando as dificultades e necesidades que presentan os alumnos sexan similares.
- En Educación Infantil os apoios faranse preferentemente dentro da aula ordinaria.
- Procurarase que as horas de apoio dos alumnos/as non coincidan co horario das áreas que favorecen a súa socialización ou que poidan seguir con menor dificultade (Educación Física, Educación Artística...).
- Procurarase que as sesións de apoio especializado coincidan co horario das áreas nas que van recibir dito apoio.

## 1.8. TEMPORALIZACIÓN

A distribución temporal das actividades a desenvolver polo departamento e os seus membros é a seguinte:

- Todos os membros do Departamento reuniranse o último martes do mes, e de forma individual coa orientadora cando sexa preciso.
- Semanalmente reunirase o Xefe do Departamento cos especialistas en PT e AL; así como cos membros do Equipo Directivo. Haberá colaboración e intercambio de información continuada para a coordinación na atención ás necesidades do alumnado.
- Reunión trimestral do Departamento ao completo para coordinación do Plan de orientación.
- Dentro da realización das actividades propias do departamento considérase a necesidade de acudir a reunións a diferentes lugares ou institucións, como asociacións que atenden os alumno/as con déficits específicos.
- A orientadora e/ou mestras especialistas reuniranse coas familias dos nenos/as e cos servizos externos aos que asisten cando se considere oportuno ou a petición das mesmas.

- Ao longo do curso levaranse a cabo actividades propias do departamento relativas á atención do alumnado e as de apoio e asesoramento ao profesorado.

## 1.9. AVALIACIÓN

Para avaliar a eficacia do plan valorarase dunha maneira construtiva os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración por parte dos mestres da idoneidade das actividades realizadas (motivación, implicación do alumnado, actitudes manifestas...).
- Valoración dos recursos empregados e novas necesidades.
- Nivel de cumprimento das actividades previstas.
- Nivel e grao de adecuación das canles de coordinación establecidas.
- Os resultados deste proceso servirán de "feed-back" na programación flexible de cada trimestre. Elaboraremos a memoria final dos logros e dificultades atopadas; así como das propostas de mellora para introducir no curso seguinte.

Para conseguilo, utilizaranse diferentes instrumentos de avaliación, tales como rúbricas, enquisas, cuestionarios ou a propia observación directa e sistemática.

A avaliación inicial realizarase durante o proceso de programación anual de orientación, tendo en conta a información recollida nas primeiras semanas e na memoria do curso anterior. A avaliación continua realizarase mediante a observación a valoración por parte dos titores/as e demais membros da comunidade educativa. A avaliación final atenderá á consecución dos aspectos anteriormente citados.

## 1.10. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Ao remate do curso elaborarase unha memoria descritiva sobre a actividade realizada e cunha valoración acerca dos aspectos máis significativos.

O obxectivo é facer unha avaliación continua e construtiva do plan do D.O. e dos procesos de orientación que teñen lugar no centro, que nos permita contribuír a mellora continua da calidade educativa.

# 2. ANEXO DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

## 2.1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

A presente programación vai dirixida ao alumnado do centro que, por presentar Necesidades Educativas Especiais (NEE), dificultades de aprendizaxe, TDAH, incorporación tardía o sistema educativo español, condicións persoais ou de historia escolar, teñan necesidades específicas de apoio educativo.

O DO, este curso, está formado por:

- 1 orientador con carácter provisional.
- 2 mestras de PT, unha provisional e outra asignada a escolarización preferente.
- 2 mestras especialistas de Audición e Linguaxe (AL), unha definitiva con cargo directivo (secretaría) e a outra provisional.

No momento da elaboración e redacción desta programación o total do alumnado atendido por este equipo de mestras é de 45 (ao que teríase que engadir o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria que atende a mestra de PROA, dos cales 3 teñen ACS).

Ademais o DO leva a cabo un programa de intervención dirixido a familias con distintas casuísticas dende o marco da integración, coordinación e asesoramento familiar.

## 2.2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS COMÚNS A TÓDOLOS PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN.

### 2.2.1. Obxectivos xerais:

- Dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (N.E.A.E.) a nivel de centro, aspecto normalizador de diferenzas, e que sexan un membro máis das súas aulas de referencia, fomentando a súa participación en tódalas actividades posibles dentro do contexto escolar.
- Colaborar e asesorar aos titores tanto no proceso de planificación, avaliación e nas adaptacións curriculares, se fora necesario, así como no seguimento do proceso de ensino aprendizaxe do alumnado con N.E.A.E.
- Detectar as posibles necesidades do alumnado en colaboración co profesorado e a orientadora para determinas necesidades e as posibles medidas de atención á diversidade máis axeitadas para cada alumno/a.
- Dotar ás aulas de AL e PT do material necesario para atender ao alumnado.
- Cooperar estreitamente coas familias para promover o traballo na casa e o seguimento de pautas e actuacións conxuntas dentro e fora do centro.
- Ter en conta os diferentes modos do alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e comunicación da mesma, xunto ao axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos da avaliación, ás súas circunstancias.
- Deseñar e desenvolver plans de recuperación dos aspectos curriculares, incluíndo neles as medidas da atención á diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

- Traballar as emocións como un vehículo imprescindible cara outra forma de ver a nova normalidade.
- Apoiar de modo extraordinario, ás familias, nos procesos de aprendizaxe e no aporte do benestar emocional dos seus fillos e fillas.

**2.2.2. Obxectivos específicos:**

- Fomentar a adquisición das competencias clave, por medio dunha intervención global.
- Adquirir e potenciar a lectoescritura. Mellorando progresivamente a exactitude e velocidade lectora, e traballando a comprensión de textos, de progresiva dificultade.
- Adquirir unha caligrafía lexible, que teña unha funcionalidade comunicativa, que permita ao alumno transmitir información, de modo funcional.
- Coñecer e empregar as normas ortográficas e elaborar textos propios coa lonxitude e calidade propias de cada nivel.
- Coñecer a numeración correspondente a cada nivel.
- Desenvolver estratexias de razoamento, cálculo matemático e de resolución de problemas axeitados a cada idade.
- Mellorar a adquisición da linguaxe oral tanto expresiva coma comprensiva.
- Aumentar o vocabulario expresivo e comprensivo.
- Acadar unha estruturación sintáctica adecuada a súa idade.
- Favorecer o bo uso da linguaxe.
- Xeneralizar as aprendizaxes aos distintos contextos do alumnado.
- Facilitar un banco de recursos on-line para a axuda do profesorado nas diferentes temáticas.

- Fomentar as competencias emocionais para o alumnado con NEAE: una educación para a vida.
- Implementar un bo clima de diálogo co noso alumnado de NEAE para que sexan capaz de conseguir unha boa xestión emocional.

## 2.3. COMPETENCIAS CLAVE

As sete competencias clave que establece o Decreto 105/2014, serán traballadas en todas as sesións de apoio, destacando como prioritarias as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (escoitar, falar, conversar, ler e escribir)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (numeración, cálculo, resolución de problemas e razoamento).
- Competencia dixital (empregar as TICs para organizar e procesar a información , resolver problemas reais e para favorecer as aprendizaxes en xeral).
- Competencia para aprender a aprender (motivación, vontade, ser consciente do saber e do que cómpre saber.

## 2.4. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E PRIORIDADES. CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DAAULA DE REFERENCIA

Para a atención do alumnado con NEAE seguiranse os criterios establecidos polo DO que están recollidos na súa programación xeral.

Os apoios realizaranse dentro ou fóra da aula segundo as características do alumnado e/ou o traballo a realizar e segundo o establecido na lei.

Por outro lado, o número de horas irase modificando en base ás características do alumnado, se nalgún caso son necesidades temporais... sendo prioritarios, en primeiro

lugar, o alumnado con Necesidades Educativas Especiais (derivadas de discapacidade e/ou trastornos graves de conduta) a continuación, o alumnado que conta con ACS, e seguidamente o alumnado con NEAE de diferente casuísticas.

Os apoios de PT levaranse a cabo principalmente dentro da aula ordinaria agás nos casos de alumnado con grande desfase curricular que precisen dun apoio máis individualizado por contar con ACS nas que o seu currículo de referencia diverxa en gran medida do currículo adaptado que están a traballar co/a alumno/a.

Os apoios de AL levaranse a cabo, maioritariamente, fóra da aula ordinaria dadas as características da intervención e a necesidade dun ambiente e recursos concretos.

## 2.5. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA PARA CADA PROGRAMA OU ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

Os principios metodolóxicos xerais que poremos en práctica con todo o noso alumnado son:

- Integración e inclusión do alumno no grupo ao que pertence e participación en todas as tarefas do centro.
- Individualización e intervención co alumnado, atendendo ás súas necesidades específicas.
- Globalización. Aprendizaxes encamiñadas á consecución do conxunto de competencias dun modo xeral e non de modo illado e por área.
- Prevención, dado que as actuacións a levar a cabo terán como finalidade evitar posibles dificultades.
- Potenciar o desenvolvemento competencial nas áreas instrumentais e na área comunicativo-lingüística (expresión e comprensión), xa que o perfil de alumando que está a traballar coas mestras especialistas de AL e PT, teñen grandes dificultades neste ámbito.
- Desenvolver aprendizaxes funcionais para a vida e favorecer a xeneralización.

- Potenciar a autonomía, retirando axudas paulatinamente.
- Favorecer a autoestima e o autoconcepto do noso alumando procurando que sexan conscientes de todos os avances que conseguen.
- Organizar os recursos educativos de apoio do centro garantindo unha axeitada atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, favorecendo o seu acceso ao currículo.

As **estratexias metodolóxicas específicas** e diferenciadas que empregaremos co alumnado con NEAE son:

Alumnado con Trastorno do Espectro Autista:

- Estruturar o ambiente da aula, sinalando claramente espazos e tempos, anticipando o que sucederá despois.
- Evitar materiais distractores, controlar a estimulación excesiva.
- Establecer obxectivos funcionais, non só para a etapa escolar senón para etapas da súa vida futura.
- Favorecer o uso correcto e pragmático da linguaxe oral.
- Priorizar o desenvolvemento da autonomía persoal e a adquisición de habilidades socias e de interacción cos demais.
- Empregar estratexias visuais, usando imaxes/pictogramas que indiquen a tarefa a realizar.
- Anticipar as tarefas ou acontecementos na aula e no centro, utilizando apoios visuais.
- Presentarlle esixencias acordes ao seu nivel de desenvolvemento e comprensión.
- Dar instrucións verbais simples, claras e comprensibles.

- Empregar o reforzo positivo e técnicas de modelado.
- Levar a cabo un traballo conxunto coas familias, establecendo liñas de actuación comúns.

<u>Alumnado con TDAH ou problemas de atención:</u>

- Evitar o exceso de estímulos na aula.
- Sentar o alumno cerca do profesor.
- Ignorar as chamadas de atención.
- Reforzar positivamente as condutas axeitadas.
- Poñer un tempo límite de traballo se se evidencia cansancio ou desmotivación.
- Na aula ordinaria, proporcionar máis tempo para a realización de actividades.
- Estruturar as tarefas en pequenos pasos ou metas.
- Traballar as habilidades sociais e utilizar técnicas de modificación de conduta (por exemplo, economía de fichas).
- Traballar as habilidades sociais e utilizar técnicas de modificación de conduta (por exemplo, economía de fichas).
- Favorecer un uso axeitado da linguaxe a nivel pragmático.

<u>Alumnado con dislexia ou que presenta características disléxicos:</u>

- Adecuar a cantidade e dificultade das tarefas.
- Empregar reforzos visuais ou auditivos aos contidos traballados (presentacións con programas informáticos, PowerPoint, mapas conceptuais, esquemas, vídeos, etc.).
- Uso do ordenador e as TICs como ferramenta de axuda ás aprendizaxes.

- Ante as dificultades de atención e organización, empregar autoinstrucións, calendario, horarios e axendas.
- Utilizar o reforzo positivo, eloxiar as súas aptitudes para favorecer unha boa autoestima. Non centrarse unicamente nos seus erros e fracasos.
- Traballar tanto a vía fonolóxica como a visual para mellorar a lectoescritura.
- Reforzar a memoria a curto prazo e a longo prazo, favorecendo o almacenamento de información e o acceso á mesma.
- Empregar a técnica de sobre aprendizaxe ou repetición intensiva para afianzar as novas aprendizaxes.
- Brindar a estes alumnos tempo suplementario e períodos de descanso na realización de actividades.

Alumnado con discapacidade auditiva e visual:

- Adoptar un sistema de comunicación alternativo. Lingua de signos.
- Aproveitamento e estimulación dos restos visuais e auditivos.
- Presentar multisensorialmente os aspectos a aprender.
- Planificar diversidade de actividades e utilización de materiais variados.
- Empregar o modelado (demostracións) e menos explicacións verbais.
- Adaptar/elaborar material de traballo adecuado ás necesidades.
- Coordinación e cooperación co resto dos profesionais implicados (mediadora da ONCE, intérprete de lingua de signos).
- Favorecer a autonomía o máximo posible. A socialización e integración.
- Establecer obxectivos funcionais na escola e etapas futuras da vida.

Alumnado con dificultades na lectoescritura:

- Avaliar e respectar o nivel madurativo do/a alumno/a para a aprendizaxe da lectoescritura.
- Adaptar a dificultade dos materiais ás capacidades do alumando.
- Favorecer o traballo en pequeno grupo e unha atención individualizada.
- Reforzar a aprendizaxe da lectoescritura con imaxes, pictogramas, xestos de recordo dos distintos fonemas, etc.
- Priorizar tarefas referidas á conciencia fonolóxica, conciencia léxica e estruturación sintáctica.
- Combinar os métodos fonolóxico e global de aprendizaxe da lectoescritura, segundo necesidades e capacidades do alumnado.

Alumnado con dificultades na lectoescritura:

- Avaliare respectar o nivel madurativo do/a alumno/a para a aprendizaxe da lectoescritura.
- Adaptar a dificultade dos materiais ás capacidades do alumando.
- Favorecer o traballo en pequeno grupo e unha atención individualizada.
- Reforzar a aprendizaxe da lectoescritura con imaxes, pictogramas, xestos de recordo dos distintos fonemas, etc.
- Priorizar tarefas referidas á conciencia fonolóxica, conciencia léxica e estruturación sintáctica.
- Combinar os métodos fonolóxico e global de aprendizaxe da lectoescritura, segundo necesidades e capacidades do alumnado.

Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:

- Empregar materiais que potencien o interese (manipulable e TICs).

- Favorecer o traballo en pequeno grupo e unha atención individualizada.
- Adaptar a dificultade dos materiais ás capacidades do alumando.
- Enunciados claros, significativos e funcionais.
- Flexibilidade de tempos para a realización das actividades.
- Flexibilidade nos niveis de esixencia.
- Favorecer a adquisición de hábitos e rutinas de traballo.
- Realizar sesións de repaso de contidos dos cursos anteriores.

<u>Alumnado que amosa dificultades de conduta:</u>

- Levar a cabo unha metodoloxía con instrucións claras, concisas e secuenciadas.
- Establecer normas e límites firmes e claros, así como liñas de actuación común entre todo o profesorado.
- Controlar os estímulos ambientais nas aulas.
- Realizar actividades con intervalos temporais curtos.
- Utilizar estratexias de modificación de conduta (reforzo, economía de fichas, contrato, etc.).
- Facer partícipes ás familias das pautas para xeneralizar aprendizaxes.
- Priorizar a adaptación á aula e ao centro e a relación/comunicación cos compañeiro

<u>Alumnado con desfase curricular e/ou ACS:</u>

- Partir sempre dos coñecementos previos dos/as alumnos/as.
- Respectar o seu ritmo de aprendizaxe, pero esixindo tarefas e comportamentos axeitados.

- Favorecer a adquisición de hábitos e rutinas de traballo.
- Reforzar/afianzar contidos correspondentes a cursos anteriores.
- Establecer obxectivos funcionais.
- Elaborar/seleccionar material de traballo adecuado ao nivel do alumnado, tanto para a aula ordinaria como para as aulas de apoio.
- Tomar de referencia os obxectivos/contidos/criterios establecidos nas ACS para programar o traballo con este alumnado e para a súa avaliación.
- Levar a cabo unha avaliación continua das ACS.

Alumnado con dificultades da linguaxe e/ou da fala:

- Ter en conta o criterio evolutivo do/a alumno/a, partindo das capacidades adquiridas e creando expectativas axustadas á súa evolución.
- Introducir nas sesións exercicios de relaxación e respiración.
- Facilitar un ambiente de traballo libre de estímulos para favorecer a atención e concentración.
- Empregar unha metodoloxía lúdica, interactiva e participativa.
- Partir da linguaxe propia do/a alumno/a e do vocabulario máis próximo, facilitando a súa utilización tanto a nivel escolar como familiar.
- Establecer exercicios para evitar a frustración e a frustración.
- Dar orientacións ás familias para a estimulación da linguaxe.

## 2.6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.

En relación aos espazos, a atención ao alumnado realizarase preferentemente nas aulas ordinarias; aínda que nalgúns casos levarase a cabo nas aulas de apoio, especialmente nas sesións de Audición e Linguaxe.

Dispoñemos dun aula de AL e outra aula de PT pero ao contar con dúas mestras de PT, e de AL, é necesario empregar outros espazos como a biblioteca, a aula de informática ou outras dispoñibles. Deste xeito, salientamos a necesidade de habilitar máis espazos para os apoios no centro.

En canto á temporalización, esta programación levarase a cabo ao longo de todo o curso académico. Tanto a organización dos apoios como os horarios serán flexibles e suxeitos a modificacións segundo a evolución das necesidades.

O número de sesións decídeo o Departamento de Orientación, segundo necesidades e dispoñibilidade horaria. As sesións de traballo co alumnado son de 50 minutos.

Para o desenvolvemento dos apoios contamos cos seguintes recursos:

### 2.6.1. Recursos persoais do centro:

Titoras/es, especialistas das distintas materias, xefa do departamento de orientación, coidador, intérprete de lingua de signos, mediadora de FOAPS...

### 2.6.2. Recursos persoais externos ao centro:

EOE, servizos sociais do concello, logopedas, servizos de Psiquiatría e Psicoloxía Infantil do CHUS, ASPANAES, atención temperá...

### 2.6.3. Recursos materiais:

En primeiro lugar, aproveitarase todo o material empregado nas aulas ordinarias (libros de texto dos cursos correspondentes) e os alumnos que o precisen traballarán cun material adaptado dentro da aula ordinaria.

Nas aulas de AL e PT, contaremos con material máis axeitado para cada alumno/a tendo en conta as súas necesidades, capacidades, intereses, ritmo de aprendizaxe….

En definitiva, empregarase todo o material que estea ao noso alcance: materiais diversificados nos que se utilicen diferentes canles sensoriais, materiais manipulativos (xogos de ensartado, ábacos, encaixables, quebracabezas…), material necesario para o coñecemento e uso do Sistema alternativo de comunicación (lingua de signos), materiais para a estimulación sensorial (instrumentos musicais, lotos de sons, texturas…), material para o xogo simbólico (bonecos, marionetas…), materiais para traballar a atención e memoria (memory, fichas de atención perceptiva…), material diversificado para traballar a lectoescritura (xogos de conciencia fonolóxica, conciencia léxica, estruturación sintáctica…), material referente ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación (ordenadores, encerado dixital, diferentes aplicacións e páxinas web, etc.).

## 2.7. COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS.

A comunicación cos titores será continua e permanente, podendo establecer reunións específicas os martes pola tarde ou en calquera momento, segundo necesidades. A coordinación co profesorado que conta nas súas aulas con alumnado con NEAE, é fundamental para a súa avaliación e seguimento do seu desenvolvemento.

Co DO, reunirémonos mensualmente (CCP) os martes pola tarde. Así mesmo, o Departamento de Orientación reunirase todos os mércores na terceira sesión da mañá. Tamén, poderán establecerse reunións noutros momentos cando as necesidades o demanden.

A comunicación coas familias terá lugar os martes pola tarde, de 16:15 a 17:15; se así o demandan, por medio das titorías. Ademais, podemos servirnos de técnicas como a utilización de axendas ou caderno bidireccional para comunicarnos coas familias, sempre en colaboración cos titores. A cooperación estreita coas familias é primordial na atención aos nosos alumnos, para promover o traballo na casa e o seguimento de pautas de actuación conxuntas no centro e fóra del.

## 2.8. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA

O profesorado de PT e AL elabora os diferentes programas de intervencións individualizados seguindo o esquema seguinte:

### 2.8.1. Programa de intervención nº :

- Datos persoais.
- Datos académicos.
- Necesidades específicas de apoio educativo que presentan
- Obxectivos xerais
- Obxectivos específicos
- Contidos
- Metodoloxía
- Recursos materiais
- Temporalización
- Avaliación
- Propostas de mellora

### 2.8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Contémplanse tres momentos: avaliación inicial, formativa o continua e avaliación final.

Ao principio da intervención (avaliación inicial), as mestras de PT e AL realizan unha valoración de necesidades en colaboración coa Orientadora. aquí, teranse en conta diversos aspectos referentes ao alumnado con NEAE: aspectos cognitivos, linguaxe oral, nivel lectoescritor, coñecemento de conceptos básicos, razoamento, condicións persoais de saúde ou calquera outra circunstancia referida á situación persoal e familiar dos/as alumnos/as, etc.

A avaliación continua, realizarse ao longo do curso para axustar a intervención e realizar as modificación necesarias na atención ao alumnado (horario, número de sesións, natureza da intervención...).

En canto á avaliación final, os resultados da mesma reflectiranse na Memoria final do curso do Departamento de Orientación.

Con respecto ao alumnado que recibe apoio por parte das mestras de AL e PT, utilizaremos estratexias ou instrumentos como: a observación sistemática, rexistros, diarios, entrevistas e comunicacións con titorías e familias, etc. Ademais, hai que dicir que, no caso do alumnado con ACS, tomaranse como referencia os criterios de avaliación presentes na mesma. Por último, avaliarase a propia práctica docente e a presente programación por medio das coordinacións e comunicación co Departamento de Orientación, cos profesionais que interveñen na educación deste alumnado e coas familias.

## 2.9. MODELOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE

Co fin de avaliar a propia práctica docente e a programación do curso, establécese o seguinte modelo de indicadores de logro.

A fin de curso, coa colaboración das/os titoras/es, avaliaranse os seguintes aspectos (o total desacordo está representado cun 1 e a total satisfacción cun 5).

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| A modalidade de apoio (dentro/fóra da aula) resultou axeitada | | | | | |
| O alumnado con ACS superou os estándares sen que fose preciso realizar modificacións na mesma | | | | | |
| O alumnado sen ACS acadou os estándares das áreas instrumentais | | | | | |
| As horas de apoio dedicadas a ese alumno/grupo resultaron suficientes | | | | | |
| Existiu unha coordinación real entre o DO e os titores para acadar os obxectivos establecidos co alumnado NEAE | | | | | |

# 3. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

## 3.1. CALENDARIO E XORNADA ESCOLAR.

O calendario escolar axústase ao fixado pola Consellería de Educación na ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro deste calendario o Centro solicitou como día non lectivo o 10 de maio de 2023.

A xornada escolar realízase en sesión única de mañá con horario de 9:05- 14:15, ampliándoa co servizo de madrugadores e comedor.

Este ano debido á pandemia que estamos a vivir non se realizarán as actividades extraescolares habitualmente organizadas pola ANPA, dentro do recinto escolar, si aquelas que se levan a cabo no pavillón escolar, a través dos clubs deportivos .

Horario xeral do centro:

- De 7:30 a 9:05 - Programa Madrugadores do Concello.
- 9:05 Apertura do centro
- De 9:15 a 14:15 - Xornada lectiva.
- 14:15 Saída do alumnado.
- De 14:05 a 16:30 - Comedor xestionado polo Concello.

O centro abrirá as súas portas ás 9:05 da mañá e o alumnado irá directamente ás súas aulas, evitando as aglomeracións na contorna do centro.

Só entrará no recinto escolar un acompañante do alumnado de EI.

O alumnado transportado entrará directamente ás súas aulas pola porta asignada.

| | ENTRADAS PORTALÓN | SAÍDAS PORTALÓN |
|---|---|---|
| **3 ANOS /4º INFANTIL** | PORTA B | PORTA B /PORTALÓN EXTERIOR A |
| **4 ANOS /5º INFANTIL** | PORTA A | PORTA A /PORTALÓN EXTERIOR A |
| **5 ANOS /6º INFANTIL** | PORTA B | PORTA B /PORTALÓN EXTERIOR A |
| **1º EP** | PORTA C | PORTA C |
| **2º EP A e 2º EP C** | PORTA A | PORTA A |
| **2º EP B** | PORTA C | PORTA C |
| **3º EP<br>4º EP** | PORTA D | PORTA D |
| **5º EP** | PORTA A | ***Saíran por Administración e polo portalón exterior B** |
| **6º EP** | PORTA B | |

Reparto de sesións lectivas

| | Hora |
|---|---|
| **1º Sesión** | 09:15 – 10:00 |
| **2º Sesión** | 10:00 – 10:50 |
| **3º Sesión** | 10:50 – 11:40 |
| **Recreo 1** | 11:40 – 12:00 |
| **Recreo 2** | 12:05 – 12:25 |
| **4º Sesión** | 12:25 – 13:15 |
| **5º Sesión** | 13:15 – 14:15 |

Os martes o horario para o profesorado será de 16:15 a 18:45. Este horario estará destinado a titorías e reunións de ciclo, equipos, reunións informativas e Claustro de maneira presencial ou telemática.

## 3.2. ORGANIZACIÓN XERAL DE ESPAZOS.

| Edificio | • Planta Baixa | • Planta 1ª | • Planta 2ª |
|---|---|---|---|
| **Nº 1** | • 4 Aulas de infantil<br>• Aseos<br>• Aula de psicomotricidade | • 3 Aulas de infantil<br>• 2 Aulas de primaria<br>• Aula de P.T<br>• Aseos | • 5 Aulas de primaria<br>• Almacén pequeno<br>• Aseos |
| **Central** | • Dirección<br>• Secretaría<br>• Xefatura de estudos<br>• Conserxería | • Biblioteca<br>• Aula de informática<br>• 1 Aula de primaria | • Espazo de música<br>• Aseos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Sala de mestres/Aseos<br>• Espazo para material de limpeza<br>• Ascensor | | |
| **Nº 2** | • Dpto de Orientación<br>• Oficina da UACO<br>• Comedor<br>• Oficina da ANPA<br>• Aseos | • Aula de relixión<br>• 3 Aulas de primaria<br>• Aseos | • Aula de AL<br>• 3 Aulas de primaria<br>• Aseos |
| **Nº 3** | • Aulas de 3º A e 3ºB. | | |

## 3.3. CRITERIOS DE CALIDADE

Consideramos criterios de calidade a modo de valoración da eficacia dos plans, proxectos e programas establecidos:

- Reunións de equipos e órganos de goberno: nivel de asistencia, información puntual, documentación, propostas, acordos tomados e aplicados, nivel de concreción.
- Rendemento escolar: Adaptacións curriculares realizadas coa súa participación e seguimento, programas de reforzo educativo elaborados e aplicados, implicación nos programas de temas transversais, mellora de resultados académicos, mellora nas áreas instrumentais.
- Actividades complementarias–extraescolares: actividades propostas e realizadas, número de participantes, seguimento e interese suscitado, grado de satisfacción.

## 3.4. ADSCRICIÓN FUNCIONAL PARA O CURSO 2023/2024

**3.4.1. Persoal docente:** recollido no DOC

**3.4.2. Persoal non docente:**

- un coidador a tempo completo e unha coidadora a tempo parcial (luns e martes)
- un auxiliar de conversa
- dúas intérpretes de linguaxe de signos
- unha mediadora da ONCE

**3.4.3. Persoal de administración e servizos:**

- unha conserxe
- unha administrativa
- dúas persoas do servizo de limpeza.
- tres monitoras do transporte escolar.

**3.4.4. Ciclos e equipos**

- Coordinadora do Ciclo de Ed. Infantil:......................Sobrido García, Sara
- Coordinador Biblioteca:............................................Juan Luis García Carlín
- Coordinadora TIC:...................................................Andrea Pérez Garabán
- Coordinadora Plurilingüe..........................................María Olga Rigueiro Mesejo
- Coordinadora Act. Extraescolares............................Lucía Peixoto Pino

# 4. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

- Equipo Directivo: Compoñentes recollidos no DOC
- Consello Escolar: Compoñentes recollidos no DOC

# 5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O obxectivo principal do equipo directivo é o bo funcionamento do centro educativo e asegurar unha boa relación con toda a Comunidade educativa; para cumprir este obxectivo xestiona recursos, organiza e agrupa a todos os membros, espazos e horarios dos que o Centro dispón.

O equipo directivo, xunto co Consello escolar e o Claustro de Mestres tratarán de unificar intereses para garantir este bo funcionamento do colexio buscando a mellor calidade educativa posible.

O equipo directivo adicará o seu tempo de docencia non directa, preferentemente, ás xestións organizativas do centro e á atención ás familias, Administración ou calquera outra visita segundo o horario.

A atención á Comunidade educativa está organizada da seguinte maneira:

Horario Equipo Directivo

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15 | XEF/SEC | SEC | DIR/XEF | DIR | DIR/XEF |
| 10:00 | | | XEF | XEF | SEC |
| 10:55 | | XEF | | SEC | |
| 11:45 | RECREO E HORA DE LER | | | | |
| 12:30 | | DIR/SEC | DIR | | DIR |
| 13:20 | DIR/XEF SEC | DIR/SEC | DIR/XEF SEC | DIR | DIR/XEF/SEC |

Equipo De Ciclo Educación Infantil_Curso 2023/2024

Recóllense a continuación aquelas cuestións de organización máis relevantes, así como as actividades que se desenvolverán dende o Ciclo de Educación Infantil durante o curso 2023/2024.

O Equipo de Ciclo de Educación Infantil está composto por todas as mestras titoras dos grupos e outras mestras que poden impartir docencia nos grupos, quedando constituído do seguinte xeito:

- Raquel Lafuente López_Titora de 4º EI A
- María Miranda Parrilla (substituta Belinda Brea Cerqueiro)_ Titora de 4º EI B
- María del Carmen López Freire_ Titora de 5º EI A
- María del Mar Castro Muiño_ Titora de 5º EI B
- María Méndez Leis_Titora de 6º EI A
- María Isabel Rodríguez Rozas_ Titora de 6º EI B
- Tania Mosquera Sixto (substituta Ana María Rios Vilas)_ Titora de 6º EI C
- María del Carmen Abeijón Arnejo_ Mestra de apoio (Actualmente UACO)
- Sonia Cancela Señarís_ Mestra de apoio (en substitución de María del Carmen Abeijón Arnejo)
- Silvia María Luces Barcala_ Mestra de apoio
- Ángela Filloy Jeremías (substituta María Belén Bugallo García)_Mestra de inglés
- Sara Sobrido García (coordinadora do equipo)_ Mestra de AL

O Equipo de Ciclo reunirase con periodicidade mensual co fin de organizar e concretar todas aquelas cuestións que poidan ser precisas.

Ao longo curso poderán, sempre que se estime oportuno, levarse a cabo reunións informativas ás familias, así como titorías.

Durante o comezo do curso, que abrangue a primeira semana, entre o 11 de setembro e o 15 do mesmo mes, o alumnado de 4º de Educación Infantil contará cun período de adaptación ante a súa incorporación ao centro. Estableceranse 4 grupos que irán

rotando e combinándose ao longo da semana, co fin de facilitar a adaptación do alumnado ao centro e o coñecemento do mesmo, así como dos seus compañeiros/as. A partir do 18 de setembro cumprirán xa o horario do centro con normalidade (09:15 a 14:15).

En relación ás actividades que se desenvolverán ao longo do curso 2023/2024. Como se destacou con anterioridade a nivel de centro levarase a cabo un proxecto acerca dos Xogos Olímpicos, polo que dende o ciclo de Educación Infantil, ao igual que no resto de ciclos, se desenvolverán diferentes actividades enmarcadas no mesmo, que permitirán traballar diversos obxectivos e contidos, así como coñecer máis afondo a historia dos Xogos Olímpicos, todo de unha maneira transversal, amena e lúdica.

Tamén se terá en conta o calendario de conmemoracións establecido, podendo traballarse todas elas a nivel de aula, ciclo ou centro.

Co fin de enriquecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado levaranse a cabo diferentes actividades e saídas. A primeira delas será unha saída relacionada coa Educación Vial. Están solicitadas diferentes actividades organizadas dende o Concello, así como dende a Fundación ABANCA e poderán solicitarse outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso e que sexan de interese curricular.

Tamén se contempla unha saída a final de curso, no caso de 4º e 5º de Educación Infantil está aínda por determinar cal será esta actividade. No caso de 6º de Educación Infantil está determinada unha saída a Apípolis, centro para a comprensión das relacións entre os seres humanos e as abellas, que está situado na provincia de Pontevedra.

Equipo do primeiro ciclo de educación primaria_curso 2023/2024

Recóllense a continuación aquelas cuestións de organización máis relevantes, así como as actividades que se desenvolverán dende o Primeiro ciclo de EP durante o curso 2023/2024.

O Equipo está composto por todas as mestras titoras dos grupos e outras mestras que poden impartir docencia nos grupos, quedando constituído do seguinte xeito:

- Cristina Andrade Pardo_ Titora de 1ºA
- María Elena Alonso Pampín_ Titora de 1ºB
- Natalia Souto Muñoz_ Titora de 1ºC
- Cristina García Brocos_ Titora de 2ºA
- Francisco José Gavín Villar_ Titora de 2ºB_ Antonia González Souto
- Titora de 1ºC_ Mercedes Xande Vázquez (substituta Beatriz Vieites Casas)_ Mestra de relixión católica
- Iria Rodríguez Fernández_ Mestra de pedagoxía terapéutica
- Patricia Leis Rey_ Mestra de EF e coordinadora do equipo

O Equipo de Ciclo reunirase con periodicidade mensual co fin de organizar e concretar todas aquelas cuestións que poidan ser precisas.

Ao longo curso poderán, sempre que se estime oportuno, levarse a cabo reunións informativas ás familias, así como titorías.

En relación ás actividades que se desenvolverán ao longo do curso 2023/2024. Como se destacou con anterioridade a nivel de centro levarase a cabo un proxecto acerca dos Xogos Olímpicos, polo que dende o ciclo de Educación Infantil, ao igual que no resto de ciclos, se desenvolverán diferentes actividades enmarcadas no mesmo, que permitirán traballar diversos obxectivos e contidos, así como coñecer máis afondo a historia dos Xogos Olímpicos, todo de unha maneira transversal, amena e lúdica.

Tamén se terá en conta o calendario de conmemoracións establecido, podendo traballarse todas elas a nivel de aula, ciclo ou centro.

Co fin de enriquecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado levaranse a cabo diferentes actividades e saídas:

- Tres saídas didácticas, aínda por concretar en 2º e 1ºC (valórase a posibilidade de ir a Casa de Xanceda). 1ºA e 1ºB realizarán dúas saídas.

- Actividades que se propoñan dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Actividades propostas tanto polo Concello e Centro Sociocultural de Conxo así como calquera outras que se consideren oportunas de entidades públicas ou privadas.
- Actividades da Fundación Abanca, aínda por determinar.
- Poderán solicitarse outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso e que sexan de interese curricular.

Equipo do terceiro ciclo de educación primaria curso 2023/2024

Recóllense a continuación aquelas cuestións de organización máis relevantes, así como as actividades que se desenvolverán dende o Terceiro Ciclo de Educación Primaria durante o curso 2023/2024.

O Equipo de Terceiro Ciclo de Educación Primaria está composto por todos os mestres titores dos grupos e outros mestres que poden impartir docencia nos grupos, quedando constituído do seguinte xeito:

- Irene Sánchez Álvarez_ (Substituto Jacobo Gradaille Chao)_Titora de 5º A
- Andrea Pérez Garabán_ Titora de 5º B
- Juan Luis García Carlín _Titor de 6º A
- Pilar Fernández Blanco_ Titora de 6º B
- Olga Rosa Raíces Silva_ Titora de 6º C
- Lucía Peixoto Pino_ Especialista Ed. Física
- María Olga Rigueiro Mesejo (Coordinadora do equipo)_ Especialista Lingua estranxeira (inglés)
- Patricia García de Francisco_ Especialista Educación Musical

- Miriam Irene García Sánchez_ Especialista Pedagoxía Terapéutica

O Equipo de Ciclo reunirase como mínimo o último xoves de cada mes coa fin de organizar e concretar todas aquelas cuestións relativas ao ciclo.

Ademais das titorías pertinentes comas familias levaranse a cabo reunións xerais de pais/nais e aquelas necesarias para tratar información de interese xeral (viaxe de estudos…).

A final de curso levaranse a cabo reunións interetapa de coordinación co instituto de referencia do centro.

En relación ás actividades que se desenvolverán ao longo do curso 2023/2024, como se destacou con anterioridade a nivel de centro levarase a cabo un proxecto acerca dos Valores do Olimpismo, polo que dende o terceiro ciclo, ao igual que no resto do centro, desenvolveranse diferentes actividades enmarcadas no mesmo que permitirán traballar diversos obxectivos e contidos, así como coñecer máis afondo a historia dos Xogos Olímpicos, todo de unha maneira transversal, amena e lúdica. Esta proposta traballarase máis a fondo, no nivel de 6º na materia de Proxecto Competencial. Terase en conta o calendario de conmemoracións establecido, podendo traballarse todas elas a nivel de aula, ciclo ou centro.

Co fin de enriquecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado levaranse a cabo diferentes actividades e saídas propostas tanto polo Concello e o Centro Sociocultural de Conxo así como por entidades públicas ou privadas ou excursións a centros de ocio como Galipark, en Padrón. Tamén se poderán organizar ou solicitar outras actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso e que sexan de interese curricular.

Levarase a cabo unha saída a final de curso, no caso de 5º e 6º, que está aínda por determinar.

Por último, cabe destacar que o Terceiro Ciclo atópase inmerso no programa Edixgal, polo cal os alumnos seguen unha educación completamente dixital.

# 6. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS

Reuniranse cando sexa necesario ademais destas datas.

Órganos de goberno:

| | |
|---|---|
| **CLAUSTRO REUNIÓNS INF.** | TODOS OS MARTES DE CADA MES de 18:00 -18:45h |
| **CONSELLO ESCOLAR** | UNHA VEZ Ó TRIMESTRE OU CANDO SEXA PRECISO |

Organización da tarde do martes (Atención ás familias e equipos docentes)

| | |
|---|---|
| **ATENCIÓN AS FAMILIAS** | 16.15 – 17.15h |
| **REUNIÓNS CICLO / EQUIPOS DOCENTES** | Atendendo a seguinte orde, e sendo correlativos, axéndase cada martes do curso e faise entrega ao profesorado.<br>Orde:<br>• 1º Equipo PROA<br>• 2º Equipos docentes e Plurilingüísmo<br>• 3º Ciclos<br>• 4º CCP e D.O.<br>Exemplo do mes de outubro:<br> |

Outubro 2023

| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 Tarde: 16.15: Titorias 17.15: CCP 18.00: Reunión informativa | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 Tarde: 16.15: Titorias 17.15: PROA+ 18.00: Reunión informativa | 11 | 12 | 13 Entrega Documentos PXA | 14 |
| 15 | 16 | 17 Tarde: 16.15: Titorias 17.15: Equipos 18.00: CLAUSTRO PXA | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 Tarde: 16.15: Titorias 17.15: Ciclos 18.00: Reunión informativa | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 Tarde: 16.15: Titorias 17.15: CCP 18.00: Reunión informativa | | | | |

# 7. LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2023/2024

Libros de texto 1º EP

| MATERIA | EDITORIAL | ISBN | AUTOR | ANO |
|---|---|---|---|---|
| Lectoescritura<br>Cuaderno de lengua nº2<br>Cuaderno de lengua nº 3 | Anaya | 978-84-143-1695 5<br>978-84-698-9230 5<br>978-84-698-9231 2 | Varios autores | 2022 |
| Tecelingua<br>Comprendetextos | Xerais | 978-84-1110-003 8<br>978-84-1110-008 3 | Varios autores | 2022 |
| Matemáticas 1<br>Operación mundo | Anaya | 978-84-698-9351-7 | Varios autores | 2022 |
| C. Sociais 1<br>Operación mundo | Anaya | 978-84-698-9650-1 | Varios autores | 2022 |
| C da Natureza 1<br>Operación mundo | Anaya | 978-84-698-9512-2 | Varios autores | 2022 |
| Inglés- Open Up 1 Class Book with Digital Book Pack | Oxford | 978-01-940-7151-2 | Hawys Morgan | 2022 |
| Música. Sol musical 1 | Galinova | 978-84-9737-260-2 | Ana Mª López e outros | 2022 |
| Arts and Crafts 1 Outside the Box | Macmillan | 978-84-18651-14-4 | Rafael Salmerón | 2022 |
| Relixión Católica<br>Vén e verás 1º | Anaya | 978-84-698-9736-2 | P. Ramírez e J.M. Lorente | 2022 |

Libros de texto 2º EP

| MATERIA | EDITORIAL | ISBN | AUTOR | ANO |
|---|---|---|---|---|
| LENGUA 2<br>OPERACIÓN MUNDO | ANAYA | 978-84-143-1728-0 | Varios autores | 2022 |
| LINGUA 2<br>TECELINGUA | XERAIS | 978-84-1110-012-0 | Varios autores | 2022 |
| MATEMÁTICAS 2<br>OPERACIÓN MUNDO | ANAYA | 978-84-698-9373-9 | Varios autores | 2022 |
| CIENCIAS SOCIAIS 2<br>Comunidade Zoom | VICENS VIVES | 978-84-682-9252-6 | Varios autores | 2023 |
| CIENCIAS DA NATUREZA 2<br>Comunidade Zoom | VICENS VIVES | 978-84-682-9249-6 | Varios autores | 2023 |
| INGLÉS<br>OPEN UP CLASS BOOK PACK 2 | OXFORD | 978-0194071987 | Cheryl Palin | 2022 |
| MÚSICA<br>Serie Música. Sol Musical (Gl) | GALINOVA | 978-84-9737-261-9 | | |
| ARTS & CRAFTS * | ------ | ------ | ------ | ------ |
| RELIXIÓN CATÓLICA | ANAYA | 978-84-698-9740-9 | Varios autores | 2022 |

Libros De Texto 3º EP

| MATERIA | EDITORIAL | ISBN | AUTOR | ANO |
|---|---|---|---|---|
| LENGUA 3º<br>Operación Mundo | ANAYA | 978-84-698-9915-1 | Varios autores | 2022 |
| LINGUA 3º<br>Operación Mundo | ANAYA | 978-84-698-9948-9 | Varios autores | 2022 |
| MATEMÁTICAS 3º<br>Operación Mundo | ANAYA | 978-84-698-9961-8 | Varios autores | 2022 |
| SOCIAIS 3º<br>Operación Mundo | ANAYA | 978-84-143-0127-2 | Varios autores | 2022 |
| NATURAIS 3º<br>Operación Mundo | ANAYA | 978-84-143-0031-2 | Varios autores | 2022 |
| Open Up Class Book | Oxford | 978-01-940-7261-8 | Mary Charrington | 2022 |
| Open Up Activity Book | Oxford | 978-01-940-7237-3 | Mary Charrington | 2022 |
| *ARTS AND CRAFTS 3º | Anaya | 978-84-143-1323-7 | Varios autores | 2022 |
| MÚSICA Sol musical 3 | GaliNova | 978-84-9737-262-6 | Ana Mª | 2022 |

| MATERIA | EDITORIAL | ISBN | AUTOR | ANO |
|---|---|---|---|---|
| | | | López e outros | |
| RELIXIÓN CATÓLICA Ven e verás 3º | Anaya | 978-84-143-0183-8 | P. Ramírez e J.M. Lorente | 2022 |

Libros de texto 4º EP- curso 22/23

| MATERIA | EDITORIAL | ISBN | AUTOR | ANO |
|---|---|---|---|---|
| CCNN "OPERACIÓN MUNDO" 2023 | ANAYA | 978 84 143 2096 9 | Varios autores | |
| CCSS | ANAYA | 978 84 143 2122 5 | Varios autores | |
| MATEMÁTICAS "OPERACIÓN MUNDO" 2023 | ANAYA | 978 84 143 1980 2 | Varios autores | |
| LENGUA CASTELLANA "OPERACIÓN MUNDO" 2023 | ANAYA | 978 84 143 1929 1 | Varios autores | |
| LINGUA GALEGA "OPERACIÓN MUNDO" 2023 | ANAYA | 979 84 143 1963 5 | Varios autores | |
| INGLÉS - Open up 4 Class Book With digital Class B. | Oxford | 9780194072885 | Helen Casey | 2022 |
| INGLÉS - Open up 4 Activity Book With digital Act Book | Oxford | 9780194072694 | Helen Casey | 2022 |
| * ARTS AND CRAFTS 3º | Anaya | 978-84-698-4501-1 | Varios autores | 2014 |
| RELIXIÓN CATÓLICA 4º | Anaya | 978-84-143-2170-6 | Varios autores | 2023 |

* O libro de Arts E Música é o que mercaron en 3º, porque se quedaron actividades para este curso

Libros de texto 5º EP e 6º EP- curso 2022/23

Durante o curso 2023/2024 5º e 6º participan no proxecto E Dixgal, polo que non teñen libros de texto en papel.

# 8. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

## 8.1. PROXECTO PLURILINGÜE/ PROXECTO INFANTIL

Referentes Legais

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).
- Decreto 155/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Recomendación del Consejo de la Unión Europea de 22 de mayo de 2018 relativa a las competencias clave para el aprendizaje permanente (2018/c 189/01).

Contextualización Do Proxecto

O noso Proxecto Plurilingüístico é o instrumento que recolle e comunica unha proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención lingüística que se desenvolven no noso centro.

O CEIP Cardeal Quiroga Palacios aposta por unha ensinanza plurilingüe. Durante o curso 2023-2024 o colexio continuará na rede de Centros Plurilingües. Nos cursos de Primaria estase a impartir a materia de Plástica (Arts) en inglés. O centro integrouse

tamén no programa Plurinfantil, engadindo dúas sesións nesa lingua no horario semanal de Infantil.

Consideramos fundamental a convivencia, sendo imprescindible e necesario un bo ambiente no que se vencellen aos nenos e nenas coa sociedade, co cumplimento das leis e normas, a formación cidadá e o exercicio de valores fundamenales tales como o repecto, a tolerancia, a autonomía, a no violencia, a solidariedade o sentido da xustiza e a valoración do esforzo. Todos estes aspectos serán traballados de forma directa e/ou transversal nas áreas vencelladas á lingua inglesa.

Obxectivos e plan de acción

**Obxectivos**

- Fixar criterios comúns que regulen o tratamento da competencia comunicativa no conxunto do centro.
- Crear un Proxecto Plurilingüístico aberto e suxeito a cambios e modificacións que permitan a súa adptación aos cambios que se produzan no centro.
- Implicar á comunidade educativa no seu conxunto.
- Converter ao alummnado no protagonista no proceso de ensino-aprendizaxe de forma que se implique máis e participe en cantas actividades internas ou externas propicien o desenvolvemento das destrezas comunicativas básicas.
- Potenciar o uso das TIC e TAC na aprendizaxe.

**Plan de acción**

No proxecto de Plurinfantil a lingua estranxeira intégrase desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo en tódalas áreas:

- As ensinanzas de Educación Infantil organízanse en áreas correspondientes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.
- As áreas da Educación Infantil son as seguintes:

- Comunicación e Representación da Realidade.
- Crecemento en Harmonía.
- Descubrimento e Exploración da Contorna.

Levarase a cabo nas distintas áreas, traballando as competencias clave a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proyectos, nos cales as TIC deben estar presentes.

Trataremos, dentro do posible, traballar por medio de proxectos, así o noso alumnado obterá un resultado visible do traballo feito.

En Primaria primará o traballo manipulativo sobre o teórico, facendo desda área una materia atractiva. A idea é empregar material impreso ou dixital que aporte ideas atractivas e accesibles ao nivel de inglés do alumnado e complementado con distintos traballos (murais, collage, esculturas…) que os motiven e que os ayuden a fixar os conceptos e o vocabulario específico de cada unidade.

Segundo as recomendación da Unión Europea sobre a enseñanza das linguas na Educación Primaria, durante o Primeiro Ciclo primaranse a comprensión e a expresión oral. Tendo en conta que o alumnado de Primeiro aínda non ten adquiridas as habilidades de lectura e escritura en gallego e castelán, a introdución da lectura e da escritura en inglés farase posteriormente de xeito natural e paulatino, coma fin de que ao finalizar o Ciclo podían leer e escribir textos sinxelos e curtos.

No segundo ciclo tratarase de desenvolver as habilidades comunicativas, mellorar a lectura e a escritura sendo estas paulatinamente máis fluidas e complexas, adquirir novo vocabulario para comunicarse de maneira efectiva, aplicar estruturas gramaticais correctamente e mellorar a fluidez e a expresión oral e a escoita activa.

No terceiro ciclo, a todo o anterior engadiremos a promoción da comprensión intercultural, de xeito que valoren as diferencias culturais e lingüísticas na súa comunidade e no mundo; o fomento da motivación cara a aprendizaxe da lingua para un uso cada vez máis significativo e autónomo; o fomento da creatividade e a imaxinación mediante actividades lingüísticas e a adquisición de competencia dixital

(mediate o proxecto Edixgal) para levar a cabo un uso responsable, seguro e enriquecedor das TICS.

Obxectivos da área de educación plástica e visual (arts).

O uso da lingua inglesa en Arts, como medio e non como fin, fai que a materia se centre na adquisición duns conceptos básicos que les permita expresar oralmente e, máis tarde, por escrito, os principais puntos de cada definición.

Os obxectivos da materia de Inglés que se traballarán na materia de Arts son os seguintes:

- Fomentar a adquisición e a aprendizaxe do inglés a través da área de Educación Artística.
- Ampliar o uso da lingua inglesa a ámbitos distintos da aula de inglés.
- Mellorar no empeño das cinco destrezas: escoitar, falar, ler, interactuar e escribir.
- Adquisición de vocabulario específico.
- Utilizar o idioma inglés como medio de comunicación e non só como materia curricular da área de lingua estranxeira.
- Comprender o uso do idioma estranxeiro como realidade viva que permite interactuar co mundo que nos rodea.

Actuacións para a coordinación

As mestras que imparten docencia neste proxecto poderanse reunir cunha periodicidade mensual os segundos martes de cada mes para tratar temas que afecten ao programa, á actuación da auxiliar de conversa ou as actividades relacionadas coas conmemoracións.

Avaliación

A avaliación desde proxecto debe ser un proceso continuo e participativo que involucre a toda a comunidade educativa. Entre os aspectos a avaliar incluimos a alineación cos

obxectivos do plan: verificar si cumple cos obxectivos establecidos para a educación lingüística coa intención de identificar as áreas de mellora e a toma de decisións para mellorar a calidade do ensino lingüístico.

## 8.2. PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

### PLAN ANUAL DE LECTURA

**Obxectivos do proxecto lector de centro**

O Plan Lector de Centro será unha ferramenta para a mellora educativa e o desenvolvemento das competencias básicas.

O propósito de potenciar a lectura dentro dos currículos non e so, nin principalmente, consecuencia dun novo marco normativo ou cuestión de moda, senón que responde a unha necesidade. A realidade das aulas pon de manifesto que unha parte importante do alumnado presenta un baixo dominio da capacidade lectora. As causas son varias, non sendo de desprezar as prácticas escolares relacionadas coa lectura e a escritura; non sempre se plantexaron en relación cos usos sociais e culturais que a lingua escrita ten na vida cotiá.

Tamén se deben ter en conta os estudios sobre hábitos lectores que reflicten carencias moi significativas, sobre todo a partir do C.S, o que nos conduce a reorientar as actividades de promoción da lectura. Por ultimo hai que sinalar que a educación en habilidades da información e en técnicas instrumentais son claramente insuficientes.

Para paliar estes atrancos o Plan Lector de Centro persegue os seguintes obxectivos:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.

O Proxecto Lector do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios trata de dar resposta as necesidades educativas dos alumnos desde a lectura, a escritura e as habilidades informativas, co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que se marcan para as etapas de Ensino Obrigatorio.

**Organización de espazos e tempos. Recursos materiais e personais**

Para o desenvolvemento do devandito Plan Lector o CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios conta con:

- Unha Biblioteca escolar recentemente remodelada e que conta preto de 6000 volumes.
- Cinco ordenadores conectados a Internet. Isto permite que a Biblioteca estea informatizada, utilizando o programa Meiga para a súa xestión.
- Contamos con Bibliotecas de aula e diferentes espazos do centro destinados ao fomento da lectura, como son: Bibliopatio, tanto para o alumnado de Educación Infantil como para o alumnado de Educación Primaria; Recuncho do cómic, Punto de Información e consulta, Punto de recursos para as familias.
- Existe tamén unha aula de informática e ordenadores e pizarras dixitais nas aulas, que se porán a disposición do Proxecto Lector.
- En canto a persoal, o Equipo de Biblioteca esta formado por un coordinador, unha axudante de coordinación e profesorado de todas as etapas educativas. Cabe sinalar que só o coordinador e a axudante de coordinación dispoñen de horas de adicación á biblioteca, aspecto que dificulta bastante unha boa coordinación e axilización do traballo.

Todas as aulas contan cunha hora semanal de uso da biblioteca, na que poden acudir co seu titor/a. Para iso, establécese un calendario, tendo prioridade na elección o alumnado de Educación Infantil, xa que realizan desdobres de alumnado, tendo unha hora semanal de animación á lectura, impartida pola mestra de apoio.

Ademais a biblioteca permanece aberta todos os recreos e as tardes dos luns, mércores e xoves en horario de 16:15 a 18:15.

**Liñas Prioritarias De Actuación**

***En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes".***

Continuaremos ca ordenación e colocación dos libros na biblioteca de xeito que se adecúe ao sistema de búsqueda dos nenos e nenas (por idade, coleccións, temáticas...).Haberá que aumentar o mobiliario destinado a infantil e primeiros lectores.

Continuarase informatizando e catalogando no Programa Meiga de acordo coa CDU.

Actualizarase a documentación do alumnado e o servizo de préstamo.

Seguirase contando con quendas de alumnos/as de 6º curso como axudantes voluntarios da biblioteca. Faranse actividades de formación para este alumnado procurando darlles máis responsabilidades na organización e deseño de actividades.

Deseñaranse guías de usuarios contando coa colaboración dos axudantes voluntarios de 6º EP.

Buscarase, na medida do posible, a continuidade dos membros do Equipo da biblioteca. E solicitarase á xefatura de estudos que o equipo dispoña de horas de adicación á biblioteca.

Tentarase ampliar ó horario de tarde os préstamos da biblioteca, para que poidan acudir as familias.

Organizarase o espazo de xeito que poidan realizarse diferentes actividades e obradoiros (contacontos, exposicións, charlas...). Así mesmo, continuaremos levando a biblioteca a outros espazos do centro como xa fixemos este curso (Recuncho do Cómic, Bibliopatio, Recuncho de pais…)

Empregar as redes dixitais para visibilizar a actividade da biblioteca, promocionar os seus fondos e fomentar a participacion do alumnado no seu fundionamento.

Empregar a biblioteca como espazo de actuación de obras de natureza teatral.

***En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.***

- O alumnado utilizará os recursos dixitais e bibliográficos da Biblioteca (ademais dos das súas aulas, aula de informática…), para a realización de pequenos traballos de investigación documental que viría relacionado co tratamento interdisciplinar do currículo e así mesmo contribuíndo o desenvolvemento das competencias clave.
- Realización dun proxecto documental integrado (PDI) para que participe todo o centro e estea incluído nas programacións de aula.
- Propoñerase participar nalgún concurso interno ou externo ao centro, que fomente o desenvolvemento na expresión oral e escrita, como certames de poesía, concursos de microrrelatos...
- Promover, no alumnado, a exposición oral de traballos a través de distintas actividades relacionadas co PDI e/ou coas actividades deseñadas polos distintos equipos do centro (EDLG, Extraescolares…).
- Reforzar os vínculos entre a comunidade escolar a través da lectura con actividades de apadriñamento lector entre o alumnado de diferentes niveis.

***En relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional.***

- Promover xornadas de formación de usuarios entre o profesorado.
- Colaborar co grupo TIC de cara á adquisición da competencia informacional.
- Introducir uso dunha tableta coma ferramenta de consulta e axuda para o busca de libros para os colaboradores, e coma ferramenta de traballo para as distintas actividades da biblioteca.

- Ensinar ao alumnado as habilidades de uso crítico da información e empregar aditainformación correctamente en calquera soporte, formato ou medio, é dicir, educación documental.

***En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro.***

- Traballar co noso alumnado coa finalidade de acadar autonomía na busca, procesamento e expresión do coñecemento que adquiren empregando os recursos da biblioteca escolar e TICs.
- Promover a implicación das familias nas actividades da biblioteca e deseñar actividades específicas para a súa participación na vida do centro.
- Retomarase a actividade das “Mochilas viaxeiras” dotando a estas coas últimas novidades editoriais e ampliando o número de mochilas por aula.
- Participar nas actividades que convoquen Concello, Xunta, Bibliotecas locais, etc, relacionadas co fomento da lectura.
- Coordinaranse diferentes actividades relacionadas co fomento da lectura e/ou conmemoracións (Día do Libro, Día das Bibliotecas Escolares, Día do Libro Infantil, Letras Galegas, Día da Paz...), tendo en conta o PDI.

***En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.***

- Dotar á biblioteca de materiais adaptados ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Organizar o espazo da biblioteca, se fose necesario, para acadar unha maior autonomía do alumnado con necesidades.
- Contar coas aportacións do mediador/a e a intérprete de linguaxe de signos.

***Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.***

- Nas reunións mensuais analizarase o grao de cumprimento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos e revisarase o proxecto lector.
- Os procedementos para a avaliación serán varios:
- A participación do alumnado nas iniciativas propostas e a súa progresión observada mediante as fichas, actividades e traballos realizados.
- A valoración do profesorado a través das reunións de ciclo, claustros, etc.
- A realización dunha enquisa para alumnado, familias e profesorado a través da cal observaremos o grao de aceptación das actividades propostas, recolleranse as súas suxestións e intereses para futuros PDI, actividades ou fondos a incorporar.
- O plan de avaliación terá en conta unha serie de aspectos diversos pero relacionados entre os que citaremos: organización e aproveitamento adecuado dos recursos da biblioteca, coordinación entre os distintos órganos e persoas responsables da biblioteca e o centro de ensino (equipo directivo, claustro, titores, departamento de orientación…), relación da biblioteca co alumnado e as súas familias, adaptación das actividades ao nivel e características do alumnado, participación nas actividades propostas e o seu grao de aceptación, distribución temporal axeitada e equilibrada das actividades, así como a idoneidade e diversidade dos recursos empregados.

**Actividades**

As actividades realizadas durante o curso varían en función da temática do Proxecto Documental Integrado. Aínda así, contamos cunha serie de actividades e rutinas fixas:

**Proxecto Documental Integrado:** proxecto que parte da Biblioteca e no que participa todo o alumnado e profesorado do centro. Búscase que todas as actividades complementarias teñan relación co tema e realízase un traballo coordinado con todos

os equipos e departamentos do centro. Este ano a temática do Proxecto Documental Integrado serán Os xogos olímpicos.

**Hora de ler:** todo o alumnado ten destinado 15 minutos despois do recreo para a hora de ler. Este tempo organízase con lecturas individuais de libros da biblioteca de aula ou de libros do alumnado, lecturas compartidas en gran grupo ou en pequenos grupos e parellas, actividades relacionadas cun determinado libro (ilustracións, pequenas dramatizacións, comentarios orais…).

**Actividades de lectura compartida:** na medida do posible, ademais das lecturas compartidas que se realizan na hora de ler, a diario o alumnado realiza, de xeito espontáneo, este tipo de lecturas na hora do recreo na biblioteca e nos diferentes recunchos, como Bibliopatio e o Recuncho do cómic. Todos os curso realizamos Apadriñamentos Lectores o Día do Libro e en diferentes conmemoracións, como o Samaín, o Nadal...

Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con escritores, conmemoracións...

**Proxecto lector en infantil.**

O equipo de ciclo de Educación Infantil acordou fomentar o gusto pola lectura a través das seguintes actividades:

*Actividades xerais:*

- Fomentar o uso das bibliotecas de aula e do centro.
- Facer un servizo de préstamo de libros das bibliotecas de aula. A fin de semana, os nenos levaran as súas casas os libros da biblioteca de aula para ler coa axuda dos seus pais.

*Actividades específicas:*

- Ler e comentar contos relacionados coas distintas unidades didácticas e proxectos de traballo.

- Realizar actividades a partir da lectura e narración de contos: ilustralo, dramatizalo, inventar outros contos a partir das técnicas de Rodari, representalo nunha sesión de monicreques elaborados polos propios nenos, representalos con sombras chinesas, facer un móbil coas personaxes, cambiarlle o titulo, inventarlle outro final, escribir outro conto coas mesmas personaxes, secuenciar diferentes escenas, facer murais colectivos alusivos ao conto, debuxalo en formato cómic, inventar contos a partir de seres imaxinarios creados polos nenos.
- Lectura equivocada: ler contos por segunda vez con erros e tratar de que os nenos os atopen.
- Exposición de cómics, visualización de películas relacionadas con personaxes populares do mundo do cómic, realización dalgún boneco destes personaxes e creación de cómics.
- Lectura e memorización de poemas, audición dalgúns poemas musicados por distintos cantautores e invención de pequenas poesías e ilustración das mesmas.
- Elaboración de contos viaxeiros.
- Mochilas viaxeiras.

**Plan lector en primaria**

***Programa De Actividades Para 1º E 2º Curso***

Tendo en conta as directrices marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios, no 1º e 2º cursos de EP, levaranse a cabo as seguintes actividades para acadar os obxectivos xerais de dito Proxecto.

*Actividades xerais:*

- Crear unha pequena Biblioteca de aula onde haberá libros de temática diversa e adaptados á idade do alumnado tratando de cubrir todos os seus intereses.

- Acudir á Biblioteca do centro para acadar información dos distintos temas que xurdan na clase e susciten a curiosidade do alumnado.
- Establecer quendas para traer libros da casa, Biblioteca do centro ou municipal para lelos na clase.
- Fomentar o hábito de lectura acudindo de forma regular á Biblioteca do centro para que fagan uso do servizo de empréstito.
- Participar no PDI proposto dende a biblioteca.
- Participar no programa de mochilas viaxeiras.

*Actividades específicas:*

- Ler e comentar os textos de introdución das diferentes unidades temáticas.
- Realizar ilustracións ou calquera outra representación gráfica (colaxes, murais, …) despois de ler un texto.
- Combinar a lectura coa observación de láminas ou debuxos representativos
- do relato para acadar unha mellor comprensión lectora.
- Realizar asociacións de frases ou pequenos textos coas ilustracións que lle correspondan.
- Resolver e/ou crear adiviñas relacionadas cos distintos temas.
- Escribir frases a partir de palabras desordenadas.
- Escribir textos coa secuenciación axeitada a partir de oracións desordenadas.
- Reconstruír verbalmente un relato lido con anterioridade.

Todas as actividades serán levadas a cabo nas diferentes áreas realizando as adaptacións oportunas segundo a idade do alumnado e as características singulares de cada materia. Ademais na área de música realizaranse as seguintes actividades:

- Lectura de todas as cancións traballadas en cada unidade didáctica.
- Substitución das “palabras clave” da lectura por xestos e movementos corporais dramatizados.
- Realización de debuxos relacionados coa temática da canción e coas “palabras clave”.
- Seguimento de obras musicais a través de pictogramas.
- Introdución á linguaxe musical.

***Programa De Actividades Para 3º E 4º Curso***

Tendo en conta as directrices marcadas pola comisión de Coordinación Pedagóxica do CEIP Cardeal Quiroga Palacios, levaranse a cabo as seguintes actividades para acadar os obxectivos xerais de dito Proxecto:

- Crear unha pequena Biblioteca de aula con libros de diversa temática, traídos da casa, Biblioteca do centro ou municipal, para lelos na clase.
- Acudir a Biblioteca do centro de forma regular para que fagan uso do servizo de empréstito ou para buscar información sobre temas que susciten a súa curiosidade.
- Ler e comentar os textos de introdución das diferentes unidades temáticas.
- Realizar ilustracións, pequenos textos, poemas, etc, combinando a lectura ou a escritura coa observación de ilustracións para fomentar a comprensión.
- Escribir textos coa secuencia axeitada.
- Resumir un relato lido con anterioridade.
- Conseguir a visita dalgún personaxe importante ao centro co fin de motivar aos alumnos/as na súa actividade lectora.

- Ler e realizar fichas de lectura para afondar en aspectos como: titulo, autor, argumento, personaxes, dos libros elixidos para este ciclo.

Na área de música realizaranse diferentes actividades, moi similares en todos os niveis de Educación Primaria, variando o nivel de dificultade en cada curso superior:

- Lectura de todas as cancións traballadas en cada unidade didáctica.
- Recitación, a modo de poema, das diferentes estrofas e refráns das cancións.
- Análise do contido de cada unha das estrofas e dos refráns das cancións.
- Asociación de diversas silabas cos diferentes valores das notas musicais.
- Realización de diferentes murais combinando elementos musicais e elementos da linguaxe convencional.
- Traballo con cancións en diversos idiomas, introducindo termos escritos en diferentes actividades.
- Lectura e escritura da linguaxe musical, outras linguaxes non convencionais e a linguaxe escrita convencional.
- Seguimento de obras musicais a través de pictogramas.
- Lectura e escritura da linguaxe musical.

***Programa De Actividades Para 5º E 6º Curso***

As actuacións previstas para 5º e 6º curso que tratan de fomentar a lectura, a escritura e a adquisición das competencias clave son:

- Seleccionar lecturas en galego e castelán. O profesor/a facilitaralles fichas de lectura para afondar en aspectos como: narrador, espazo, tempo, protagonista, personaxes, argumento, opinión persoal e relación con outras obras lidas.
- Lectura en profundidade de obras escollidas polos profesores que imparten as areas de lingua e aquelas recomendadas polo equipo da biblioteca escolar.

- Participar nos encontros con autores xestionados desde a biblioteca.
- Participar nas campañas de animación á lectura do Concello.
- Participar no PDI proposto desde a biblioteca.

**Avaliación**

Nas reunións que realiza mensualmente o Equipo de Biblioteca, deberase ir realizando un seguimento e unha avaliación do funcionamento da mesma e das actividades propostas. A final de curso, elaborarase unha Memoria Final, na que se recollerá a avaliación realizada de todo o curso e os instrumentos empregados.

## 8.3. PLAN DE FORMACIÓN EN CENTROS

O profesorado do Centro participa este curso 2023/2024 no Plan anual de formación do profesorado en centros con catro liñas de traballo, inmersas en tres itinerarios :

- **Itinerario 1:** Competencia dixital
  - Polo creativo
- **Itinerario 2:** Competencia didáctica
  - Proxectos musicalizados
  - Matemáticas manipulativas
- **Itinerario 3:** Competencia en educación inclusiva e coeducación
  - Atención á diversidade. TEA e altas capacidades

# 9. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Introdución

No curso 2008/2009 elaborouse o primeiro proxecto lingüístico baseado no Artigo 2 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Da Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo de Educación Infantil (Plurinfantil) para o curso 2017/2018 pódese destacar o seguinte "[Esta implantación experimental permitiu] favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten nos centros educativos galegos tanto nas destrezas comunicativas como nas destrezas académicas, mediante a concreción de medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas no proxecto lingüístico de centro"

Contexto sociolingüístico

Para determinar a situación lingüística do centro, o equipo que elaborou o presente proxecto lingüístico de centro, considerando pertinente recoller información da comunidade educativa, a través dunhas enquisas elaboradas polo propio equipo.

Como resultado destas enquisas e da propia observación directa, podemos observouse que a maioría do alumnado do noso centro é castelán falante.

O resultado da pregunta sobre a lingua materna aos pais/nais/ titores/as ou representantes legais do alumno/a cando se matriculan en 4º de EI foi maioritariamente o castelán neste curso, pero no claustro decidiuse que o galego fose a lingua vehicular para favorecer a súa adquisición por parte do alumnado.

Tendo en conta estes datos, a liña de planificación lingüística do centro está clara: a promoción do uso da lingua galega, comezando na educación infantil para rematar na primaria co obxectivo de que ao finalizar estas dúas etapas o alumnado posúa unha competencia comunicativa axeitada nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Resultado das enquisas sobre o uso das linguas faladas polos alumnos/as:

EDUCACIÓN INFANTIL




| LINGUA DOS ALUMNOS/AS | No entorno familiar | Con amigos/as |
|---|---|---|
| ***Galego*** | *9* | *3* |
| ***Castelán*** | *71* | *85* |
| ***Ámbalas dúas*** | *40* | *32* |
| ***Outras**** | *11* | *5* |

** Outras: Árabe, inglés, Italiano, Polaco, Portugués, Ruso.*

Os nenos/as de Edu. Infantil que falan en castelán realizan outras actividades en galego (contos, xogos, cancións., TVG..)




EDUCACIÓN PRIMARIA

| OS ALUMNOS/ AS UTILIZAN ... | Galego coa familia | Galego cos amigos/as | Castelán coa familia | Castelán cos amigos/as | As dúas coa familia | As dúas cos amigos/as | Outras coa familia* | Outras cos amigos/as |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 18 | 0 | 99 | 142 | 82 | 54 | 8 | 0 |

* Outras: Portugués, LSE, Árabe, Italiano, Ruso, Alemán, Rumano







Os nenos/as de Edu. Primaria que falan en castelán realizan outras actividades en galego (contos, xogos, cancións., TVG..)

·Realizan algunhas actividades en Galego:




·Visualizan a TVG:




Nas **aulas** os alumnos/as do CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios na súa maioría falan en castelán:




E os **mestres e mestras** do centro son bilingües (unha ampla maioría) na súa labor docente:



Obxectivos

**Obxectivos Xerais**

- Acadar que o alumnado ao remate da etapa de educación primaria posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.
- Conseguir a paulatina familiarización dunha lingua estranxeira e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelos e significativos para o alumnado.

**Obxectivos Específicos**

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incremente a asociación de valores positivos á lingua, que a fagan percibir coma a lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral coma escrito, da lingua propia do pais e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Adquirir por todo o alumnado unha boa competencia tanto en galego coma en castelán.
- Potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara o uso da lingua galega.
- Impulsar o hábito lector nas distintas linguas do currículo oficial e desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.

- Recoñecer as linguas coma unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar.
- Fomentar o respecto e recoñecemento das outras linguas oficiais da península.
- Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.
- Promover a creación literaria a partires das fontes da inspiración popular.
- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras dende o primeiro curso do segundo ciclo da etapa de educación infantil.

**Actividades**

Dende o equipo directivo, departamento de orientación, equipo de Dinamización da Lingua Galega, así coma das demais coordinacións dos equipos docentes, propiciarase todo tipo de actuacións dinamizadoras que favorezan o coñecemento, uso e práctica das distintas linguas.

- Empregar a lingua galega en rótulos, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Proporcionar ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, prestando especial atención aos materiais relacionados coas TIC.
- Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o centro, o concello ou outros organismos, atendendo ao seu interese artístico, etnográfico e cultural.
- Creación de espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promovan o uso do galego.

- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores, contacontos, sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro.
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para o alumnado.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos e de gramáticas e léxico en galego.
- Realizar publicacións que recuperen informacións sobre tradicións da zona (cancións, relatos orais, etc)
- Realización de actividades relacionadas co xogo tradicional.
- Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades típicas galegas: magosto, entroido, maios.
- Celebración da Semana das Letras galegas e do Día do Libro.
- Visitas ao centro de persoas maiores para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc por parte do Equipo de Dinamización da Lingua galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

**Materias Que Se Imparten En Galego**

De acordo co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, impártense en galego as seguintes materias.

En Educación Infantil, a pesares de que a lingua predominante do alumnado é o castelán, o claustro decidiu que o galego fose a lingua vehicular para favorecer a súa adquisición, pero utilizando tamén o castelán na interacción cos nenos e nenas.

En Educación Primaria impártense en galego lingua galega e literatura,ciencias sociais e naturais, Relixión/ Valores sociais e cívicos,música e a materia de libre configuración en 4º e 6º.

| CURSO | GALEGO | SESIÓNS | CASTELÁN | SESIÓNS | INGLÉS | SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º LOMLOE | 4+3+2+1+1 | 11 | 4+5+2 | 11 | 2+1 | 3 |
| 2º LOMLOE | 4+3+2+1+1 | 11 | 4+5+2 | 11 | 2+1 | 3 |
| 3º LOMLOE | 4+3+2+1+1 | 11 | 4+4+2 | 10 | 3+1 | 4 |
| 4º LOMLOE | 4+3+2+1+1 | 11 | 4+4+2 | 10 | 3+1 | 4 |
| 5º LOMLOE | 4+3+2+1+1 | 11 | 4+4+2 | 10 | 3+1 | 4 |
| 6º LOMLOE | 4+2+2+1+1+1 | 11 | 4+4+2 | 10 | 3+1 | 4 |

Este centro ten a lingua galega como lingua principal, tanto na documentación administrativa coma nas notas informativas/comunicacións que se envían ás familias e ao profesorado ou a rotulación do centro. Como é un centro plurilingüe, os carteis e rótulos aparecen tamén en inglés (e en castelán en ocasións)

Medidas De Apoio E Reforzo Para O Correcto Uso Lingüístico E Para O Alumnado Con Insuficiente Dominio Das Linguas

Alumnado doutra comunidades autónomas ou países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega

O Departamento de Orientación, coa colaboración do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, adoptará as medidas de reforzo ou apoio, para que este alumnado acade a competencia lingüística necesaria de acordo coa súa idade e grado de escolarización. Estas medidas concretaranse en

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumnado.
- Utilización de aplicacións informáticas favorecedoras da aprendizaxe e uso da lingua galega.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica, así como a velocidade lectora en lingua galega.

Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.

Tras unha avaliación inicial co asesoramento e participación do Departamento de Orientación, establecerase o grao de descoñecemento das dúas linguas e determinaranse as medidas a aplicar, ben sexa unha adaptación curricular significativa (ACS) ou, se non fose necesaria esta medida, a conveniencia de aplicar outras, como reforzo educativo, apoio individualizado,etc.

**Avaliación**

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14). Previamente, realizarase unha valoración na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse ao claustro de profesores para o seu debate.

Este proxecto remitirase cada catro cursos ao servizo de Inspección educativa.

Anualmente elaborarase una addenda do proxecto lingüístico na cal conste

- os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento das linguas oficiais.

- información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- se é o caso de que haxa unha modificación nas materias que se imparten en lingua estranxeira, informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

# 10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

## 10.1. INTRODUCIÓN

De acordo co disposto no Decreto 374/1996 do 17 de Outubro (D.O.G. do 21 de Outubro e nas Ordes do 15 e 24 de Xullo de 1991 (DOG do 26 e 28 de agosto), que establecen a composición e actuación do Equipo de Normalización Lingüística no que non se opoñan ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o citado equipo denomínase Equipo de Dinamización da Lingua Galega e terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos. Segundo o Decreto 79/2010 contará “co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego”.

O noso equipo contribuirá o fomento da lingua galega en toda a comunidade educativa, apoiar iniciativas a prol do uso da nosa lingua será un obxectivo fundamental.

Como se reflicte no Decreto 79/2010 , do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

## 10.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

No curso escolar 2023-2024 o equipo queda constituído da seguinte maneira:

- Educación infantil: Mª del Carmen López Freire e María Carmen Abeijón Arnejo.
- Educación primaria: Carmen Andrade Lodeiro, Mª Elena Alonso Pampín, Irene Sánchez Álvarez, e Francisco José Gavín Villar (coordinador).

O devandito equipo reunirase, previa convocatoria da coordinadora unha vez ao mes, e celebrará cantas outras reunións acorden os seus integrantes ou a proposta da coordinadora.

## 10.3. PLAN XERAL PARA A POTENCIACIÓN DO USO DO GALEGO

O EDLG coordinará o desenvolvemento e a potenciación do uso do galego coas seguintes actuacións:

- Facilitar información legal aos diversos órganos.
- Dispensar ao profesorado asesoramento no referente á bibliografía e información sobre estratexias educativas de cambio.
- Inventariar os recursos didácticos normalizadores do centro.
- Continuar realizando estudos para o coñecemento sociolingüístico do centro e do contorno a fin de tomar as decisións que se deriven de cada situación concreta.
- Trazar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística das familias, valorándoa como elemento imprescindible na transmisión do idioma e como elemento insubstituíble na aprendizaxe do alumnado.
- Propoñer actividades que melloren as competencias e as actitudes lingüísticas da comunidade escolar: conferencias, coloquios, mesas redondas, cursos de formación, campañas publicitarias,...

- Intercambios de experiencias con centros pioneiros na normalización do uso da lingua galega...
- Coordinar esforzos colectivos a prol da progresiva implantación do galego como lingua habitual do centro na súa vertente oral.
- Promover a docencia en galego nos niveis e áreas do currículo, de acordo co Plan lingüístico de centro e como medida para garantir a adquisición e competencia na lingua galega no alumnado que non a ten como materna.
- Establecer relacións con persoas e entidades da contorna, que colaboren na recuperación da dignidade da lingua.

## 10.4. PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO EN LINGUA GALEGA

### Educación infantil

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o profesorado usará na aula a lingua predominante do alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante polo alumnado será determinada polo centro. De acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, representantes legais no momento da matrícula do alumnado de 4º de infantil, constátase unha situación sociolingüística de desequilibrio entre a lingua dominante (o castelán) e máis desfavorecida (o galego). Por iso, no claustro acordouse que en 4º de infantil a lingua de uso vehicular será a galega.

Na comunicación individual terase en conta a outra lingua oficial de Galicia, o castelán, xa que ademais no centro hai alumnos/as estranxeiros/as.

Algunhas actividades para a introdución da lingua galega serán: xogos interactivos, debuxos, fotos, contos, cancións e retrousos, marionetas, etc...

Educación primaria

Segundo o dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As áreas que se impartirán en galego son lingua galega, ciencias sociais, ciencias da natureza, música, relixión/ proxecto competencial e educación en valores cívicos e éticos.

En primaria usarase entre outras posibles estratexias, a lectura e o traballo de textos e/ou libros en lingua galega, análise e actividades de expresión e comprensión, recollida de ditos populares, adiviñas, receitas, poesías, cancións,...

Nesta etapa aproveitaranse as celebracións e conmemoracións (Samaín, magosto, Entroido, Letras Galegas...), para realizar distintos tipos de traballos en lingua galega.

Alumnado con N.E.A.E.- Lingua materna do alumno/a.

As actividades programadas para acadar os obxectivos propostos elaboraranse por niveis e figurarán na programación propia de cada un.

## 10.5. OBXECTIVOS

Nas reunións do EDLG definíronse os obxectivos para o fomento do uso do galego e as medidas tendentes á súa consecución no actual curso escolar.

1. Afondar no coñecemento da cultura, literatura e tradición galegas.
2. Facer do galego unha lingua viva e presente na realidade do centro.
3. Incrementar o vocabulario e a capacidade de expresión en lingua galega.
4. Participar de forma activa en diferentes situacións nas que se utilice como vía de comunicación oral e escrita o galego.
5. Utilizar o galego nas TIC.

6. Fomentar a lectura en lingua galega e entendela como fonte de formación e información.
7. Valorar positivamente a utilización da lingua galega na comunicación.
8. Expresarse oralmente e por escrito con coherencia e corrección.
9. Utilizar harmonicamente tódolos rexistros expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.

Medidas tendentes á consecución de obxectivos.

- Impartir en lingua galega as áreas establecidas no Proxecto Lingüístico do Centro.
- Utilizar a lingua galega nas actividades complementarias e extraescolares.
- Amosarlles como mestres e inculcarlles aos alumnos o respecto pola lingua e o recoñecemento desta como parte da súa cultura.
- Continuar co fomento da lectura de obras en galego, en colaboración cos/as responsables da apertura da Biblioteca en horario lectivo.
- Utilizar o galego en tódolos documentos e comunicacións así como nas reunións que teñen lugar na comunidade educativa.
- Aumentar o fondo bibliográfico do centro en lingua galega.
- Impartir ou participar en actividades desenvolvidas por persoas vinculadas aos costumes e tradicións galegas, a través de charlas, coloquios e demostracións... sobre a súa vida, experiencias, traballo, habilidades,...
- Realizar actividades innovadoras e motivadoras nas que se utilice como única lingua o galego.
- Procurar a complicidade das familias no uso da lingua galega no fogar.

- Elaboración de material (carteis, adhesivos, etc. ) con lemas ou slogans curtos, destacando a importancia da lingua galega.
- Participar de forma activa na celebración do mes das Letras, con traballos e exposicións sobre escritores homenaxeados.

## 10.6. ACTIVIDADES

Co fin de conseguir os obxectivos citados, propóñense unhas medidas de actuación a través dunha serie de actividades máis concretas. Destas actividades algunhas desenvolveranse ao longo de todo o curso, e outras se continuarán en vindeiros cursos. Serán as seguintes:

- Colaboración co concello de Santiago en actividades de fomento do uso da lingua galega.
- Apoio, por parte de todo o equipo, a todo aquel que o necesite en relación a utilización do galego como lingua vehicular no ensino ou no seu labor diario (achegando materiais, informando de curso,...)
- Taboleiro de novas "sabiades que..." : amosarase información relativa a nosa lingua, así como as convocatorias de cursos e actividades de interese.
- Ambientación  con música galega (tradicional ou moderna) durante os recreos nalgunhas celebracións.
- Adquisición de novidades bibliográficas en calquera soporte que sexan interesantes e ofertalas aos diferentes cursos (cómics, revistas, música, programas informáticos, películas...)

A continuación expóñense algunhas das actividades programadas para este curso. A meirande parte delas intentaranse ligar coa temática do Proxecto Integrado de Centro seguindo así o mesmo fío condutor:

- **Samaín:** Realizaranse varias actividades e propostas, como as seguintes:
  - Ambientación con música galega relacionada coa temática.

  - Decoración de sombreiros de bruxa: colaboraremos co equipo de actividades extraescolares e complementarias na proposta da decoración de sombreiros de bruxa (exposición física).
  - Lectura de diferentes obras vinculadas á festividade en lingua galega.
- **Magosto:** propóñense as seguintes actividades en colaboración co equipo TIC e actividades complementarias:
  - Xincana de xogos populares con castañas (organizado polos mestres de EF).
  - Degustación de castañas no patio.
  - Ambientación con música tradicional galega nos recreos.
- **Día da Paz.**
  - Traballaranse os valores para fomentar unha convivencia inclusiva e non discriminatoria no centro.
  - Colaborarase co equipo de actividades complementarias e extraescolares no día de paz (con música e materiais en galego).
- **O Entroido.**
  - Traballaranse as diferentes tradicións de entroido en Galicia.
  - Colaborarase co equipo de actividades complementarias e extraescolares na celebración de entroido. Decoración do centro, degustación de produtos típicos, elaboración do meco, ordes do meco en lingua galega, etc.
- **Día de Rosalía** (23/02/2024).
  - Decoración e traballos para homenaxear a esta escritora.
  - Relacionarase esta conmemoración coa temática do proxecto integrado poñendo en valor as súas contribucións literarias á nosa historia.
  - Visitas á casa de Rosalía (Padrón).

- **Día da muller** (8/03/2024): actividades para conmemorar este día vinculados a temas coma "as mulleres que marcaron o rumbo de Galicia", "mulleres científicas" e "mulleres no deporte".
- **Semana da prensa** (4-8 de marzo de 2024): Recompilar xornais ou revistas en galego e traballar as diferentes seccións ou lecturas nas aulas. Traballar a lectura de novas relacionadas co proxecto de centro.
- **Semana do libro** (22- 26 de abril do 2024).
  - Colaborar co equipo de biblioteca na celebración desta semana.
  - Realizarase un conto no que participe todo o alumnado (conto escrito, ilustrado, narrado, cantado e signado).
- **Correlingua:** achegar a convocatoria do correlingua e animar aos diferentes cursos a que participen nela.
- **Celebración da semana cultural:** visita de autores locais de Santiago, obradoiros de pintura, contacontos populares.
- **Día das Artes Galegas:** realizaranse actividades como a presentación de diferentes artistas galegos e galegas nas aulas.
- **Semana das Letras Galegas:**
  - Achegarase información sobre a vida e obra do autor homenaxeado, elaboración de trípticos, unidades temáticas, exposición de caricaturas do escritor e outras actividades relacionadas co mesmo.
  - Realización dunha xincana de xogos: En colaboración coa área de EF, deseñarase unha xincana de xogos nos que se vaian resolvendo cuestións relacionadas coas Letras galegas todo isto envolto no fío condutor do proxecto de centro.
  - Realización de obras de teatro en galego no centro.

- Contacontos e animacións á lectura para os diferentes cursos.
- Visualización de obras de teatro en lingua galega.
- Visita dalgún escritor/a galego ao noso centro.
- Día da natureza (5 xuño): saída ao Bosque do Banquete de Conxo, na contorna próxima, para visitar o Carballo que estivo a piques de ser nomeado a árbore europea do ano.
- Festa fin de curso: colaborarase con diferentes equipos para a organización da mesma.
- Recollida de datos lingüísticos ou etnográficos, propios da nosa cultura , como frases feitas e refráns, adiviñas, cantigas, topónimos, alcumes... en colaboración cos equipo de biblioteca e TIC.
- Proxecto "hábitos de vida saudable" o longo de todo o curso: algunhas xa descritas nas actividades anteriores e outras en colaboración cos diferentes equipos (actividades complementarias e biblioteca).
- Actualización do espazo dedicado ao EDLG da aula virtual do centro.

## 10.7. CONCLUSIÓN

No curso 2023/2024 o noso obxectivo fundamental será contribuír ao fomento da lingua galega no centro e na súa contorna cumprindo coas medidas de protección e axuntando e adaptando as actividades e conmemoracións de tradición no centro ás características concretas do presente curso.

Axustaranse as propostas, sempre que sexa posible, á temática elixida no proxecto de centro.

Esta programación pode sufrir variacións ao longo do curso que serán acordadas nas reunións que se leven a cabo polo equipo de dinamización, sempre que favorezan a posta en práctica e se optimicen os resultados.

# 11. DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

## 11.1. XOGO E EDUCACIÓN

Partindo destes dous pilares básicos nace este departamento que plantexa como obxectivo a promoción e organización de actividades complementarias e extraescolares no centro tal e como establece a lexislación vixente.

Aínda que destas actividades destaque o seu compoñente lúdico e recreativo, non se pode perder de vista que calquera actividade deste tipo debe ter unha referencia obrigada ao seu carácter educativo e cultural. O motor deste equipo será valerse destas vivencias e experiencias para conseguir un claro enriquecemento da formación do alumnado e servir de apoio ao desenvolvemento do currículo propio de cada nivel.

Está integrado polos seguintes membros:

- María Miranda Parrilla
- Tania Mosquera Sixto
- Olga Raíces Silva
- Mercedes Sande Vázquez
- Nuria Varela Pedrouso
- Coordinadora: Lucía Peixoto Pino.

O departamento reunirase con carácter xeral unha vez ao mes e todas aquelas que sexa necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

Incidiremos neste curso naquelas actividades relacionadas coa biblioteca:

utilización, fomento da lectura, do uso e valoración da lingua galega... e sobre todo na transmisión de valores de relacionados cos hábitos de vida saudables incidindo na importancia e valor do deporte, alimentación e coidado do propio corpo.

## 11.2. VISITAS – SAÍDAS DIDÁCTICAS:

- Visitas a actividades varias ( exposicións, obradoiros, mostras...) que se celebren no noso concello (Meteogalicia, Mupega, Museo do Pobo Galego, Auditorio de Galicia,Teatro Principal, ...), así como a lugares de interese varios (Castelo da Rocha, Pista de patinaxe sobre xeo da alameda...). Cando a distancia sexa curta e sempre que o tempo o permita efectuarase a pé. Quedan comprendidos neste apartado paseos por lugares de interese paisaxístico, tipo sendeirismo.

Para este tipo de saídas solicitarase dos pais/ nais unha autorización xeral para todo o curso. Programarase para todos os niveis, segundo sexa a actividade en cuestión.

- Saídas a concellos próximos para visitar lugares de interese vario (Ruta Rosaliana en Padrón, Rianxo, Boiro...). Para todos os niveis.

- Aquelas outras saídas das que se teña coñecemento ao longo do curso e se consideren interesantes nos Equipos de nivel poderanse realizar sempre coa aprobación do Consello Escolar.

Nestas saídas didácticas, o alumnado irá acompañado, alomenos, polos seus respectivos titores/as. En caso de que o titor/a non aceptara participar en algunha saída, poderá ser substituido por calquera outro profesor/a que o acepte voluntariamente. En todo caso, o número de alumnos/as por profesor/a non superará o de 25. Para que un alumno/a poida participar en calquera saída, haberá de contarse coa autorización escrita dos seus pais ou titores/as legais, requisito este que será controlado polos profesores/as titores/as respectivos. No caso de que se coñeza que algún alumno/a non pode participar nalgunha destas saídas didácticas por razóns económicas, tentarase solucionar o problema con discreción e por todos os medios.

A realización deste tipo de actividades acordarase en reunións de nivel. O Equipo Directivo será coñecedor destas actividades e efectuará a súa coordinación a través da

Xefatura de Estudos, que a tal fin manterá unha constante comunicación cos /as titores/as.

Excepcionalmente e como medida correctora, poderá tomarse a decisión de que algún alumno/a non participe nalgunha saída, segundo o establecido nas NOF do Colexio.

## 11.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Destacar que para o presente curso porase en marcha un proxecto interdisciplinar: OS VALORES DO OLIMPISMO NA ESCOLA que implica a todas as áreas, aá totalidade do alumnado e equipos de traballo do centro e que servirá de fío condutor para a meirande parte das actividades e conmemoracións a celebrar.

Conmemoracións.

Son datas de marcada significación social, cultural ou tradicional, nas que deben realizarse actividades diversas tendentes a resaltar a súa importancia.

Segundo a disposición legal ó respecto, sinálanse as seguintes (as destacadas en azul aquelas nas que a organización depende do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias):

- 11 outubro de 2023: día da diversidade sexual.
- 20 novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: día Internacional contra a violencia de Xénero.
- Do 28 novembro ao 05 de decembro de 2024: conmemoración da
- Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 decembro 2023: Día Internacional das persoas con discapacidade
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de Xaneiro de 2024: Día escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.

- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: día Mundial da saúde.
- Entre 22 e o 26 de abril 2024: Día do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día do acoso escolar. 8 de maio e 2024: día de Europa.
- 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.
- 14 de xuño:día de Lingua de Signos.

Festa Do Magosto (10 De Novembro):

Neste centro celébrase dun xeito especial a festa do magosto, de grande tradición no centro e na zona organizada cos mestres de EF.

Realizarase un magosto coa participación de todos os alumnos do centro, un percorrido de xogos populares con castañas e a degustación das castañas asadas en colaboración coa ANPA

Samaín (29 De Outubro):

Decóranse os corredores con motivos propios da festa. O alumnado traerá un obxecto a determinar polo equipo (cabazas, basoiras...) decoradas de xeito terrorífico das súas casas implicando así ás familias.

Nadal (21 De Decembro):

Decoración do centro con motivos de Nadal.

Concurso de postais de Nadal.

Graduación Dos Nenos/As De 5 Anos E 6o De Ep. (Xuño)

Realizarase nalgún auditoria externo previa solicitude á entidade colaboradora (fundación Abanca, Down Compostela...)

Actividades Relacionadas Co Proxecto "Os Valores Do Olimpismo Na Escola"

Aproveitando o motivo dos Xogos Olímpicos de París 2024, establécese coma un dos obxectivos fundamentais da PDI do centro transmitir os VALORES OLÍMPICOS nunha Escola cada vez máis disgregada que recibe día a día o reflexo da sociedade actual.

Pierre de Coubertain recuperou o MOVEMENTO OLÍMPICO e instaurou os primeiros XXOO modernos facendo destes encontros un vehículo transmisor de valores talescomo a EXCELENCIA, AMIZADE e RESPECTO, facendo deles un verdadeiro estilo de vida.

Estes principios seguen vixentes nos nosos días. O CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios lévaos á escola a través dun PROXECTO INTERDISCIPLINAR que implique unha participación real de toda a comunidade educativa.

Buscando así, facer da educación "o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, responsable, libre e crítica, que resulta indispensable para a constitución de sociedades avanzadas, dinámicas e xustas".

A través deste proxecto traballaranse contidos curriculares das diferentes áreas, contribuirase á adquisición dos obxectivos xerais de etapa así coma se traballarán as diferentes Competencias Clave.

Todo isto enmarcado dentro dos contratos programa (Inclúe-t) que o centro esplicitou á Consellería de Educación e que foi aprobado polo claustro en setembro de 2023.

Entre outras, as actividades programadas ao inicio de curso serán a seguintes:

Día Internacional Das Persoas Con Discapacidade (3 Decembro):

Traballarase desde a perspectiva de autosuperación dos/as deportistas discapacitados. En EF farase unha UD de xogos adaptados e se intentará contactar con deportistas

paralímpicos ou exparalímpicos que poidan visitar as nosas aulas aos cales o noso alumnado facer unha entrevista.

Día Da Paz (30 Xaneiro):

Dende o día 10 de decembro, coincidindo co día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os mestres titores, comezarán a elaborar os compromisos de paz e de convivencia (dos que se seleccionará un por aula) para pegar no mural que se elaborará posteriormente para a conmemoración do 30 de xaneiro.

Dito día, elaborarase un mural xigante onde cada alumno/a plasmará a súa man no que se converterá nos aros olímpicos. Dentro de cada un deles pegaranse os compromisos de paz seleccionados e elaborados polos diferentes cursos.

Elaboración da "Tregua olímpica": con cada compromiso de paz seleccionado por cada grupo-clase elaborarase unha única tregua que todos os membros da comunidade educativa se comprometen a cumprir(normas de convivencia que quedarán expostas na entrada do cole).Despois de pintar o mural (ao longo das primeiras horas da mañá), sairase ao patio, cada curso vestidos dunha cor dos aros olímpicos e se debuxarán cos corpos de mestres e alumnos/as sentados/as no chan.

Lerase en alto o xuramento olímpico e faranse voar cinco globos, un de cada unha das cores dos aros olímpicos.

É importante resaltar que ao longo de todo o curso insistirase moito na importancia que tiñan os XXOO no compromiso de paz que xuraban os países que ían a participar neles. Por iso o lema do día da paz será: ano olímpico, ano de paz.

Entroido (5 De Febreiro):

Os disfraces a elixir por cursos irán relacionados co deporte ou símbolo relacionado co tema do olimpismo (pebetero, xuíces olímpicos, gregos, deportistas...).

Se o tempo o permite celebrarase a festa desfilando polo patio e baile.

En caso de chuvia, celebrarase a festa no pavillón do colexio.

Día Internacional da Muller (8 de marzo):

Analizarase nas aulas cales son as disciplinas deportivas de prototipo feminino, masculino ou ámbalas dúas.

Día dos dereitos do consumidor (15 de marzo):

Tratarase nas aulas o tema dos deportes e actividades físico-deportivas que se poden realizar gratuitamente (parques biosaudables, camiñar, correr, ciclismo, partidos de distintos deportes nas instalacións municipais,...).

Semana da prensa (do 4 ao 8 de marzo):

En vez de traballar unha semana en concreto esta conmemoración, farase durante 9 semanas a partir da inauguración dos nosos Xogos Olímpicos.

Cada semana será un nivel o encargado de facer de reporteiros deportivos.

Elaborarán un mural (DIN A3) con unha pequena recompilación das noticias deportivas da prensa da semana. Os venres encargaranse de dar pola megafonía do centro os titulares ademais das noticias acerca dos resultados das competicións dos recreos.

Todos eses murais quedarán recollidos nun panel nun dos corredores do centro.

Día mundial da saúde (7 de abril):

Traballarase nas clases a importancia de ter hábitos saudables, facendo fincapé na actividade física e alimentación correctas.

Día do libro (do 18 ao 22 de abril):

Faranse lecturas dos libros relacionados co deporte mercados polo Equipo de Biblioteca.

Realizarase un libro xigante titulado “Lolo nos Xogos Paralímpicos”.

<u>Día de Europa ( 8 de maio):</u>

Na área de ciencias sociais analizaranse os países europeos e non europeos que participan nos Xogos de París 2024. Situarase Francia no mapa e falarase do continente Europeo.

<u>Semana das Letras Galegas (do 9 ao 17 de maio):</u>

Exposición de poesías ou calquera outro estilo literario relacionado co deporte (en colaboración cos equipos de biblioteca e EDLG).

<u>Día do Medio Ambiente (5 de xuño):</u>

Realizaranse actividades físico-deportivas nun parque natural.

<u>XXOO Escolares E I Xogos Paralímpicos Escolares (Maio 2024) O Inauguración Dos Ii Xxoo Escolares E I Paralímpicos (Maio)</u>

Seguirase o seguinte programa:

1. Desfile de nacionalidades (clases).

2. Sección artística (exhibicións deportivas traballadas nas clases de EF e educación musical).

3. Lectura do xuramento olímpico.

4. Relevo do facho olímpico y acendido do caldeiro olímpico.

5. Izado de bandeiras (olímpica e de centro)

6. Canto conxunto do himno olímpico con coreografía elaboradas ámbalas dúas cousas nas clases de Educación Musical.

<u>Desenvolvemento Das Competicións:</u>

As competicións levaranse a cabo nos recreos, seguindo o horario de distribución das zonas de xogo habituais no patio Farase unha folla de arbitraxe e realizarase un horario de competicións.

Clausura Dos XXOO Escolares (Fin De Curso):

- Coincidindo co final de curso farase o acto de clausura onde se intentará traer a visita dalgún deportista olímpico, exolímpico ou da alta competición.
- Farase unha "roda de prensa" aos famosos invitados.
- Entregaranse os diplomas participativos e colgaranse as medallas aos campións dos xogos
- Baixado de bandeiras e apagado do caldeiro olímpico.

Durante 3 semanas nos recreos organizaranse competicións de diferentes disciplinas. Unha destas semanas será dedicada aos xogos adaptados a deportistas con discapacidade física.

A organización das mesmas correrá a cargo das mestras e mestre de EF.

Excursións Fin De Curso

Cada nivel realizará unha saída con horario extraescolar.

O alumnado de sexto curso fará unha saída de varios días.

Os lugares están por determinar.

Outras Propostas

Ocasionalmente poderanse celebrar cantas conmemoracións ou celebracións poidan xurdir ao longo do curso, sempre en total coordinación.

# 12. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

## 12.1. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO E FAMILIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E AOS ALUMNOS/AS DE NOVA MATRÍCULA.

No mes de xuño o profesorado de educación infantil conxuntamente co Departamento de Orientación organizará un encontro co alumnado e cos pais e nais dos nenos/as de novo ingreso. Neste encontro trataranse os seguintes temas:

Explicaranse as etapas educativas e o paso do 1º ao 2º ciclo de EI.

Informarase da data de reunión que haberá ao comezo do curso para informar sobre os agrupamentos do alumnado e para levar a cabo o período de adaptación e a súa estancia na escola .

Tratarase de solucionar toda as dúbidas que teñan.

Amosaránselles as instalacións escolares que vai a usar o alumnado.

## 12.2. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

A incorporación dun alumno ou alumna que procede do estranxeiro fai necesario establecer unha serie de medidas de atención específicas, axeitadas ás súas necesidades.

No noso centro estas medidas consisten en:

Primeiro contacto coa familia

Consiste nunha conversa coa familia na que lles explicará como é o sistema educativo español, así como a documentación necesaria para formalizar a matrícula. Utilizamos o folleto informativo ás familias Escolarización do alumnado procedente do estranxeiro, publicado en diversos idiomas.

Nesa conversa recollemos información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa… de maneira que o coñecemento das circunstancias do novo alumno ou alumna axude a determinar as súas necesidades educativas.

Avaliación inicial

Nesta avaliación, na que colaboran o departamento de orientación e os distintos titores, recóllense datos do coñecemento da lingua, a través de preguntas e láminas, a lectura, as operacións matemáticas e o grao de integración social. Utilizamos un cuestionario específico.

Reunión para decidir o curso e a aula máis idónea

O equipo directivo, co asesoramento do departamento de orientación e os titores implicados, analizarán os resultados da avaliación inicial e decidirán sobre esta cuestión. Ademais decidirase sobre a organización do horario de apoio para este alumno ou alumna, tendo en conta o establecido ao respecto na Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. (DOG do 26 de febreiro)

Información ás familias

Unha vez feito o trámite da matrícula, procederase a informar ás familias sobre temas de organización do centro:

- Horarios
- Períodos de vacacións.
- Normas internas.
- Asistencia.
- Sistema de avaliación.
- Hora de atención aos pais.
- Material escolar necesario…

A compra de material e dos libros de texto estará determinado polo nivel de competencia lingüística e curricular do alumno, polo que consideramos conveniente esperar un tempo para facer a compra definitiva.

Informaráselles sobre a existencia dos servizos sociais do concello e os servizos médicos. A continuación ensinaráselle aos pais e ao alumno ou alumna as instalacións máis representativas.

Reunión co titor ou titora para preparar o primerio día de clase

Seguiremos as orientación do Material de apoio ao profesorado para a atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro, publicado pola Xunta de Galicia.

# 13. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Este curso continúan en funcionamento as tres liñas: Milladoiro, Centro e Rocha. Das que fan uso un total de 88 alumno/as. Este curso escolar o número de usuarios descendeu considerablemente debido ao medo a posibles contaxios no autobús por ser un espazo cerrado.

A liña do Milladoiro con paradas en: Alto do Milladoiro, a Gran Vía e na Travesía do Porto. O alumnado da parada de Mobles Compostela é recollido pola liña 2 por exceder a capacidade do autobús.

A liña Centro con paradas en: Benéfica de Conxo, Mestre Mateo, Torrente, Vidán, Farmacia/ Peleteiro, Zafiro e Zocas.

A liña da Rocha con paradas en: Mobles Compostela, Corredera Campsa, Pontepereda, Pai da Cana, Campo de Conxo, Poza Real, Ponte da Rocha, Churruchaos e Rocha Vella.

Tódalas liñas contan con coidadora que ten varias tarefas:

- Vixiar que o alumnado entre no recinto escolar ao saír do autobús.
- Controlar que o alumnado suba ao autobús de forma ordenada.

- Controlar a viaxe do alumnado para que fagan un uso axeitado do mesmo.

Os autobuses non sairán ata a saída do último grupo segundo o horario establecido para este curso, para que todo os alumnos/as o poidan utilizar e non o perdan.

A entrada do alumnado transportado farase inmediatamente á chegada do autobús ao centro escolar pola porta asignada.

Os monitores acompañarán na entrada só ao alumnado de EI e 1º e 2º de EP.

# 14. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As Instalacións cederanse previa solicitude e aprobación do Consello Escolar para a realización de actividades de conciliación familiar nos períodos de vacacións e/ou as asociacións, clubes, etc do barrio que traballan co noso alumnado, que o soliciten.

Horario da conserxe:

- De 7.30 da 14.30 pola mañá .
- As tardes do luns, mércores e xoves, de 16:15 ata a hora que rematen as actividades extraescolares xestionadas pola ANPA .
- Os martes abrirá de 16:15 a 19:00
- Os venres só hai actividades de pavillón polo que a conserxe non abrirá o centro.

# 15. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES |
|---|---|---|---|---|
| | ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DO CEIP QUIROGA PALACIOS | | | |
| 16:30 - 17:30 | LUDOTECA | LUDOTECA | LUDOTECA | LUDOTECA |
| | BALONCESTO | KARATE | BALONCESTO | FÚTBOL |
| | JUDO | DIVERTIDANZA | BAILE | TEATRO |
| | XADREZ | LÓXICA DIVERTIDA | LÓXICA DIVERTIDA | INGLÉS |
| | INFORMÁTICA E ROBÓTICA | INFORMÁTICA E ROBÓTICA | INFORMÁTICA E ROBÓTICA | |
| 17:30 - 18:30 | LUDOTECA | LUDOTECA | LUDOTECA | LUDOTECA |
| | BALONCESTO | FÚTBOL | BALONCESTO | XIMNASIA RÍTMICA |
| | PINTURA | ZUMBA/BAILE MODERNO | | INGLÉS (primaria) |
| | | | | COCIÑA |

# ANEXOS

## I. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

PROXECTO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Coa elaboración deste proxecto pretendemos que as tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe. Este plan debe implicar un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que ofertan as TICs.

Para a elaboración do proxecto é necesaria a participación activa de todo o equipo docente e, unha vez aprobado, incorporarase á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á memoria deste.

O proxecto que presentamos nace coa intención de seguir cambiando o concepto de centro educativo tradicional polo de centro educativo dixital, xa que o que perseguimos é dispoñer dos recursos humanos e pedagóxicos, así como das infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián por parte de todos os axentes da comunidade educativa.

EQUIPO E REUNIÓNS

O curso pasado a mestra encargada das TICs foi Andrea Pérez Garabán, e asignouse a varios mestres ao equipo para axudar co traballo neste eido. Ao longo do curso pasado vimos a necesidade de seguir asignando a profesorado a esta actividade e no presente curso o equipo quedou composto por:

- Castro Fernández, María Cristina.
- Filloy Jeremías, Ángela.
- García de Francisco, Patricia Marlene.
- Leis Rey, Patricia.
- Paz González, José Alberto.

- Pérez Garabán, Andrea (coordinadora).

As reunións de todos os membros do equipo terán unha periocidade mensual, co obxectivo de analizar as necesidades atopadas e de avaliar as tarefas desenvoltas. Se fose posible, semanalmente reuniranse de xeito informal durante as horas de dinamización TIC os membros do equipo que compartan horario.

XUSTIFICACIÓN

Desde este centro planeamos a introdución progresiva das novas tecnoloxías no noso entorno educativo en canto instrumentos de aplicación e apoio á nosa labor educativa. Abordaremos o uso das TICs desde tres perspectivas:

- As novas tecnoloxías como un instrumento máis de traballo, como un recurso máis ante a procura de información, elaboración de traballos propios, apoio á docencia convencional a través de aplicacións didácticas convencionais informatizadas, etc.
- As novas tecnoloxías como instrumento constitutivo de estudio dentro do ámbito da informática convencional.
- A tecnoloxía como motivación, para desenvolver a través do xogo habilidades STEM no noso alumnado.

Trátase de utilizar as novas tecnoloxías como suxeito, obxecto de aprendizaxe e para crear futuras persoas competentes no ámbito STEM: suxeito en canto elemento facilitador de aprendizaxes convencionais, sobre todo en Primaria; obxecto en canto área de estudio, como preparación para a Secundaria; e instrumento motivador para crear nas nenas e nenos interese pola tecnoloxía e as posibilidades que lles pode ofrecer no seu futuro persoal e profesional.

No CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios consideramos que existen importantes razóns para que o noso centro se dote dos recursos técnicos e humanos que nos permitan integrar as TICs nos procesos de ensinanza aprendizaxe e na nosa xestión administrativa.

A continuación expoñemos algunas das razóns que xustifican o desenvolvemento dun proxecto TIC no noso centro:

- A motivación, xa que os novos medios son máis atractivos para o alumnado.
- Unha maior interacción, xa que permanecen máis activos.
- A aprendizaxe cooperativa, xa que se facilita o traballo en grupo, o intercambio de ideas e a participación.
- Supón un acceso a múltiples recursos educativos e contornas de aprendizaxe.
- A atención á diversidade. Pódense personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao existir múltiples materiais e recursos educativos que permiten achegar a cada alumno os máis axeitados ao seu plan de aprendizaxe, ás súas circunstancias persoais e aos seus intereses e fortalezas (DUA).
- Con respecto á acción titorial e orientadora, as TICs facilitan acceder aos resultados das avaliacións, ao control de asistencia de cada alumno,...
- En canto ás tarefas administrativas, as TICs simplifican a xestión das cualificacións escolares, o control de asistencia, as comunicacións aos pais e a elaboración de todo tipo de documentos administrativos.
- As TICs ofrecen tamén a posibilidade de dar a coñecer o traballo que se realiza no centro. Na nosa páxina web pódese acceder a toda a información relevante sobre a escola.
- A aula virtual do centro facilitará o ensino mixto ou o non presencial no caso de ter que recurrir a este último.

ESTUDIO DAS CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios é un centro de ensino público creado no curso 1967/1968, situado en Santiago de Compostela.

Toda a comunidade educativa está moi comprometida en ofrecer unha educación de calidade e igualitaria, na que se superen as diferenzas económicas e sociais.

UTILIZACIÓN DAS TICs

A maioría do profesorado deste centro participa en cursos en rede, xestiona a utilización das TICs por parte do alumnado e emprega recursos enviados por editoriais, os dispoñibles na rede e outros de elaboración propia.

O centro ten páxina web, aula virtual e outros blogs e aplicativos (ClassDojo) nos que a comunidade educativa pode participar das actividades que se realizan na escola.

EQUIPAMENTO

O curso pasado colocaron paneis dixitais para infantil e primeiro ciclo de primaria, retirando os proxectores e pizarras vellas. No terceiro trimestre reubicamos as que estaban en mellor estado nos seguintes espazos: aula de psicomotricidade, espazo de música e comedor.

Durante este primeiro trimestre retiraremos os ordenadores que xa non sexan necesarios nas aulas e dotaremos a música, psicomotricidade e PT e AL con eses equipos de aula.

Agardamos poder ter unha sesión neste primeiro trimestre para **formar ao profesorado** do centro no uso do equipamento dispoñible no centro, sobre todo polos novos paneis.

Precisamos novos equipos para secretaría e orientación. O curso pasado xa se fixera solicitude, pero voltaremos a enviala xa que son moi necesarios.

Valoraremos que facer coas pizarras e proxectores que temos almacenados (donacións, colocación noutros espazos do centro…).

Este curso virán a colocar os paneis nos restantes cursos de primaria.

Todas as aulas de **titoría** dos grupos teñen EDI, proxector e equipo (de sobremesa ou portátil) ou panel dixital (cun ordenador coa maqueta Abalar integrado no panel) con

conexión á rede de datos do centro. A rede sen fíos Edixgal cobre todas as aulas do segundo e primeiro andar, mentres que no baixo temos a wifi Siega.

En 4º teñen un carrito con portátiles para o uso do alumnado nesas aulas.

O curso pasado habilitáronse dúas aulas de titoría no antigo **CEFORE** por falta de espazo no edificio principal. Estas aulas asignáronse aos terceiros e, co fin de dispoñer dos mesmos recursos que no edificio principal, instalamos unha impresora láser en rede nunha das aulas.

A **biblioteca** do centro está dotada con 4 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 portátil para o profesorado, pizarra dixital interactiva, proxector e mesa táctil infantil. É preciso revisar neste espazo o cableado nos postos do alumnado e profesorado.

A **aula de informática** tamén dispón de EDI e proxector. Nos últimos anos vénse utilizando moito menos este espazo xa que de 4º a 6º teñen portátiles na aula e ademais os equipos dos que dispón a aula de informática están bastante obsoletos.

Este curso queremos darlle unha volta a este espazo e transformalo noutro moito máis dinámico, incluindo material de robótica, tablets, construccións… que está previsto que cheguen ao centro como dotación para crear estes espazos (Polos creativos).

Temos unha **fotocopiadora** en conserxería cun servicio de renting instalada en rede cos equipos de administración e **sala de mestres** (na que temos 3 equipos: dous de sobremesa e un portátil). Temos tamén unha segunda fotocopiadora en branco e negro na sala de mestres conectada en rede coas aulas, o que facilita moito o traballo docente.

Os equipos portátiles que non se utilicen nas aulas levarémolos para a sala de mestres, xa que os equipos que hai neste espazo non son suficientes para o traballo docente.

Na entrada temos unha **pantalla** conectada a un reproductor de dvd no que temos reproducido fotos do centro, vídeos realizados polo alumnado e profesorado e outra información de interese para a comunidade educativa. Actualmente non se usa demasiado.

OBXECTIVOS

Para poder seguir ofertando ao noso alumnado un ensino de calidade, precisamos levar as TICs á nosa práctica diaria na aula mediante traballos realizados con axuda da rede, empregando materiais interactivos, desenvolvendo contidos propios para colgar na rede e utilizando ferramentas dixitais que propicien o debate, a colaboración e o traballo en grupo. Para que isto sexa posible é imprescindible **unha mellor organización do equipamento informático, aínda que tamén será necesaria a formación do profesorado do centro, por iso o principal obxectivo deste curso será apoiar ao profesorado** no uso de ferramentas dixitais e aula virtual.

Este obxectivo principal para o presente curso resulta fundamental para acadar os seguintes obxectivos do noso proxecto:

- Fomentar e facilitar a utilización da aula virtual, posto que é un espacio moi útil ao alcance de alumnado e profesorado, facilitando a través del o proceso de aprendizaxe, tanto en contextos de presencialidade ou ensino mixto.
- Deseñar ou recopilar actividades para dinamizar a utilización das pizarras dixitais coa colaboración do resto dos equipos didácticos do centro.
- Familiarizar ao alumnado na utilización de ferramentas dixitais, potenciando a adquisición de hábitos e destrezas para desenvolverse nestes medios axeitadamente.
- Desenvolver capacidades e destrezas para o manexo activo de información potenciando a posibilidade de acceso á mesma.
- Utilizar o ordenador como ferramenta para actividades de expresión plástica.
- Reforzar as adquisicións realizadas en diversas áreas curriculares a través do uso e manexo de aplicacións e programas educativos en canto instrumentos de apoio ao ensino convencional.
- Utilizar aplicacións informáticas de tipo didáctico en consonancia cos temas curriculares desenvolvidos na aula ordinaria.

- Potenciar mediante o uso de ferramentas dixitais educativas a adquisición das competencias básicas.
- Coñecer e utilizar os sistemas operativos Windows e Linux.
- Familiarizarse coa plataforma Moodle para o ensino mixto.
- Utilizar medios tecnolóxicos para a comunicación entre a comunidade educativa: páxina web do centro, correo electrónico, blogs, abalar, aula virtual, agueiro, webex, falemos...
- Dinamizar a aula virtual do centro, fomentando o seu uso por parte de todo o profesorado.
- Seguir traballando na grabación e edición de videos, xa que está dando resultados moi bos (varios premios recibidos nos pasados cursos) e axudan a establecer vínculos sociais entre o alumnado, familias e persoal do centro.
- Concienciar ao alumnado na correcta utilización de internet e das redes sociais.
- Sacar o máximo partido dos recursos informáticos dos que dispón o centro.
- Crear un espazo dixital colaborativo na antiga aula de informática co material que chegará como dotación por parte da Consellería.
- Reorganizar os recursos dispoñibles no centro e intentar retirar dos almacéns os materiais que non se vaian a utilizar.

ACTIVIDADES

Coa integración das TICs na nosa práctica docente pretendemos conseguir que a educación sexa máis motivadora e real. Para que o alumnado poida aproveitar convenientemente todas as posibilidades que se lle ofrecen, é preciso que teña un coñecemento axeitado dos equipos informáticos e das ferramentas dixitais.

Algunhas das actividades que se realizarán ao longo do curso co alumnado son:

- Acceso, manipulación e utilización de soportes tecnolóxicos comúns (discos duros, tarxetas de memoria, pendrives...).
- Transferencia de arquivos entre os soportes citados anteriormente.
- Formateo, preparación, copiado e mantemento informático dos soportes.
- Utilización de procesadores de textos (Libre Office).
- Creación de presentacións para expoñer un tema con distintas ferramentas dixitais.
- Iniciación no tratamento de imaxes con Gimp.
- Iniciación no tratamento de son con Audacity.
- Grabación e publicación de podcasts.
- Realización de tarefas tecnolóxicas relacionadas coas distintas áreas do currículo.
- Busca e selección de información na rede.
- Iniciación no uso do correo electrónico.
- Iniciación á programación con Scratch.
- Iniciación no uso de Agueiro.
- Utilización de espazos persoais na rede para almacenaxe de arquivos (aula virtual, Edixgal e Agueiro).
- Deseño de viñetas con Comic Life ou Pixton.
- Gamificación do ensino: ferramentas ClassDojo e FantasyClass.
- Publicación de entradas en blogs.
- Utilización axeitada da aula virtual (a do centro e a plataforma Edixgal por parte do alumnado participante).

- Gravación de vídeos relacionados con actividades extraescolares, áreas curriculares ou proxectos de investigación realizados no centro.
- Aquelas actividades que nos permita desenvolver o novo material da aula de informática (robótica, AR, construccións…).

A coordinadora TIC estará á disposición do profesorado para consultarlle as dúbidas ou problemas que poidan xurdir na implementación destas actividades, e asesorará aos mestres/as sobre as necesidades de formación para levalas a cabo con éxito.

Somos conscientes de que precisamos anos e moito traballo para desenvolver todos os obxectivos propostos, pero iremos avanzando pouco a pouco. Desde o equipo das TICs levaranse a cabo as seguintes accións:

***Actividades de información:***

- Elaboración e actualización do inventario completo dos recursos dispoñibles (incluídos os audiovisuais).
- Elaboración e actualización dunha guía de uso de medios informáticos e audiovisuais: localización, dotación e normas de funcionamento.
- Elaboración dun cadro horario da aula de informática (cando estea cos novos materiais) e dos recursos dispoñibles no centro.
- Proposta para unha remodelación da aula de informática.

***Actividades de formación:***

- Ao final do curso, faremos unha enquisa para detectar as dificultades atopadas no desenvolvemento do proxecto para tratar de solventalas nos vindeiros cursos.
- Para os profesores que o precisen, solicitaranse programas formativos dentro do Plan de Formación do Profesorado a fin de que poidan coñecer o material que van a usar. Unha das liñas de traballo incluirá formación para o Plan Dixital que comezou o curso pasado.

- Realizaranse as demostracións que se soliciten das posibilidades de uso didáctico de programas informáticos.
- Prestarase apoio no uso das TICs ao profesorado que o solicite.
- Valorarase tamén realizar unha formación para as familias no uso da aula virtual do centro.
- Pediremos unha sesión formativa para sacarlle máis partido aos novos paneis dixitais.
- En canto chegue a dotación de materias de Polos Creativos valoraremos a posibilidade de formarnos para o seu uso apropiado co alumnado.

***Mantemento dos recursos:***

- Coordinación das incidencias dos equipos.
- Revisión periódica do funcionamento dos equipos de aula.
- Actualización da maqueta Abalar nos equipos que sexa necesario.
- Valoración do software educativo necesario e supervisión da súa instalación.
- Busca de orzamentos, proposta e instalación de novos equipos.
- Creación dun espazo de almacenaxe para todo o material TIC do centro nun pequeno almacén do segundo andar.

ACCIÓNS FORMATIVAS DIXITAIS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

No inicio do curso precisamos dar a coñecer a aula virtual do centro ao alumnado e familias, así como comprobar o correcto acceso de todos os usuarios.

O equipo TIC será o encargado de promover o desenvolvemento das accións seguintes:

| ACCIÓNS A DESENVOLVER NOS ENTORNOS VIRTUAIS DE APRENDIZAXE | ETAPAS / NIVEIS AOS QUE VAN DIRIXIDAS | ONDE SE DESENVOLVEN | INICIO DAS ACCIÓNS |
|---|---|---|---|
| Crear usuarios e matriculalos nos cursos correspondentes. | Todos os niveis | Aula virtual do centro | 12-30 setembro |
| Facilitar ao alumnado o seu usuario e contrasinal. | Todos os niveis | Aula virtual do centro<br>Mensaxería abalar<br>Axendas alumnado | 1-30 outubro |
| Comprobar o acceso do alumnado aos seus cursos. | Todos os niveis | Aula de clase<br>Casa | 1-30 outubro |
| Visualizar contidos na aula virtual. | Todos os niveis | Aula de clase<br>Casa | 1-30 outubro |
| Realizar tarefas sinxelas na aula virtual (actividades interactivas, cuestionarios…). | Educación Primaria | Aula de clase<br>Casa | 1-30 outubro |
| Realizar entregas de tarefas na aula virtual. | 4º, 5º e 6º de Educación Primaria | Aula de clase<br>Casa | 1-30 outubro |
| Sesións formativas por parte dos titores/as e/ou equipo TICs para familiarizarse co uso das plataformas de formación. | 4º, 5º e 6º de Educación Primaria | Aula de clase | outubro/ novembro |
| Emprego de ferramentas básicas das que dispón o ultraportátil Edixgal: cámara, gravación/edición de vídeo, procesador de textos, deseño. | 5º e 6º de Educación Primaria | Aula de clase | outubro/ novembro |
| Creación dun curso básico sobre o uso da aula virtual dispoñible na propia plataforma con videotitorias e/ou guías de axuda. | 4º, 5º e 6º de Educación Primaria<br>Familias | Aula virtual do centro | primeiro trimestre |

<u>AVALIACIÓN</u>

Serán criterios de avaliación a considerar, en base ao enfoque xeral plantexado, o nivel de logro nos seguintes aspectos:

- Nivel e calidade da participación por parte do alumnado nos distintos proxectos e tarefas relacionadas coa tecnoloxía.

- Nivel de coordinación entre as actividades escolares ordinarias e as extraescolares.
- Nivel de uso académico das TICs como recurso na aula.
- Nivel de satisfacción por parte dos diversos sectores que conforman a comunidade educativa.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As TICs proporcionan múltiples funcionalidades ás persoas que requiren unha atención específica ao facilitar:

- A comunicación.
- O acceso á información.
- O desenvolvemento cognitivo.
- A adaptación das aprendizaxes a distintos ritmos.
- O ocio e o traballo.

Así, traballaranse e deseñaranse actividades que respecten os diversos ritmos da clase e que lles permitan pasar progresivamente a dificultades maiores. Polo tanto, a atención á diversidade, a integración e a colaboración, son conceptos que estarán sempre presentes na práctica docente.

Os programas e actividades de reforzo son imprescindibles para traballar coa diversidade existente na aula, afianzando conceptos básicos e ampliando outros ao tempo que respectan distintos ritmos de aprendizaxe.

PRESENZA DO CENTRO NA WEB

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcardealquiroga/:

Neste enderezo pódense consultar diversos aspectos relacionados coa organización do centro como localización, oferta educativa, actividades...

A través deste portal accedemos tamén á aula virtual e aos blogs creados e actualizados polos distintos equipos de profesorado. Ademais de todos estes, tamén funcionan blogs de aula que estarán enlazados desde a páxina web.

O éxito deste proxecto depende, en gran medida, dunha boa integración das TICs na nosa práctica docente diaria e da súa utilización como ferramenta de traballo, motivación, comunicación e información.

Desde a páxina web trataremos de dar a coñecer ao alumnado e ás familias as páxinas web do centro, así como novas de interese ou celebracións e actividades realizadas durante o curso.

EDIXGAL

Hai 3 cursos iniciamos a nosa experiencia no proxecto Edixgal co alumnado de 5º curso de educación primaria. As dúas aulas deste nivel foron dotadas de portátiles para profesorado e alumnado, así como dunha rede wifi para a conexión dos equipos. Este curso o alumnado de 5º que se inicia no proxecto faino con mellor predisposición e menos dúbidas, froito da experiencia que estes anos acadamos no centro.

Consideramos que o libro de texto debe deixar de ser a fonte de información por excelencia e converterse nun recurso máis. Segundo a propia filosofía do currículo actual o traballo por proxectos e a metodoloxía que implica permite una aprendizaxe máis responsable, entendendo que os alumnos son axentes activos neste proceso. O libro dixital permítenos mudar o modelo tradicional por un enfoque máis actual e flexible.

Unha das vantaxes do libro de texto dixital fronte ao libro de texto impreso é a variedade de linguaxes e tipoloxías, ademais de fontes de recursos que integra. Esta diversidade permite fomentar o desenvolvemento das competencias.

Os contidos audiovisuais, os interactivos e a hipertextualidade dos libros de texto dixitais permiten aos alumnos mellorar as súas habilidades comunicativas dun xeito máis acorde coa época tecnolóxica en que vivimos. Os chats de grupo, os blogs de aula e os foros, son exemplos de ferramentas que nos serven para potenciar o traballo

colaborativo. Estas ferramentas irán aprendendo a utilizalas seguindo a aprendizaxe en cascada, isto é, os que saben ensinan aos outros.

A coordinadora Edixgal do centro é a titora de 5º B e coordinadora TIC Andrea Pérez Garabán.

OBXECTIVOS DO PROXECTO EDIXGAL

**En relación ao profesorado do centro:**

- Avanzar e mellorar no coñecemento do equipamento.
- Participar nas actividades de formación no EVA.
- Fomentar a auto-formación e a formación entre iguais como metodoloxía de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias de investigación utilizando a rede.
- Facer uso das funcionalidades e recursos dispoñibles no portal Espazo Abalar e no EVA.
- Analizar e reflexionar sobre os cambios metodolóxicos que o emprego das TIC e o proxecto E-Dixgal provoca no traballo nas aulas, procurando a implementación e valoración de novas estratexias de ensino-aprendizaxe: traballo por proxectos, traballo cooperativo, agrupamentos flexibles...
- Analizar e desenvolver boas prácticas educativas no emprego das TIC: coñecer a valorar as experiencias doutros centros Abalar e con E-Dixgal.
- Realizar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, e coñecemento das celebracións LGTBI).
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia...)
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación dende o currrículo.

- Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.

5.2.- COMPETENCIAS CLAVE

Un elemento imprescindible no noso proxecto para educar en igualdade é a necesidade de desenvolver no noso alumnado competencias clave.

**Comunicación lingüística**

Traballarase este apartado a través do uso axeitado da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo.

Desenvolveranse tamén actividades nas que o alumnado utilice a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como actitudes de rexeitamento ante os diferentes tipos de discriminación.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Traballarase na aula para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferencias entre nenos e nenas; diferencias que compre coñecer para poder eliminar estereotipos que discriminan ás mulleres no ámbito científico e tecnolóxico.

**Competencia dixital**

Analizaranse co alumnado as mensaxes que nos proporcionan as redes sociais con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico ante eles.

**Competencias sociais e cívicas**

Co presente Plan procuraremos fomentar valores e actitudes necesarios para que o noso alumnado poida vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima.

É importante que adquiran o valor da igualdade, non entendida como un feito illado que se traballa un día na escola, senón como unha actitude necesaria para a sociedade. Isto conseguirase a través da realización de actividades lúdicas e próxima a eles.

**Aprender a aprender**

Contribuiremos a esta competencia con todas as actividades do Plan na que nenos e nenas teñan que recopilar información para poder traballar na aula. Serán eles quen analicen individualmente as situacións e despois as exporán na clase, para ser tratadas posteriormente en gran grupo. Potenciarase o traballo cooperativo en igualdade para a realización de murais e postas en común, sen esquecer o desenvolvemento individual do alumando.

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

As actividades deste Plan de Igualdade estarán orientadas a que o noso alumnado sexa autónomo tanto na casa como na escola e se sintan seguros para expresar as súas ideas e propostas de traballo. Isto formará as bases para que o sexan día a día.

**Conciencia e expresións culturais**

Traballarase no coñecemento da historia, da literatura, da arte, das tradicións,... dende un punto de vista crítico analizando os estereotipos e visualizando ás mulleres que participaron en todos estes ámbitos e que ata fai pouco nin aparecían, por exemplo, nos libros de texto.

5.3.- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente dende unha perspectiva de xénero para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, a desigualdade de xénero…

- Continuar na revisión do material didáctico empregado na aula (valores, normas, selección de contidos, personaxes, imaxes, linguaxe, proposta de actividades) e seguir aumentando o material das bibliotecas tanto de aula coma de centro.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
- Incidir na promoción de deportes, no ocio e en actividades non estruturadas que inclúan a ámbolos xéneros.
- Utilizar imaxes e linguaxe non sexista en todas a actividades que se realicen na aula.

5.4.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Propoñer lecturas coeducativas a través da Biblioteca.

- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real, empregando o xornal como recurso de actualidade.

- Realizar en colaboración co Concello actividades que favorezan a igualdade, de rexeitamento da violencia de xénero ou para a promoción de prácticas deportivas non sexistas ofertadas polo departamento de Deportes.

- Realizar obradoiros, charlas ou proxectos de promoción da igualdade en colaboración coa ANPA e/ou con outras asociacións (centros socioculturais, veciñais, etc)

5.5.- INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva a través de persoas famosas ou relevantes dentro do entorno que poidan visitar o centro e transmitir a súa experiencia.

No caso da existencia de alumnado transxénero no centro, o equipo docente e, en especial, o Departamento de Orientación poñerase á disposición das familias e do propio alumnado para tomar as decisións ou medidas máis axeitadas para facilitar o día a día no centro e prestarase especial atención a posibles situacións de acoso, actitudes, comentarios e accións irrespetuosas cara a igualdade, así como a identidade de xénero e a orientación sexual , de modo que se proceda de modo ao marcado no Plan de Convivencia do centro.

## 6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación é un proceso de mellora continuada das accións que se desenvolven que permite determinar a efectividade das actuacións realizadas.

Como axuda ao seguimento e avaliación deste Plan de Igualdade, empregaranse enquisas que establecerán o punto de partida da realidade do centro para poder priorizar liñas de actuación máis axeitadas. As enquisas irán destinadas tanto ao profesorado, como ás familias e ao alumando.

Prepararanse ao longo do curso, presentaranse a todos e todas as participantes a través do papel, serán anónimas e publicaranse os datos e as conclusión de xeito público no taboleiro de anuncios.

As conclusións obtidas serán o punto de partida para novas propostas de mellora de cara a vindeiros cursos escolares.

Tamén se tomarán como referencia os obxectivos establecidos no punto 4 deste Plan e se valorará a consecución ou non dos mesmos.

| ÍTEMS A AVALIAR (OBXECTIVOS) | INDICADORES DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| Posta en marcha e posterior mantemento das medidas de actuación detalladas neste plan. | Posta en marcha: si ou non.<br><br>Mantemento: si ou non. |
| Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos. | Integración: si ou non |
| Ampliación das propostas de educación emocional, como parte fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado. | Ampliación: si ou non |
| Promocionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia... | Alfabetización conseguida:<br><br>Si, non ou en proceso. |
| Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais . | Resolucións pacíficas: si ou non. |
| Visibilización no currículo da figura da muller en todas as áreas do coñecemento. | Visibilización: si ou non. |
| Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro. | Conseguido: si ou non. |
| Fomentar os valores como a tolerancia, respecto, colaboración e igualdade a través de actividades onde os nenos e as nenas experimenten distintos roles; cambiando xerarquías existentes na sociedade por outras non estereotipadas e debatidas nos grupos de traballo co alumnado. | Conseguido: si ou non. |
| Analizaranse tamén os momentos deportivos e de lecer. | Conseguido: si ou non. |
| Traballar a educación emocional en todos os niveis. | Conseguido: si ou non. |
| Aceptar e naturalizar os distintos modelos de familia que se dan na sociedade. | Aceptación: si, non ou en proceso. |

| | |
|---|---|
| Uso dunha linguaxe inclusiva na comunicación (LIC) | Conseguido: si ou non |
| Ser o profesorado un modelo coeducador, tanto por formación como por actitude. | Conseguido: si, non ou en proceso. |
| Promover a diversidade e a xustiza desde o respecto a aquilo que é diferente. | Conseguido: si, non ou en proceso |

# IX. PLAN DE CONVIVENCIA

**O Plan de Convivencia polo que se rexe o centro está integrado nas NOF**

## 5 B.1 A Comisión de Convivencia. Contextualización e avaliación inicial

### *5 B.1.1 Definición*

É un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

### *5 B.1.2 Composición*

- A Comisión de Convivencia está formada polos seguintes compoñentes:
- Director/a. Presidente/a.
- Xefa/e de Estudos.
- Orientador/a do centro.
- Representante/s dos pais/nais/titores/as legais do alumnado.
- Persoal non docente.
- A persoa do Consello Escolar do Centro que desempeñe as funcións de desenvolver programas e iniciativas de coeducación.

Tamén poderá formar parte o profesorado relacionado co tema a tratar en cada sesión. En cada curso concretarase na PXA os membros do Consello escolar que formarán parte da Comisión de Convivencia.

### *5 B.1.3 Funcións*

Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu artigo 6.4, a comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### 5 B.1.4 Funcionamento

- Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.
- As reunións faranse previa convocatoria do Director/a e con 48 horas mínimo de antelación, salvo caso urxente, convocarase preferiblemente ao finalizar cada trimestre. Nestas reunións, entre outras cuestións, revisaranse as actuacións levadas a cabo para beneficiar a consecución dos obxectivos do plan.
- Das mencionadas reunións levantarse acta. Para tal fin, o Director/a nomeará como secretario/a da mesma un/unha mestre/a dos membros da Comisión.

## 5 B.2 Contextualización e avaliación

**Análise conceptual**

O centro educativo configúrase como unha rede de relación, unha estrutura composta de costumes, normas, hábitos e valores que encadran estas relacións: relacións entre o profesorado e alumnado, entre o alumnado, entre o profesorado, con outros grupos sociais, coa familia, coa administración educativa ou coa sociedade en xeral.

Neste marco de relacións, que non son estritamente académicas, xorden problemas que traspasan os límites do estritamente curricular. Problemas sociais, afectivos e emocionais entrecrúzanse na vida diaria dos centros e das aulas.

As consecuencias destes problemas sociais, afectivos ou emocionais, transfórmanse en condutas que non sempre desde a escola entendemos como tales: agresividade, conflito e violencia, e que consideramos preciso diferenciar claramente cada un destes termos:

- **Conflito**: Nace da confluencia de intereses ou da intersección de dúas posicións fronte a unha necesidade, unha situación, un obxecto ou unha intención.
- **Agresividade:** Pode aparecer cando se dá unha situación de confrontación entre dous ou máis protagonistas. Pode ser o resultado dun conflito. Xurde

cando fallan os instrumentos mediadores cos que hai que enfrontarse ao mesmo.

- **Violencia:** Cando unha situación de conflito na que se usan procedementos belicosos, nos que un dos contrincantes non xoga honestamente e non emprega con prudencia os seus recursos, senón que abusa do seu poder, loitando por destruír ou danar ao contrario/s.

## Análise da situación actual dos diferentes contextos

Para comprobar como se percibe a convivencia no noso centro e poder así determinar as medidas axeitadas que permitan aqueles aspectos debilitados, realizarase unha análise dos tres ámbitos fundamentais da comunidade educativa: alumnado de Educación Infantil e Primaria, familias e profesorado.

- **Alumnado:** Acude ao centro procedendo das zonas de influencia do mesmo e doutras para cubrir as prazas existentes. Non se presentan problemas de integración social nin de discriminación racial.
- **Profesorado**: A maioría son funcionarios/as con destino definitivo no centro. A disposición por parte do profesorado, en xeral, é moi positiva coa intención de colaborar e coordinarse a pesares das dificultades propias da organización escolar.
- **Familias**: A súa participación regúlase a través dos órganos de goberno e de forma representativa no Consello Escolar. O grao de participación da ANPA é moi bo propoñendo actividades propias, ofertando diferentes actividades extraescolares, etc.

No referente ás cuestións de tipo académico dos seus fillos/as, a participación é grupal como mínimo na reunión de inicio de curso e individual por medio das titorías, para temas persoais máis concretos.

## Necesidades que se presentan

Considérase necesaria unha valoración da percepción que se ten sobre a CONVIVENCIA no noso centro o máis axustada á realidade posible, e na que se teña en conta o punto de vista de todos os axentes que conforman esta comunidade

educativa. Hai unha serie de observacións feitas polo profesorado que dificultan a convivencia no centro:

- Posuír determinados obxectos na aula.
- Non escoitar aos compañeiros/as e/ou ao profesorado.
- Alumnado que non se adapta ás normas da aula.
- Baixar as escaleiras de forma incorrecta, correndo ou golpeando as mochilas nas escaleiras.
- Circulación polos corredores de forma desordenada ou correndo.
- Faltas de respecto entre alumnos/as.
- Pouca tolerancia.
- Problemas interfamiliares e intrafamiliares que se trasladan ao colexio.
- Conflitos con outros alumnos/as fóra do centro que se trasladan á convivencia nel.
- Interrupcións no desenvolvemento das clases, o que supón perda de tempo e atención.
- Esquecer o material escolar o que produce unha baixada de rendemento na aula.
- Falta de hábitos de estudo e de traballo.
- Ridiculizar aos compañeiros/as académica e persoalmente.
- "Ser o primeiro" nas filas.

Unha vez observadas as dificultades, recóllense as seguintes necesidades:

- Levar a cabo medidas preventivas máis que terapéuticas.
- Incrementar a implicación do profesorado.
- Fomentar o diálogo e a comunicación entre pais, nais, profesorado e alumnado. Comunicación coas familias nas entrevistas persoais, telefonicamente, na axenda, e nos boletíns de avaliación.

- Abordar, nas reunións xerais coas familias, a convivencia na aula e no centro como algo necesario e no que deben colaborar.
- Inculcar os valores de respecto e tolerancia en todos os ámbitos.
- Acordos comúns de toda a Comunidade Educativa para mellorar a Convivencia no Centro, nos patios, corredores,…
- Establecer normas claras e sinxelas coñecidas e aceptadas por toda a Comunidade Educativa.
- Escoitarse uns aos outros respectando a quenda de palabra.
- En casos de alteración da convivencia, considerar se a alteración é xeneralizada, se continúa ocorrendo, se é un feito illado,…
- En situación de conflito, establecer algunhas pautas coma:
    - Dialogar cos/coas implicados/as,
    - Pedir “desculpas” de forma individual e/ou en grupo.
    - Facer reflexións en voz alta sobre o que aconteceu.
    - Separar uns momentos da actividade, poñéndoo de pé ou un tempo sen recreo.
    - Procurar que as correccións verbais, colectivas e individuais, se fagan no momento, aínda que haxa que cortar a clase e que posteriormente se cumpran os acordos ou castigos.
    - Como non hai hora de titoría co alumnado, buscar momentos axeitados para levar a cabo actividades de prevención.
    - Tratar os problemas a través de temas transversais, celebracións escolares, …
    - Levar a cabo actuacións puntuais en grupo para desenvolver hábitos de convivencia.
    - Darlle importancia a todos os conflitos por pequenos que parezan.
    - Inclusión de programas de intelixencia emocional e habilidades sociais.

## 5 B.3 Plan de actuación

A prevención é o primeiro paso, a continuación intervense cando xorden os conflitos. No plan de actuación propóñense unha serie obxectivos, accións temporalización e recursos que se empregan.

### Obxectivos

- Manter e mellorar o clima de seguridade, respecto e confianza que existe no centro, aprendendo a diferenciar ambientes seguros dos que non o son, impulsando relacións fluídas e de respecto entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquelo que demanden en relación á estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, do relacionado coa colaboración familia-escola.
- Fomentar a reflexión e o diálogo como factores favorecedores da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas, desde a participación democrática.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan ao novo centro.
- Previr situacións de violencia ou agresividade entre os membros da Comunidade Educativa e fomentar actuacións que contribúan á formación integral e emocional de cara á solución dialogada dos conflitos.
- Incidir na Educación en Valores para a Paz e á Educación Cívica e Moral (Autoestima, solidariedade, cooperación,…) coa finalidade de formar ao alumnado na toma de decisións e na participación razoada e responsable.
- Coñecer e aplicar as estratexias de resolución pacífica de conflitos, así como coñecer e valorar as características do grupo para producir a resposta axeitada.
- Aplicar axeitadamente as normas de convivencia establecidas, tendo sempre en conta os dereitos e deberes establecidos para todos no NOF, coas correccións derivadas do incumprimento dos mesmos. Non deixando ao alumnado nos

corredores (tempo fóra) sen control e non castigando nos bancos no horario de recreo.

## Liñas de actuación: Normas para a convivencia

Céntranse na prevención e na intervención.

Construción dunha axeitada competencia emocional

É necesario crear situacións novas, favorecer estímulos e traballar o desenvolvemento integral do alumnado, tendo en conta tanto o campo intelectual coma o emocional. Unha boa competencia emocional reduce considerablemente a aparición de conflitos, e solucionar un conflito cando xorde dunha forma construtiva e non destrutiva.

Os piares básicos, que o profesorado debe desenvolver para que o alumnado adquira unha competencia emocional correcta son:

- **Conciencia emocional.** Coñecerse a un mesmo, tomando conciencia das propias emocións e das dos demais.
- **Regulación emocional**. Capacidade para regular os impulsos, canalizar as emocións desagradables, tolerar a frustración e saber esperar as gratificacións. Empregar estratexias de autorregulación emocional (diálogo interno, relaxación, reestruturación cognitiva,…)
- **Autonomía persoal**. Implica a adquisición dunha axeitada autoestima e concepto de si mesmo, unha actitude positiva ante calquera situación desde a responsabilidade como factor inherente a todo o anteriormente citado. Para afianzar estes valores para isto é preciso:
    - Adquirir a noción de identidade e coñecemento dun mesmo.
    - Manifestación de sentimentos positivos cara un mesmo e confianza nas súas propias posibilidades.
    - Valoración positiva das propias capacidades e limitacións.
    - Estilos de conduta e autoestima.
    - Adquisición da confianza nun mesmo.

- **Intelixencia interpersoal**. Dominio de habilidades sociais básicas, respecto polos demais, comunicación receptiva e expresiva e compartir emocións.
- **Habilidades de benestar e de vida**. Adquisición de habilidades para afrontar situacións de conflito. As habilidades serían:
    - Habilidades de organización do tempo, traballo e tarefas cotiás.
    - Capacidade de escoita activa.
    - Desenvolvemento persoal e social.
    - Principio de igualdade entre mulleres e homes.
    - Habilidades na vida familiar, escolar e social.
    - Actitude positiva ante a vida.
    - Valoración do esforzo.
    - Características persoais.

## Titorías e clima de clase positiva

- O clima positivo estará asentado sobre os seguintes aspectos:
    - Axuda entre compañeiros/as.
    - Colaboración nas tarefas de aprendizaxe.
    - Respecto mutuo.
    - Diálogo como base para a resolución de problemas.
    - Actitude tolerante ante os compañeiros/as.
    - Integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.
    - Tolerancia a perder.
    - Manter actitudes de solidariedade e axuda.

Todo o anterior pode alcanzarse conseguindo unha serie de resultados:

- A participación do alumnado na elaboración das normas da propia aula e do centro escolar en xeral, sempre respectando os dereitos e deberes establecidos no NOF do centro.

- A existencia dunha boa organización da aula e do centro cunhas normas claras e un coñecemento detallado das consecuencias que tería o incumprimento de ditas normas.
- Mellorando o coñecemento interpersoal do alumnado.
- Fomentando as boas relacións interpersoais a nivel de aula, sen diferenciar entre nenas e nenos.
- Busca de espazos e tempos para a convivencia inclusiva: estes espazos serán escollidos segundo dispoñibilidade horaria e estarán a expensas das actividades do centro.
- A convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Fomentarase unha metodoloxía participativa, que favorece a motivación do alumnado. É preciso favorecer o traballo cooperativo, propiciando a cordialidade entre compañeiros/as. As técnicas de dinámica de grupos, así como a análise de situacións conflitivas e a busca de solución axudan a previr posteriores conflitos.

## A acción titorial: PAT e programas de intervención

Potenciarase do seguinte xeito:

- Compromiso de exercer a titoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todo o alumnado, principalmente para atender ao alumnado con NEAE. A función titorial é inherente á función docente, co cal todos/as os/as profesores/as somos titores/as.
- Potenciar a figura do profesor/a-titor/a como mediador das relacións alumno-alumno, alumno-profesor, centro-familia,…
- Necesidade de mellorar a coordinación titor/a - equipo docente -profesorado de apoio - orientador/a – equipo directivo.
- Revisar o PAT, introducindo anualmente os cambios oportunos, despois da reflexión trimestral na CCP, do grao de consecución das actividades recollidas no plan e as propostas de mellora, adaptadas ás necesidades do alumnado pero tamén do profesorado.

- Implementación do Programas de Intervención por parte dos/as titores/as de cada ciclo e nivel, en colaboración co Dpto. de Orientación.

## Mediación

No caso que xurda algún conflito, a actuación máis axeitada é o diálogo, concretado isto no que se coñece como mediación. A mediación é entendida como un servizo educativo que intervén nos conflitos axudando a que as partes implicadas cheguen elas mesmas a un acordo. Este método parte dunha concepción positiva o conflito como feito inherente á condición humana, que non necesariamente ten que desembocar na violencia.

Un/ha mediador/a é unha terceira persoa imparcial coa que se intenta que as posicións distantes dos/as implicados/as cheguen a un acordo satisfactorio. Os obxectivos da mediación son:

- Contribuír á mellora das relacións interpersoais e a igualdade entre nenas e nenos.
- Previr a violencia.
- Promover que ambas partes implicadas comprendan o conflito de forma global, e non soamente desde a súa perspectiva.
- Fomentar o respecto entre os membros da Comunidade Educativa.
- Potenciar o compromiso ante a resolución de conflitos e darlle protagonismo ás partes implicados.
- Contribuír ao fomento de vínculos máis democráticos no centro.

Implicación de todos os sectores da comunidade educativa: formación do profesorado, orientación familiar, atención á diversidade, coordinación cos servizos do entorno

Unha convivencia axeitada no centro é o reflexo da mesma en moitos outros contextos nos que o alumnado se desenvolve. Por iso, unha implicación clara de todos os sectores da Comunidade Educativa que contribúa á formación cuns valores axeitados, con habilidades sociais desenvolvidas, cun axeitado autoconcepto e autoestima, e que saiban resolver os conflitos mediante a reflexión e o diálogo, favorecerá a convivencia

pacífica e democrática no noso centro, que non é posible coa soa implicación do profesorado na formación destes hábitos. É necesaria:

- A implicación das familias na Convivencia, especialmente a través da colaboración coa asociación de pais e nais, tendo en conta que un/ha representante dos pais/nais forma parte da Comisión de Convivencia.
- Colaboración do Dpto. de Orientación na Orientación Familiar, como un instrumento de asesoramento e formación sistemático e accesible ás familias, con actuacións como:
    - Colaboración na acollida inicial ás familias (de xeito grupal na reunión de principio de curso, ben individual na acollida de 3 anos e de novas escolarizacións).
    - Asesoramento individualizado ás familias sempre que o soliciten.
    - Mediación familia-escola.
    - Apoio nas entrevistas familia-titores/as, PT e AL.
    - Reunións, cando sexa preciso, cos Servizos Sociais do Concello, Barrio de Conxo, IES Eduardo Pondal,…
- Formación continuada do profesorado, a través PFPP, cursos, grupos de traballo, seminarios e outras experiencias de innovación educativa que enriquezan o xeito de afrontar a convivencia pacífica no contexto educativo.
- Coordinación nas actuacións levadas a cabo dentro de cada grupo-clase, por parte de titores/as, PTs e ALs, dentro da atención á diversidade, tendo en conta os criterios establecidos desde o Dpto. de Orientación e que quedarán reflectidos no Plan de Atención á Diversidade e informando trimestralmente ao Consello Escolar da situación da convivencia no Centro.
- Implicación de distintos sectores do profesorado na elaboración e a posta en marcha deste plan mediante reunións periódicas.

## Aplicación da normativa

- Lei 4/2001, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

## 5 B.4 Dereitos e deberes do alumnado

### *5 B.4.1 Dereitos*

- Teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Teñen dereito a recibir unha formación baseada no repecto á pluralidade lingúística da nosa Comunidade.
- Teñen dereito á non discriminación por razón de nacemento , raza, sexo, capacidade económica, nivel social, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Teñen dereito a manter a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou denigrantes.
- Teñen dereito á protección integral contra toda agresión física e moral, en particular contra as situacións de acoso escolar.
- Teñen dereito a ser escoitados cando se sintan lesionados nalgún dos seus dereitos, sempre seguindo a canle debida: titor ou titora, equipo docente, equipo directivo e Consello Escolar.
- Teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa avalliado con plena obxectividade, o que implica un coñecemento previo por parte dos alumnos e alumnas de cales van ser os sistemas ou procedementos de avaliación, así como os criterios de avaliación e promoción que se van a seguir.

- Teñen dereito a que a súa actividade se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Teñen dereito á intimidade, estando o centro obrigado a gardar a reserva sobre toda a información de que se dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno ou alumna.
- Teñen dereito á liberdade de expresión, respectando sempre os dereitos de todos os membros da comunidade educativa.
- Teñen dereito a usar as instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares.
- Teñen dereito a ser asistidos de inmediato ante un accidente ou indisposición no centro escolar e a que a súa familia sexa avisada do mesmo.

### *5 B.4.2 Deberes*

- Deber de asistir ás clases con puntualidade e participar no desenvolvemento das actividades docentes acadando un aproveitamento óptimo de todos os contidos curriculares que se desenvolvan nas distintas sesións lectivas.
- Deber de aportar os materiais didácticos necesarios para o desenvolvemento das tarefas escolares diarias.
- Deber de asistir ao centro escolar cunha hixiene e vestimenta axeitadas.
- Deber de cumprir e respectar os horarios aprobados para o seu desenvolvemento.
- Deber de respectar o dereito de estudo dos compañeiros e compañeiras.
- Deber de seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe.
- Deber de respectar a dignidade, a integridade física e psíquica, e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Deber de non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

- Deber de coñecer e cumprir as normas recollidas neste Plan de convivencia colaborando coa boa marcha da aula e do centro.
- Deber de coidar e manter limpos e ordenados os espazos e mobiliario a utilizar por cada un.
- Deber de comunicar aos mestres calquera alteración ou problema que poida suceder no centro ou no comedor ou no autobús escolar.
- Deber de respectar as zonas de xogo establecidas para tales efectos.
- Deber de respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Deber de participar na vida e no funcionamento xeral do centro.

## 5 B.5 Dereitos e deberes dos Pais e Nais

### *5 B.5.1 Dereitos*

- Teñen dereito a ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- Teñen dereito a ser recibidos e informados regular e persoalmente polos titores ou mestres, sobre a marcha dos seus fillos.
- Teñen dereito a ser informados, nos comezos de curso, dos aspectos máis relevantes referidos no presente Plan de convivencia, así como na Programación Xeral Anual.
- Teñen dereito a ser informados de calquera medida correctora ou sanción aplicada aos seus fillos.
- Teñen dereito a ser informados e escoitados polo instrutor, nos casos de apertura de expediente disciplinario a un alumno ou alumna, antes de elevar a proposta de sanción ao Consello Escolar.
- Teñen dereito a solicitar consello sobre a orientación escolar dos seus fillos.
- Teñen dereito a participar e colaborar na vida do centro e no seu funcionamento xeral a través dos órganos e mecanismos que a lei establece (ANPA, Consello Escolar).

- Teñen dereito a reunirse e asociarse.

### 5 B.5.2 Deberes

- Deber de coñecer e cumprir o presente Plan de convivencia.
- Deber de manter o contacto co titor ou titora dos seus fillos para seren informados e colaborar no proceso de aprendizaxe.
- Deber de colaborar co profesorado atendendo ás súas orientacións con respecto á mellora do proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Deber de xustificar debidamente as faltas de asistencia dos seus fillos e fillas. Se as faltas por enfermidade son reiteradas, é preciso un xustificante médico.
- Deber de ser puntuais nas entradas e saídas do centro.
- Deber de acudir cando sexa requerida a súa presenza no centro. No caso de que non sexa posible, deben comunicarse co centro para concertar unha data axeitada.
- Deber de responsabilizarse dos desperfectos ou avarías que, de maneira intencionada, ocasionen os seus fillos ou fillas no centro.
- Deber de non acceder ás aulas en horario lectivo.
- Deber de comunicar na dirección do centro, calquera circunstancia legal que modifique as características familiares do alumnado, e que inflúa na custodia ou no dereito a ser informado por parte dalgún proxenitor.
- Deber de coidar a hixiene e aseo dos seus fillos cando acoden ao centro.
- Deber de velar por que os seus fillos asistan ao centro escolar co material necesario para realizar as súas tarefas escolares.
- Deber de propiciar un ambiente axeitado para o estudo e o traballo do seus fillos.

- Deber de elixir aos seus representantes e colaborar na vida do centro e no seu funcionamento xeral a través dos órganos e mecanismos que a lei establece (ANPA, Consello Escolar).

## 5 B.6 Dereitos e Deberes do profesorado

### *5 B.6.1 Dereitos*

- Teñen dereito a estar informados pola Dirección do centro e polos seus representantes no Consello Escolar de todo o que atinxe ao funcionamento do centro.
- Teñen dereito a participar tanto no goberno como nas actividades do centro.
- Teñen dereito a participar na vida activa e na planificación das actividades do colexio.
- Teñen dereito a ser escoitados nas decisións do centro, ben directamente ou a través os seus representantes nos órganos de goberno.
- Teñen dereito a dispoñer dos medios técnicos, materiais didácticos, mobiliario e espazos do centro, para desenvolver a súa labor docente.
- Teñen dereito á formación e actualización pedagóxica, tanto dentro como fóra do centro.
- Teñen dereito a ser convocados coa suficiente antelación para as reunións que se celebren no centro.
- Teñen dereito a ser respectados por todos os membros da comunidade educativa.
- Teñen dereito a ser informados sobre calquera queixa que se faga respecto á súa actitude ou labor no centro.
- Teñen dereito a convocar aos familiares do alumnado cando o estimen oportuno.
- Teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de cátedra, dentro do respecto á Constitución, á lexislación vixente e ao P.E.C.

*5 B.6.2 Deberes*

- Deber de asistir puntualmente e con regularidade ás súas obrigas: clases, recreos, gardas, claustros, avaliacións, etc. As faltas de asistencia e·/ou puntualidade serán xustificadas na Dirección do centro.
- Deber cumprir o acordado nas reunións dos Órganos de goberno aos que pertenza.
- Deber de manter unha conduta respectuosa cos dereitos dos outros membros da comunidade escolar.
- Deber de cumprir e facer cumprir as normas de convivencia, tanto no centro como fóra do recinto escolar, colaborando activamente na prevención, detección e erradicación de condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Deber de programar actividades para o alumnado no caso de ausencias previstas.
- Deber de ter material preparado para ausencias imprevistas.
- Deber de colaborar no desenvolvemento das actividades xerais do centro.
- Deber de desenvolver as súas clases nun clima de orde e convivencia.
- Deber de colaborar no proceso de orientación escolar do seu alumnado, prestando atención individualizada e tendo en conta a información do equipo docente, procurando que acaden un bo grao de madurez persoal e de integración social.
- Deber de orientar e asistir ao seu alumnado en todo aquilo que incida na súa educación e seguridade, dentro do horario escolar.
- Deber de respectar e utilizar correctamente os bens, mobles e instalacións do centro, e de velar polo mantemento do orde e limpeza.
- Deber de entrar e saír nas aulas co seu alumnado con puntualidade, procurando manter a orde.

- Deber de avaliar de maneira obxectiva, xusta e educativa, facilitando o acceso ás probas avaliadas dos responsables.
- Deber de realizar unha avaliación continua, mantendo informadas ás familias do alumnado con regularidade.
- Deber de comunicar ao equipo directivo calquera saída do centro escolar co alumnado.
- Deber de recibir aos pais, nais ou titores/as legais do seu alumnado nos días e horas sinalados ao efecto.
- Deber de respectar a liberdade de conciencia, crenzas relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa, sen ningún tipo de discriminación.
- Deber de controlar a asistencia do alumnado e tomar as medidas aprobadas no Plan de convivencia no caso de que non asistan.

## 5 B.7 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

### *5 B.7.1 Dereitos*

- Teñen dereito a ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- Teñen dereito a desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo momento a súa integridade física e moral.
- Teñen dereito a participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da conviviencia escolar.
- Teñen dereito á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- Teñen dereito a participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei de convivencia e participación educativa (Lei 4/11 de 30 de xuño de 2011)

### *5 B.7.2 Deberes*

- Deber de respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Deber de colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Deber de informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circustancias persoais do alumnado.
- Deber de gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
- Deber de realizar as súas funcións nun clima de cordialidade e convivencia.

## 5 B.8 Tipos de condutas contrarias á convivencia

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

### *5 B.8.1 Condutas leves, perxudiciais para a convivencia (artigo XXXII)*

| CONDUTAS SANCIONABLES | CORRECCIÓN | ÓRGANOS COMPETENTES PARA DECIDIR A CORRECCIÓN |
|---|---|---|
| Faltas inxustificadas de puntualidade. | a) Amonestación privada e/ou por escrito aos pais.<br>b) Suspensión do dereito a xogar no recreo, que pasarán ao lado do profesorado de garda.<br>c) Comparecencia inmediata diante do Xefe/a de estudos.<br>d) Realización de traballos de axuda á comunidade educativa en horario lectivo.<br>e) Realización de traballos | 1. O mestre/a do alumno/a, dando conta ao titor ou ao Xefe/a de estudos.<br>Parágrafos a), b), c)<br><br>2. O titor/a do alumno/a.<br>Parágrafos a), b), c), d), e), g).<br><br>3. O/A Xefe/a de estudos e/ou Director/a.<br>Parágrafos b), c), d), e), f) g), h). |
| Faltas inxustificadas de asistencia a clase. | | |
| Esquecemento reiterativo do material necesario para o desenvolvemento das tarefas escolares. | | |
| Deterioro non grave, causado intencionalmente, das | | |

| | | |
|---|---|---|
| dependencias do centro, do material deste e/ou do material doutros membros da comunidade educativa. | | |
| Substracción do obxectos de outros membros da comunidade educativa | | |
| Condutas que poidan impedir ou dificultar o exercicio do dereito ou cumprimento do deber de estudar dos seus compañeiros ou o exercicio da actividade docente.* | específicos para que adquiran o concepto de normas de convivencia.<br>f) Realización de tarefas para reparar o dano causado nas instalacións ou nos materiais do centro ou nas pertenzas doutros membros<br>g) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e/ou complementarias inmediatas no | |

* Interrupción da clase con ruídos repetitivos e/ou molestos.

Invadir o espazo do mestre/a sen o seu permiso.

Intervir sen respectar a quenda de palabra.

Levantarse constantemente durante a clase (a afiar, pedir material,...) molestando ao resto dos compañeiras e compañeiros.

Interactuar cos compañeiros/as distraendo a atención dos que queren atender.

## *5 B.8.2.Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia (artigo XXXIII)*

<table>
<tr><th>CONDUTAS GRAVES</th><th>CORRECCIÓNS</th></tr>
<tr><td>Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da Comunidade educativa.</td><td rowspan="12">a) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan a mellorar o desenvolvemento das actividades do centro e/ou reparar os danos causados.<br><br>b) Suspensión inmediata do dereito a participar nas actividades extraescolares e/ou complementarias do centro por un período entre 2 semanas e un mes.<br><br>c) Cambio de grupo.<br><br>d) Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases durante un período de entre 2 semanas e un mes.<br>Deberán realizar os deberes ou traballos formativos que se determinen.<br><br>e) Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre 4 días lectivos e 2 semanas.<br>Deberán realizar os deberes ou traballos que se determinen para seguir o seu proceso formativo.<br><br>f) Cambio de centro.</td></tr>
<tr><td>A reiteración, nun mesmo curso, de condutas contrarias ás normas de convivencia (leves).</td></tr>
<tr><td>A subtracción de obxectos de valor a outros membros da Comunidade educativa.</td></tr>
<tr><td>A agresión ou discriminación, física ou moral, contra os demáis membros da Comunidade educativa.</td></tr>
<tr><td>A suplantación de personalidade nos actos da vida docente e a falsificación ou substracción de documentos académicos.</td></tr>
<tr><td>Os danos graves causados por uso indebido ou intencionalmente nos locais, material ou documentación do centro ou nos bens doutros membros da Comunidade educativa.</td></tr>
<tr><td>Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolares.</td></tr>
<tr><td>As actuacións perxudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.</td></tr>
<tr><td>Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e/ou persoal de administración e servizos.</td></tr>
<tr><td>Actuacións que constitúan acoso escolar.<br>(*) Ver anexos ao final do documento.</td></tr>
<tr><td>Portar obxectos perigosos para a saúde.</td></tr>
<tr><td>O incumprimento das sancións impostas.</td></tr>
</table>

## 5 B.9 Procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios (artigo XXXIV)

| **CONDUTAS SANCIONABLES (Previa instrución de expediente sancionador)** | |
|---|---|
| Iniciación. | Por acordo da Dirección do centro.<br>Por propia iniciativa.<br>Por proposta do Consello Escolar. |
| Instrutor/a. | Mestre/a do centro designado/a pola Dirección. |
| Comunicación da incoación do expediente. | Aos pais/nais, titores/as ou responsables do menor. |
| Recusación do instrutor/a. | Polo alumno/a e, se é o caso, os seus representantes legais.<br>Ante a Dirección do centro.<br>Cando a súa conduta ou manifestacións poida inferir falta de obxectividade na instrución do expediente. |
| Medidas provisionais. | 1- Cambio temporal de grupo.<br>2- Suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases por un período de 4 días e un mes.<br>Poderá adoptalas a Dirección do centro por decisión propia ou a proposta do instrutor/a.<br>Poderán adoptarse ao iniciar o procedemento ou en calquera momento da instrución.<br>Deberán comunicarse ao Consello Escolar, que poderá revocalas en calquera momento. |
| Prazo de iniciación. | Non superior a 10 días desde que se tivo coñecemento dos feitos sancionables. |
| Trámite de audiencia. | Ao alumno/a, ademáis aos pais/nais ou representantes legais.<br>Comunicarase:<br>- As condutas que se lle imputan.<br>- as medidas de corrección que se propoñen ao Consello Escolar |
| Prazo de instrución | Non deberá exceder 7 días. |
| Resolución | Polo Consello Escolar no prazo máximo de 1 mes desde o inicio do procedemento. |
| Recursos contra a resolución | Recurso ordinario ante o Delegado Provincial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde a notificación. |
| Prescrición das sancións | Ao remate do curso escolar. |

## 5 B.10 Corrección dos incumprimentos (artigo XXXV)

- As correccións dos incumprimentos deberán ter en conta as seguintes condicións:
- Non se poderá privar a ningún alumno/a do exercicio do seu dereito á educación.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.
- Respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumno/a.
- Contribuirán á mellora do proceso educativo.
- Terán en conta a idade do alumno/a e as circunstancias persoais, familiares e sociais do mesmo/a.

## 5 B.11 Consideracións a ter en conta no momento de establecer as correccións

| ATENUANTES | AGRAVANTES |
|---|---|
| O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta. | A premeditación |
| | A reiteración. |
| A falta de intencionalidade. | Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade e aos recentemente incorporados ao centro. |
| | Calquera acto que atente contra<br>- A non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas.<br>- A non discriminación por razóns físicas, sensoriais ou psíquicas.<br>- Calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. |

- Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia realizados polo alumnado.
- Durante a realización de actividades complementarias e/ou extraescolares.
- Fóra do recinto escolar que estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ao seu desenvolvemento.

## . Os principios xerais das medidas correctoras.

. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán á mellora da convivencia no centro docente.

. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a. Ningún/ha alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderanse solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción de medidas necesarias.

## . Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro docente poderá elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así como programas que favorezan unha convivencia inclusiva que rebaixen estas condutas.

. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor/a e co resto do equipo docente.

. De, de ser o caso, tratarase cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento do proceso educativo e das accións propostas.

## . Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a/s, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

. Terase presente en todo momento o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.

## . Temporalización

. O presente Plan de Convivencia elabórase para desenvolverse ao longo dun curso académico, concretando anualmente as actividades a realizar e levándose a cabo tendo en conta as necesidades que se detecten ao longo do mesmo.

## . Recursos

. Os recursos humanos serán fundamentalmente todo o profesorado do centro, xa que as accións que no mesmo se enmarcan son competencia de todo o equipo docente, pero non só destes senón de toda a Comunidade Educativa. O dinamizador de dito Plan de Convivencia será o/a Orientador/a do Centro e a Comisión actuará como elemento indispensable de cumprir a función de velar polo clima de convivencia no centro.

. Os recursos materiais, atópanse tanto na Biblioteca do Centro como no Departamento de Orientación.

## . Difusión, seguimento e avaliación do Plan

. Dentro das estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación plan, proponse:

## . A nivel profesorado

. Ao comezo do curso escolar, en sesión de claustro, informarase, sobre todo ao profesorado de nova incorporación, dos pormenores deste Plan de Convivencia.

. A través das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento trimestral do plan, a fin de: analizar os problemas que xurdan e a súa resolución, posta en común de metodoloxía axeitada, avaliación do Plan de Convivencia e propostas de mellora.

. Do mesmo xeito o/a xefe/a de estudos, nestas reunións da comisión, informará das incidencias que houbo ao longo do trimestre e das medidas tomadas ao respecto. O resultado destas reunións farase extensivo á reunión trimestral da Comisión de convivencia.

## . A nivel nais/pais do alumnado

. Na reunión titorial de comezo de cada curso escolar, cada docente titor/a informará aos pais/nais das normas de convivencia do centro. Se o considera necesario poderá facelo por escrito.

. Ao matricularse un/unha alumno/a novo/a, o/a titor/a indicaránselle as normas de convivencia do centro e aclararánselle as actuacións contempladas no Plan de Convivencia.

## . A nivel de Comisión de Convivencia

. Farase un seguimento do plan para observar o seu desenvovemento e propoñendo medidas de mellora. Ao final de cada curso académico realizarase unha concreción da avaliación por parte da Comisión de Convivencia do Centro, en base aos datos achegados desde a CCP e informarase tamén ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro, incorporando un informe sobre a

convivencia á Memoria Anual de cada curso. Este informe será trasladado á Comisión de Convivencia Escolar, a nivel provincial (Decreto 85/2007).

- **Outros protocolos.**

- Tamén se terna en conta protocolos como protocolo de preve
- nción, detección e tratamento de condutas suicidas, plan de igualdade ou protocolo de identidade de xénero para atender ás distintas problemáticas que poidan xurdir no centro
    a. ión respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderanse solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción de medidas necesarias.

## Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro docente poderá elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así como programas que favorezan unha convivencia inclusiva que rebaixen estas condutas.
2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor/a e co resto do equipo docente.
3. De, de ser o caso, tratarase cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento do proceso educativo e das accións propostas.

## Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a/s, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Terase presente en todo momento o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.

## Temporalización

O presente Plan de Convivencia elabórase para desenvolverse ao longo dun curso académico, concretando anualmente as actividades a realizar e levándose a cabo tendo en conta as necesidades que se detecten ao longo do mesmo.

## Recursos

Os recursos humanos serán fundamentalmente todo o profesorado do centro, xa que as accións que no mesmo se enmarcan son competencia de todo o equipo docente, pero non só destes senón de toda a Comunidade Educativa. O dinamizador de dito Plan de Convivencia será o/a Orientador/a do Centro e a Comisión actuará como elemento indispensable de cumprir a función de velar polo clima de convivencia no centro.

Os recursos materiais, atópanse  tanto na Biblioteca do Centro como no Departamento de Orientación.

## Difusión, seguimento e avaliación do Plan

Dentro das estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación plan, proponse:

## A nivel profesorado

a) Ao comezo do curso escolar, en sesión de claustro, informarase, sobre todo ao profesorado de nova incorporación, dos pormenores deste Plan de Convivencia.
b) A través das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento trimestral do plan, a fin de: analizar os problemas que xurdan e a súa resolución, posta en común de metodoloxía axeitada, avaliación do Plan de Convivencia e propostas de mellora.

Do mesmo xeito o/a xefe/a de estudos, nestas reunións da comisión, informará das incidencias que houbo ao longo do trimestre e das medidas tomadas ao respecto. O resultado destas reunións farase extensivo á reunión trimestral da Comisión de convivencia.

## A nivel nais/pais do alumnado

a) Na reunión titorial de comezo de cada curso escolar, cada docente titor/a informará aos pais/nais das normas de convivencia do centro. Se o considera necesario poderá facelo por escrito.
b) Ao matricularse un/unha alumno/a novo/a, o/a titor/a indicaránselle as normas de convivencia do centro e aclararánselle as actuacións contempladas no Plan de Convivencia.

## A nivel de Comisión de Convivencia

Farase un seguimento do plan para observar o seu desenvovemento e propoñendo medidas de mellora. Ao final de cada curso académico realizarase unha concreción da avaliación por parte da Comisión de Convivencia do Centro, en base aos datos achegados desde a CCP e informarase tamén ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro, incorporando un informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso. Este informe será trasladado á Comisión de Convivencia Escolar, a nivel provincial (Decreto 85/2007).

## Outros protocolos.

Tamén se terna en conta protocolos como protocolo de prevención, detección e tratamento de condutas suicidas, plan de igualdade ou protocolo de identidade de xénero para atender ás distintas problemáticas que poidan xurdir no centro

# X. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Plan de Autoprotección foi elaborado pola empresa GESPLAN (Xestión de Emerxencias) no curso 2018/19 que segue en vigor.
Neste curso está prevista a realización dun simulacro programado para o primeiro trimestre.

## 6.1. Obxectivos

**I. Coñecer**

- O edificio e a súas instalacións (continente e contido).
- A perigosidade dos distintos sectores.
- Os medios de protección dispoñibles.
- A vixilancia das aplicacións da normativa vixente.

**II. Garantir**

- A fiabilidade de todos os medios de protección dispoñibles.
- A fiabilidade das instalacións xenerais.

**III. Evitar**

- As causas orixe das emerxencias.

**IV. Dispor**

- Persoas organizadas, formadas e adestradas que garanten presteza e eficacia nas accións a emprender para o control das emerxencias.

**V. Informar**

- A todo o persoal do edificio de como deberán actuar ante unha emerxencia e de como deberán evacuar a instalación.

## 6.2. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade

| DENOMINACIÓN | CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios |
|---|---|
| **Código do Centro:** | 15016012 |
| **Domicilio:** | Avda. Villaldía 33-35 |
| **Localidade:** | Santiago de Compostela |
| **Concello:** | Santiago de Compostela |
| **Código Postal:** | 15706 |
| **CIF:** | Q6555820G |
| **Teléfono/Fax:** | 981543181 |
| **Teléfono Móvil:** | 679519493 |
| **Enderezo electrónico:** | ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.gal |
| **Enderezo web:** | http://www.edu.xunta.es/centros/ceipquirogapalacios/ |
| **Actividade:** | Centro de Educación Infantil e Primaria |

## 6.3. Descrición detallada da actividade e do medio físico

A distribución dos diferentes espazos do Centro é a seguinte:

| ANDAR | ESPAZO |
|---|---|
| BAIXO | Sala de profesores/as |
| | Servizos profesorado |
| | Servizos Administrativos |
| | 4 aulas de Educación Infantil |
| | Salón de usos múltiples/comedor |
| | Servizos alumnado comedor |
| | Ascensor |
| | Conserxería/RACK |
| | Departamento de Orientación |
| | Local da ANPA |
| | Cuarto caldeira / Sistema eléctrico |
| | Sevizo alumnado |
| | Psicomotricidade |
| 1º ANDAR | 6 aulas de Educación Primaria |
| | 2 aulas de Infantil |
| | Aula de PT |
| | 2 zonas servizos de alumnado |
| | Aula de Informática |
| | Relixión |
| | Biblioteca |
| | Ascensor |
| | Servizos de alumnado |
| 2º ANDAR | 7 aulas de Educación Primaria |
| | Aula de AL |
| | 2 zonas servizos de alumnado |
| | Servizo de minusválidos |
| | 2 Almacéns |
| | Ascensor |
| CEFORE | 3º EP A |
| | 3º EP B |

Dentro do recinto escolar atópase o Pavillón Polideportivo de titularidade Municipal onde se desenvolven as sesións de Educación Física, e as Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA.

Fóra do horario lectivo utilizan as instalacións do centro a ANPA para o desenvolvemento das actividades extraescolares e outras organizacións, sempre e cando conten coa autorización da dirección e do Consello Escolar, para a realización das actividades extraescolares nos espazos acordados para cada fin.

| PERSOAL | |
|---|---|
| Alumnado | No curso 2021-2022 hai 480 alumnos/as matriculados, 168 de Educación Infantil e 312 de Educación Primaria. |
| Profesorado | O número total é de 35: 2 AL, 2 PT, 1 orientador/a, 2 mestras de apoio de Educación Infantil, 7 profesoras de Educación Infantil, 14 mestre/as de Educación Primaria, 3 mestres/as de Inglés, 1 mestra de música, 1 mestra de Relixión, 2 mestre de Educación Física. |
| Persoal non docente | 1 Conserxe, 1 Coidador, 1 Administrativa, 1 Intérprete de signos, 1 Auxiliar de conversa. |
| Outro persoal | 2 persoal de limpeza, monitoras/es de comedor e encargado, profesores de actividades extraescolares. |
| **Servizos prestados** | |
| Comedor escolar | Xestionado polo Concello de Santiago de Compostela. Hai servizo de madrugadores de 7.30 a 9.00 e comedor de 14.15 a 16.15 horas. Usado por 180 alumnos/as aprox. |
| Transporte escolar | Hai 3 autobuses pertencentes: Hai 75 usuarios/as. |
| Extraescolares | De 16.15 a 18.15 horas. |
| Actividades centro | Vixiarase atentamente para que se respecten as normas de seguridade, procurando conseguir que o alumnado co seu comportamento eviten todo tipo de risco. Para acadar un nivel eficaz, procurarase que cada saída participe un número axeitado e suficiente de profesorado. Controlarase a asistencia de alumnado en |

| | |
|---|---|
| | Alerta Escolar e desprazarase a súa medicación específica. |

## 6.4. Análise e avaliación de riscos

- Xeoloxía e hidroloxía. Non é unha zona propensa a inundacións.
- Sismoloxía. Non existe.
- Rede viaria: Centro ben comunicado sito nunha pequena rúa de sentido único que da acceso ao centro.
- Eléctrica. O edificio cumpre a normativa. É unha construción do ano 1967 cunha reforma integral no curso 2008/2009. Funciona correctamente o sistema de luz de emerxencia.
- Calefacción e fontanería. O sistema de calefacción funciona con radiadores de aluminio, chapa e fundición alimentados por unha caldeira de gasoil. A sala de caldeiras está situada no interior do edificio. O depósito atópase no exterior. A caldeira é nova. A instalación de fontanería tamén é nova (foi cambiado todo na reforma).
- Outras instalacións: o pavillón ten unha serie de filtracións e humidades no tellado que están sendo estudiadas.

## 6.5. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección. Programas de mantemento das instalacións

- Alarma. O colexio conta con servizo de alarma. O sistema sonoro é o mesmo que o de timbre de cambios de sesión.
- Sinalización. Colocada nas entradas, saídas e sistemas de extinción.
- Iluminación. Existe en caso de emerxencia.
- Extinción. Revisados por unha empresa homologada. Existen tamén bocas de incendio nos extremos de cada planta.
- Saídas de emerxencia. Contan con sistema antipánico.

- Acceso ao centro. Non se pode acceder aos espazos didácticos pedagóxicos, incluídos os corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización.

## 6.6. Plan de actuación ante emerxencias

1. O timbre de alarma, consistirá en tres toques longos e prolongados, distintos aos habituais (de cambio de sesión).
2. En caso de emerxencia todos os alumnos/as e profesores/as sairán ordenadamente polos lugares indicados, coñecendo o número exacto de compoñentes do grupo e permanecerán en todo momento baixo a observación do titor/a ou profesor/a encargado, ata o lugar indicado como PUNTO DE ENCONTRO (zona central do patio)
3. O desaloxo de cada andar farase por grupos. En primeiro lugar, os máis próximos á saída, en secuencia ordenada e sen mesturarse por grupos. Indicarase aula baleira colocando papeleira ou outro obxecto diante das portas.
4. Non se empregarán outras saídas que non sexan as normais e as indicadas para cada nivel, e nunca por fiestras.
5. Non se empregará o ascensor nin se abrirán fiestras ou portas que non sexan necesarias, xa que en caso de lume favorecerían as correntes de aire e a propagación do mesmo.
6. É o profesor/a que estea na clase o responsable de conducir ao alumnado na dirección da saída previamente establecida.
7. Xa desaloxado o edificio o alumnado concentrarase por grupos nos PUNTOS DE ENCONTRO, previamente establecidos, sempre baixo o control do seu profesor/a, que comprobará a presenza de todos os/as alumnos/as.

Calquera profesor/a, ou persoal laboral que detecte lume ou calquera outra ameaza que poña en perigo o centro comunicarao ao conserxe ou ao equipo directivo que farán soar a alarma.

## 6.7. Integración do plan de autoprotección noutros superiores

Chamar sempre ao 112.

## 6.8. Implantación do plan de autoprotección. Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección. Simulacros

Clasifícanse a posibles situacións de emerxencia en 3 categorías:

- **Conatos de emerxencia.** Accidente de pequena entidade que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do centro docente e non require a evacuación de ningún escolar.
- **Emerxencia parcial.** É o accidente que, localizado nun sector determinado, precisa a evacuación do centro para maior garantía durante a actuación dos equipos de emerxencia, podendo ser controlado e reiniciando a actividade normal en todo o centro, a excepción da zona afectada que, en todo caso non suporá riscos engadidos ao resto do edificio.
- **Emerxencia xeral.** É o accidente que, implicando a evacuación do centro e precisando dos equipos de emerxencia, sáldase con danos de consideración que impiden a volta á normalidade das actividades, ata a súa total corrección.

## 6.9. Equipos de emerxencia

### Xefatura de intervención e emerxencia (XIE)

- Titular: Director/a
- 1º Suplente: Xefa de Estudos
- 2º Suplente: Secretaria

### Accidente

1º. Atender á persoa ferida

2º. Ordenar que se avise ao Equipo de Primeiros Auxilios

3º. Avisar ao 061 para o traslado da persoa ferida a un centro sanitario

4º. Avisar e informar do suceso aos familiares da persoa ferida

## Incendio

1º. Recibir a información e valorar o risco

2º. Ordenar que se emita o sinal de alarma e a actuación do Equipo de Primeira Intervención

3º. Avisar ao 112 para solicitar medios

4º. Recibir e informar ás axudas externas

5º. Informar do lugar e tempo transcorrido

6º. Ordenar a evacuación

7º. Colaborar na dirección do control da emerxencia

8º. Recibir información dos Equipos de Alarma, de Primeira Intervención e Evacuación

9º. Redactar un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia

**Equipo de Primeira Intervención (EPI)**

- Director
- Profesorado Designado
- Conserxe

**Incendio**

1º. Coller os equipos de primeira intervención

2º. Intentar extinguir o incendio sen correr riscos innecesarios

3º. Se é o caso, informar ao Xefe de Emerxencia e esperar as súas ordes

4º. Colaborar, se se considera necesario, coa axuda externa na extinción

**Equipo de primeiros auxilios (EPA)**

Persoa adulta que estea co alumnado nese momento.

- Titor/a
- Director/a

- Xefa/e de Estudos
- Conserxe

**Accidente**

1º. Prestaráselle asistencia á persoa ferida

2º. Avaliará a lesión e informará, no seu caso, á Xefatura de Intervención e Emerxencia

3º. Preparará o traslado da persoa ferida, se fose preciso

4º. Acompañará á persoa ferida ao centro sanitario:

**Por orde:** Titor/a, Mestre/a, Director/a, Xefe/a de Estudos

No seu caso, redactará un informe das causas, proceso e consecuencias.

## Equipo de alarma e evacuación (EAE)

No caso de activación de alarma calquera profesor/a poderá avisar.

## Incendio

1º. Comunicarllo á XIE

2º. Comprobará que as vías de evacuación están libres

3º. Designar a/s vía/s de evacuación segundo a emerxencia e as ordes da Xefatura de Intervención de Emerxencia

4º. Dar as ordes para a quenda de saída

5º. Verificar que non queda ninguén nas aulas, e demais dependencia da planta

6º. Verificar que as fiestras e portas de todas as dependencias estean pechadas para evitar correntes de aire

7º. Evacuar a planta en derradeiro lugar

8º. Unha vez rematada a evacuación da planta, daralle parte á Xefatura de Emerxencia.

### Equipo de Axuda ao Alumnado con Discapacidade (EAAD)

- Coidador/a
- Profesorado de AL / PT
- Profesorado de Garda

1º. Disporá de coñecemento do lugar onde se atopa o alumnado con NEAE

2º. Coordinar a actuación con este alumnado conxuntamente co Equipo de Evacuación de Planta

3º. Encargarase da evacuación dirixíndose ao espazo onde se atope o alumnado obxecto de axuda ou esperando ao grupo na baixada das escaleiras no resto das situacións

4º. Unha vez rematada a evacuación, daralle parte á Xefatura de Intervención e Emerxencia

## 6.10. Plan de evacuación

O procedemento de actuación rexerase polas actuacións que se detallan deseguido por parte dos distintos equipos:

### Procedemento de actuación en caso de evacuación:

Sinal de aviso de emerxencia

O aviso de emerxencia farase con tres toques insistentes de timbre.

1º. É preciso esperar sempre a orde do responsable do grupo de alumnado antes de saír.

2º. Nestas situacións sempre compre manter a calma.

3º. O alumnado que ao soar o sinal de alarma se atope nos aseos ou noutras dependencias incorporarse con rapidez ao seu grupo.

4º. Comezarase polas aulas máis próximas ás escaleiras.

5º. Non se recollerá ningún obxecto persoal.

6º. Evitaranse carreiras e aglomeracións.

7º. Deberase camiñar con axilidade, pero NUNCA CORRENDO.

8º. É fundamental manter a orde e non saír da ringleira. Permanecer sempre co grupo.

9º. Non debemos deternos e nunca se pode volver atrás.

10º. Na evacuación camiñarase arrimado ás paredes seguindo as instrucións.

11º. É imprescindible facer a evacuación EN SILENCIO.

12º. Escoitaremos atentos as indicacións dos responsables.

13º. Non se tomarán iniciativas persoais.

14º. A entrada de novo ás aulas farase dun xeito ordenado.

15º. É preciso coñecer e seguir as sinalizacións acústicas e visuais de emerxencia.

### Normas para os responsables do grupo de alumnado

1º. Pechar portas e ventás.

2º. Esperar e atender a orde de evacuación.

3º. Comprobar que non falta ninguén no grupo.

4º. Seguir a vía de evacuación establecida.

5º. Vixiar para que se respecte o mobiliario e o equipamento existente.

6º. No exterior, cada docente permanecerá co seu grupo ata que remate a emerxencia.

7º. Esperaremos no punto de reunión ata que o Xefe de Emerxencia dea por rematado o simulacro.

### Vías de evacuación e procedemento de actuación

Serán as indicadas nos planos.

## 6.11. Implantación

O axeitado desenvolvemento do Plan require que todas as persoas que traballan no centro coñezan as operacións e funcións a realizar se se produce unha emerxencia.

Para realizar a implantación do Plan de Autoprotección, o Equipo de Autoprotección levará a cabo unha serie de accións encamiñadas a informar ás persoas implicadas sobre o contido do Plan e proporcionarlles elementos que sirvan para desenvolver unha actuación organizada e rápida.

## As informacións referiranse a

- Persoas que compoñen os diferentes equipos.
- Funcións dos equipos.
- Facilitar o seu adestramento mediante simulacros.
- Desenvolverlles información sobre o desenvolvemento dos simulacros, co fin de efectualos axustes que fosen pertinentes.

## Para transmitir esta información empregaremos as seguintes canles e accións

- Reunións de claustro para informar sobre os contidos do Plan e sobre o seu desenvolvemento.
- Proporcionar a cada adulto que traballa no centro unha copia coas funcións que lle afectan en función do equipo no que estea integrado.
- Colocación das responsabilidades de equipos e coordinadores nas portas das aulas que corresponda.
- Facilitar suficientes copias do Plan de autoprotección para o seu estudo.
- Os docentes explicaranlle au alumnado o Plan de evacuación en caso de emerxencia.

## Outras consideracións

En cada local do centro colocaranse carteis indicando a dirección da saída e o punto de encontro correspondente a cada grupo. Colocaranse tamén as normas fundamentais a ter en conta.

O profesorado esforzarase en que todo o alumnado coñeza a vía de evacuación e o punto de encontro que lle corresponde, así como as normas básicas para que se respecten de forma absoluta.

Todos os membros da comunidade educativa deben coñecer o Plan de emerxencia.

Ao longo do curso realizarase 1 simulacro de evacuación como mínimo. Farase avisando previamente. Iso non quere dicir que algún poida facerse sen aviso previo.

## 6.12. Mantemento e actualización do plan

Programa de exercicios e simulacros

O obxectivo do simulacro é:

- Formar ao persoal e alumnado, así como a adoptar condutas correctas ante situacións de emerxencia.
- Detectar posibles fallos en sistemas e comportamentos persoais.
- Detectar fallos na planificación da evacuación.
- Avaliar a capacidade de resposta.

### Principais consideracións xerais nun simulacro de evacuación

- O simulacro permitirá familiarizar ao colectivo escolar cunha actuación a desenvolver nunha situación real que non lle sorprenda totalmente.
- O simulacro posibilitará poder usar adecuadamente todos os medios dispoñibles para aminorar a magnitude dun imprevisto, con independencia da cantidade de medios.
- O simulacro servirá para detectar as principais insuficiencias no edificio e definir as medidas correctoras oportunas a efectos de evacuación e actuación en caso de emerxencia.
- A realización do simulacro non pretende conseguir resultados inmediatos, senón un adestramento, a corrección de hábitos por parte dos ocupantes do centro e a súa acomodación ás características físicas e ambientais do edificio.

## Principais características dun simulacro de evacuación

- O tempo máximo para a evacuación de cada planta deberá ser de 3 minutos.
- O tempo máximo para a evacuación do edificio deberá ser de 10 minutos.
- A duración máximo dun simulacro de evacuación deberá ser de 30 minutos (a interrupción das actividades escolares non debería ser superior a este tempo).
- O simulacro deberá realizarse na situación de máxima ocupación do centro, en actividade escolar, co mobiliario na súa disposición habitual, sen aviso previo para o alumnado, o profesorado só recibirá as instrucións oportunas a efectos de planificación do simulacro, pero sen saber o día e a hora do mesmo. O día e a hora fixarao a dirección do centro, segundo o seu propio criterio e responsabilidade.
- O simulacro realizarase preferentemente con axuda exterior (bombeiros, Policía Local, Sanitarios,…). Ante a posibilidade dunha evacuación, a dirección do centro informará ás familias do alumnado acerca do exercicio que se pretende realizar, con obxecto de evitar alarmas ou efectos de pánico, sen precisar o día, nin a hora da realización da actividade. No seu caso, a dirección do centro comunicará por escrito ás familias a realización do simulacro, por se existira algunha obxección para impedir a participación dos fillos e fillas e, indirectamente, obter o seu consentimento.
- Unha vez finalizado o simulacro, a persoa que exerza a coordinación xeral elaborará un informe no que se recollerán os principais aspectos do mesmo, así como as deficiencias detectadas. As conclusións do devandito informe remitiranse ás autoridades competentes.

## Revisión e actualización do Plan de Autoprotección

O Plan de Autoprotección terá unha vixencia anual. Antes da posta en marcha do curso escolar, o Equipo de Autoprotección do centro analizará o Plan, a fin de renovar a súa vixencia por un ano máis ou, no seu defecto, levar a cabo as modificacións que se consideren oportuna. Planificaranse as actuacións de divulgación que se consideren necesarias en función dos cambios realizados no Plan.

- Deberá revisarse o Plan sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:
- Modificación da lexislación ou regulamentación de orde interno que obrigue a isto.
- Modificacións substanciais na configuración do edificio ou nas actividades.
- Deficiencias observadas no plan a partir da realización de simulacros ou ben con motivo de emerxencias reais.

## 6.13. Medidas de prevención

### Programa de auditorías e inspeccións

Deberase elaborar un calendario de inspeccións e auditorías que recollan os seguintes elementos:

1. Avisador de alarma (cando se utiliza o timbre de entrada/saída).
2. Estado das vías de evacuación.
3. Botiquín (semanal).
4. Estado das portas de evacuación (semanal).
5. Estado das luces de emerxencia (semestral)
6. Estado da sinalización.
7. Estado dos medios de extinción (semestral)
8. Relación de director/a de medios externos (semestral)

### Normas e protocolos persoas que acceden ou saen do centro

1. Ningunha persoa poderá acceder aos espazos didácticos pedagóxicos, incluídos corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización.
2. Tampouco se permite a utilización dos espazos do recinto escolar a ningunha persoa ou grupo de persoas que non estean debidamente autorizadas.
3. Pasados uns dez minutos,pecharanse as cancelas exteriores.

4. O alumnado só poderá abandonar o Centro en horario escolar con permiso do Director/a ou do Xefe/a de Estudos, comunicado previamente pola titora ou titor do alumno/a, quedando constancia escrita da persoa que retira ao neno ou nena, que ten que ser obrigatoriamente o pai, a nai, titor/a legal do alumno/a debidamente autorizado documentalmente.

### Outras medidas a ter en conta

1. En caso de accidentes graves do alumnado avisarase aos servizos de emerxencia e a familia.
2. En casos de malos tratos infantís por parte de adultos, a dirección do Centro está obrigada a poñer en coñecemento tales feitos perante as autoridades competentes.
3. A dirección do centro porá os medios para que a saída e entrada aos autobuses escolares non supoñan ningún risco para o alumnado.
4. Todas as persoas relacionadas co centro deben coñecer o plan de autoprotección escolar.
5. Farase como mínimo un simulacro anual.

## 6.14. Protocolo de asistencia sanitaria

Un accidente máis ou menos grave, pode acontecer en calquera momento, tanto no domicilio, transporte ou no mesmo Centro Escolar. Por iso, debemos estar preparados e actuar coa maior dilixencia posible. Ante situacións así, actuaremos da seguinte forma:

1. Accidente "moi grave" (cando non se pode mover o accidentado)
   - AVISO INMEDIATO AOS SERVIZOS DE EMERXENCIA (112/061) E Á FAMILIA
2. Accidente "grave" (o traslado do accidentado non reviste gravidade)
   - AVISO INMEDIATO Á FAMILIA PARA QUE TOME A DECISIÓN OPORTUNA.
3. Accidente "leve" (non reviste gravidade)
   - AVISO Á FAMILIA. ESPERAR A CHEGADA DO/A FAMILIAR.

4. Pequenas lesións
   - ATENCIÓN NO PROPIO CENTRO. AVISO Á FAMILIA, SE PROCEDE.

## 6.15. Avaliacións e simulacros

Para a avaliación de simulacros comprobaremos as seguintes variables:

1. Se se respectou o plan de tamén se a coordinación e colaboración de todos/as foi satisfactoria.
2. Tempos reais de evacuación obtidos para o conxunto do edificio e para cada unha das súas plantas, número total de persoas evacuadas e a súa distribución por plantas.
3. Comportamento colectivo do alumnado.
4. Grao de suficiencia das vías de evacuación.
5. Identificación das zonas de estrangulamento dos fluxos de evacuación.
6. Funcionamento do sistema de alarma, alumeado e escaleiras.
7. Identificación daqueles elementos do edificio que obstaculicen as vías de evacuación.
8. Incidentes non previstos: accidentes de persoas, deterioro no edificio, no mobiliario,…
9. Finalmente deberanse extraer as conclusións que se deriven da experiencia, a efectos de futuras prácticas de evacuación.

## 6.16. Información e protocolos

### Teléfonos de emerxencias

- SOS Galicia 112
- Protección Civil 981 543 105
- Policía Autonómica 981 546 474
- Ambulancias 981 227 100
- Policía Local 981 542 323

- Garda Civil 981 581 611
- Hospital Clínico 981 950 000

## Protocolo de chamada de emerxencia

1. Nome do Centro
2. Descrición do suceso
3. Localización e accesos
4. Número de ocupantes
5. Existencia de vítimas
6. Medios de seguridade propios
7. Medidas xa adoptadas
8. Tipo de axuda solicitada

## Protocolo de incendios

As pautas de actuación no caso de incendio pódense resumir en:

| | |
|---|---|
| Rescate | Debemos rescatar ás persoas en grave perigo |
| Alarma | Debemos avisar ao Xefe de Emerxencia para que poña en marcha os mecanismos oportunos |
| Compartimentación | Pechar as portas e ventás para retrasar a propagación do incendio |
| Extinción | Unha vez levadas a cabo as actuacións anteriores |

Certifícase a aprobación desta PXA por parte do Concello Escolar o día 19 de outubro de 2023.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2023